Todos estes aspectos teñen a súa influencia sobre o funcionamento interno da axencia local de emprego, que non cumpre cos obxectivos previstos pola falta dalgún programa non concedido ou non solicitado, ou que pon en funcionamento o programa cunha serie de recursos moi limitados e coa consecuente inseguridade na tramitación municipal dos expedientes. A seguinte cita dános unha idea das dificultades de conxugar as necesidades da actividade da ADL cos procedementos administrativos: «[...] cando nos conceden un programa de emprego no que temos que contratar persoas desempregadas, temos que facer a oferta pública de emprego conforme ás directrices municipais establecidas; resúltanos moi dificultoso axeitar a rapidez necesaria dos programas (concedéndonos unha axuda para aplicala xa) coa lentitude do Concello [...]».

Aquí, o político asignado á área de traballo da ADL —promoción económica, comercio, emprego, desenvolvemento local e económico, e un longo etcétera de nomes— xoga un papel clave, xa que é o responsable directo de enlazar o traballo da ADL co resto do Concello. Este enlace pode ter varias vertentes, desde a básica de dar a coñecer o traballo que desenvolve a axencia, ou mesmo os resultados do traballo desenvolvido nos últimos anos e, daquela, sentar así as bases do traballo para o futuro, ata a de establecer pautas de funcionamento coordinado e facilitador da tarefa. A importancia do político na actividade da ADL queda de manifesto na seguinte cita: «[...] eu tiven moita sorte co meu concelleiro, porque me apoia e me defende ante o resto do Concello, ata me acompaña para determinadas xestións, pero coñezo outras AEDL que o pasaron bastante mal porque non tiveron ese apoio [...]».

Redunda, xa que logo, nunha limitación da calidade dos efectos observados dos programas de emprego aplicados. Todo programa de emprego desenvolvido por unha ADL segue un proceso de xestión que debe cumprir as funcións básicas do mesmo, tales como planificar, organizar, executar, coordinar e controlar. Calquera desviación nestas funcións repercutirá nos efectos citados, efectos que terán a súa repercusión de maneira (in-)directa sobre o municipio e sobre os seus cidadáns.

## 6. A MODO DE CONCLUSIÓN FINAL

Baseándonos en todo o exposto anteriormente, podemos afirmar que o modelo actual de desenvolvemento local mostra en gran medida a falta dunhas directrices claras no referente ao seu funcionamento interno, aspecto este que queda totalmente nas mans da vontade, da intencionalidade e da implicación da Corporación local. Todas estas características materialízanse en criterios case exclusivamente personalistas do técnico AEDL e, xa que logo, dan lugar a un aproveitamento «limitado» dos recursos investidos na aplicación das políticas activas de emprego.

Outro aspecto que cómpre destacar nesta conclusión é a eficiencia real dos programas de emprego, aspecto que non se pode ver prejudicado pola falta de conexión entre os criterios de funcionamento internos da axencia e os procedementos administrativos seguidos pola Corporación local. A evolución lóxica do traballo dunha axencia local de emprego debe estar orientada cara á excelencia do servizo ofertado, o que esixe un deseño claro, estruturado e detallado dos pasos que é preciso seguir para o cumprimento dos obxectivos establecidos para ela.

## Notas

---

1 Este artigo baséase nos resultados obtidos nun proxecto de investigación en curso no Departamento de Socioloxía e Antropoloxía Social da Universitat de València, que pretende analizar o papel clave que desenvolven as ADL na aplicación das políticas activas de emprego, na tipoloxía e evolución dos programas de emprego desenvolvidos, así coma na importancia da medición dos efectos reais das mesmas.

2 Neste artigo utilizouse o traballo de campo realizado para a investigación «Agents de Desenvolupament Local i Polítiques Actives d'Ocupació: L'estudi del cas de La Ribera Alta (2006-2007)», baseado en entrevistas cualitativas á totalidade de ADL da comarca valenciana de La Ribera Alta —dezasete en dependencia municipal e unha comarcal—. A análise destas entrevistas permitiu, entre outros aspectos, analizar en profundidade a actividade desenvolvida polos AEDL, así como coñecer as principais dificultades coas que se atopaban no exercicio do seu traballo.

<b>CADRO 1</b>			
	<b>ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	<b>AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL</b>	<b>EMPRESA PRIVADA</b>
GRAO DE IMPLICACIÓN COA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA	baixa	alta	alta
GRAO DE EFICIENCIA DOS RECURSOS UTILIZADOS	baixa	media-alta	alta
GRAO DE CUMPRIMENTO COA TAREFA REALIZADA	media-baixa	alta	alta
AXILIDADE NAS TRAMITACIÓNS	baixa	alta	alta
FLEXIBILIDADE FUNCIONAL	baixa	alta	alta
NECESIDADE DE FLEXIBILIDADE HORARIA DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	baixa	alta	alta
GRAO DE NECESIDADE DUN EQUIPO ESTABLE DE TRABALLO	baixa	alta	alta
NIVEL NECESARIO DE CONCRECIÓN E MATERIALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS	baixa	alta	alta
EXISTENCIA DE UN CONTORNO CAMBIANTE	baixa	alta	alta
CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN ANTE OS CAMBIOS	baixa	alta	alta
IMPORTANCIA DOS PRAZOS	baixa	alta	alta
EXISTENCIA DUNHA AXENDA DE TRABALLO	baixa	alta	alta

**Fonte:** Elaboración propia

## BIBLIOGRAFÍA

- ALBURQUERQUE, F. 2002. *Desarrollo económico territorial. Guía para agentes, Instituto de Desarrollo Regional*. Sevilla: Fundación Universitaria.
- CACHÓN, L. 1999. «Sobre desarrollo local y nuevos yacimientos de empleo». *Política y Sociedad*, núm. 31. Madrid.
- COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS. 1993. *Libro blanco sobre el crecimiento, competitividad y empleo*. Bruselas, COM (93) 700 final.
- DEPUTACIÓN DE ALICANTE. 2000. *Manual para la creación y funcionamiento de una Agencia de Desarrollo Local*. Alacante: Servizo de publicacións da Deputación.
- RODRÍGUEZ, F. (coord.). 1999. *Manual de Desarrollo Local*. Oviedo: CeCodet.
- SANCHÍS, J. R. 2000. *Manual para agentes de inserción socio-laboral*. Valencia: UNED.
- 2002. *Manual para agentes de inserción socio-laboral: desarrollo local y creación de empresas*. Valencia: UNED.
- VÁZQUEZ BARQUERO, A. 1988. *Desarrollo local: una estrategia de creación de empleo*. Madrid: Pirámide.
- VACHÓN, B. 2001. *El desarrollo territorial. Teoría y práctica*. Oviedo: CeCodet.
- VV. AA. 1991. *Manual de desarrollo económico local*. Madrid: FEMP.

# O uso da metodoloxía cualitativa como técnica de investigación social e como ferramenta de avaliación da acción dos gobernantes e a satisfacción dos cidadáns



**&** *Resumo/Abstract: O presente artigo analiza e defende a utilidade da metodoloxía cualitativa na investigación social como vía para avaliar os resultados das accións de goberno e a maneira en que estas son percibidas polos cidadáns. Trátase de demostrar que os enfoques cuantitativos tradicionais e maioritarios mostran importantes carencias que cómpre corrixir se queremos obter un coñecemento do obxecto de estudo máis completo e diverso que nos permita xerar coñecemento para a acción. A metodoloxía cualitativa móstrase como unha ferramenta moi útil para a xestión pública e para a análise das diferentes etapas das políticas públicas, en especial no que respecta ás fases de definición de problema, implementación e avaliación, polo que se defende unha utilización adecuada e máis frecuente de devandita metodoloxía.&*

**&** *Palabras clave: metodoloxía, metodoloxía cualitativa, técnicas cualitativas, políticas públicas, avaliación*



## 1. INTRODUCCIÓN

A metodoloxía cualitativa como paradigma de investigación goza na actualidade dunha ampla tradición e recoñecemento, sendo as ciencias sociais o eido no que o uso desta metodoloxía se manifesta máis frutífero e gratificante para o investigador e, en moitos casos, tamén para o público participante, xa que estes enfoques metodolóxicos implican unha maior interacción investigador-investigado e non resultan tan «fríos» como os métodos cuantitativos baseados principalmente en enquisas. Os enfoques cualitativos permiten ter acceso a esferas e espazos de información que antes permanecían ocultos e, ademais, facilitan a obtención de resultados útiles para a acción.

As técnicas cualitativas que configuran a metodoloxía cualitativa —e que algúns autores, como sería o caso de Ortí<sup>1</sup> e Beltrán<sup>2</sup>, prefiren denominar *técnicas de análises de discurso* ou *metodoloxía estrutural*— proveñen principalmente do campo da psicanálise e a psicoloxía clínica e dos estudos de mercado. Estas técnicas atoparon nas ciencias sociais un campo fértil para a súa aplicación e expansión, dado que é nesta área onde este tipo de enfoques de investigación atopa un maior acomodo, posto que se adaptan mellor á complexidade das relacións sociais que se pretende estudar, fronte aos enfoques cuantitativos provenientes do paradigma *empirista* ou *físico-natural* tradicional, que teñen maiores dificultades para interpretar e explicar determinadas realidades sociais.

O modelo empirista tradicional, baseado nas ciencias naturais, como a física ou a química, encontra limitacións de aplicación nas ciencias sociais ao non poder aplicar a súa metodoloxía nas condicións óptimas de laboratorio para as que fora deseñado. A complexidade das relacións sociais con múltiples variables que cómpre controlar, a necesidade de captar e recoller información sobre crenzas, sensacións, cultura, prexuízos, pautas de comportamento... a imposibilidade de repetir unha investigación en circunstancias semellantes, a dificultade de establecer grupos de control ou os problemas éticos ou legais nos que podemos incurrir para establecer os devanditos grupos cando tal tarefa é posible, fai que sexa moi difícil traballar con deseños *experimentais* ou *case-experimentais* en certos eidos da ciencias sociais, tal como sinalan Alvira<sup>3</sup>, Stufflebeam e Shinkfield<sup>4</sup> ou Patton<sup>5</sup>.

Segundo Flick<sup>6</sup>, estas dificultades motivaron que se fixese patente ben axiña que o enfoque racionalista —tamén chamado *empirista*, *positivista*, *cuantitativo*— imperante a partir da Ilustración non era suficiente para entender, explicar e predicir os complexos problemas das novas sociedades que se ían conformando. Como se pode observar na táboa adxunta<sup>7</sup>, os dous paradigmas presentaban diferenzas importantes, e os enfoques empíricos centrados nun modelo de relacións causa-efecto non servían para as situacións complexas nas que se requiría valorar non só feitos, senón as súas causas e consecuencias, o que supoñía un incremento da complexidade ao producirse un número suficientemente amplo de variables que facía moi difícil ou imposible introducir todas esas variables contextuais dentro destes modelos de análises.

Así mesmo, e dada esa complexidade, requiríase un alto grao de abstracción metodolóxica para reintroducir os achados nos procesos cotiáns da toma de decisións e, asemade, abordar a dificultade que supoñía proverse de *inputs informativos* adecuados e abondos que fosen compatibles coas dificultades que entrañaba o procesamento estatístico de toda esa información. Ante esas dificultades, os deseños de investigación cualitativos abertos —denominados tamén *modelos interaccionistas* ou *fenomenolóxicos*— pareceron ser a mellor alterna-

tiva á situación de insuficiencia dos enfoques empiristas tradicionais para dar cabida e abranger a complexidade dos obxectos de estudo.

Deste modo, as características do obxecto de estudo e dos obxectivos da investigación foron condicionando e determinando o método de investigación que cumpría utilizar, e isto fixo que, en múltiples casos, o investigador se vise abocado a acudir á metodoloxía cualitativa co obxectivo de lograr uns niveis cognitivos adecuados da realidade social que pretendía investigar.

Baixo estes enfoques cualitativos máis abertos, o obxecto de estudo é o factor determinante para a elección do método que se debe aplicar, onde os obxectos que se investigarán non se reducen a un conxunto limitado de variables individuais determinadas, como ocorre nos laboratorios, senón que se estudan na súa totalidade, incorporando a complexidade dos contextos cotiáns nos que os fenómenos teñen lugar.

## **2. A EVOLUCIÓN DOS ENFOQUES METODOLÓXICOS NA INVESTIGACIÓN SOCIAL**

Estes enfoques cualitativos —ou enfoques abertos— foron amplamente utilizados nos estudos de psicoloxía a principios do século XX e, a partir dos anos 30, introdúcese no campo dos estudos de mercado para verificar os comportamentos do consumidor ante determinados produtos, servizos ou prácticas comerciais. No entanto, a partir dos anos 40, ao non presentaren resultados plenamente satisfactorios, produciuse un certo retroceso no uso destas técnicas e volveuse aos enfoques máis tradicionais, experimentais ou case-experimentais, estandarizados e cuantitativos, de forma que houbo que agardar ata a década dos anos 70 e 80 para que os enfoques cualitativos, máis abertos e plurais, fosen amplamente aceptados, tal como sinalan Cicourel<sup>8</sup>, Vallés<sup>9</sup> e Flick.

Tradicionalmente, a psicoloxía e as ciencias sociais recorreron ao modelo das ciencias naturais co obxectivo de dotar dunha maior exactitude os seus achados, recorrendo a métodos cuantitativos e estandarizados, onde os principios reitores da investigación trataban de «aislar claramente las causas y los efectos, operacionalizar adecuadamente las relaciones teóricas, medir y cuantificar los fenómenos, crear diseños de investigación que permitan la generalización de los hallazgos y formular leyes generales» (Flick, 2004: 16). Procurábase traballar con mostras estatisticamente representativas elixidas de forma aleatoria, cun investigador afastado do obxecto que se investigaba e controlando as condicións nas que se producen os fenómenos e as súas relacións ata onde fose posible.

Este enfoque metodolóxico e as diferentes precaucións tomadas nos deseños e os procesos das investigacións deberían garantir a obxectividade dos estudos e permitirlle ao investigador formular leis xerais que puidesen ser tidas en conta por aquelas persoas que precisasen facer uso deses achados e as súas conclusións. Pero axiña se manifestou un certo desencanto cos resultados obtidos a partir destes deseños metodolóxicos, o que levaría a Weber<sup>10</sup> a proclamar o «desencanto do mundo» como tarefa da ciencia e a Bon e Hartman<sup>11</sup> a falaren do «desencanto crecente das ciencias, os seus métodos e as súas descubertas», ao non facilitaren un coñecemento obxectivo nin permitiren o establecemento de leis de interpretación común. Pois obsérvase que na toma de decisións políticas e institucionais non se teñen en conta os achados científicos e, cando si se fai, incorpóranse de xeito que os devanditos achados son previamente esmiuzados e reinterpretados en función de determinadas variables sociais que non foran incorporadas aos deseños das investigacións, xa que, con demasiada frecuencia, os achados e as respostas das investigacións están moi afastados dos problemas



cotiáns e das preguntas relevantes para os responsables políticos e os xestores. Obtéñense moitos resultados absolutamente inútiles e, en certos casos, o método acaba converténdose nun fin en si mesmo. Tal e como din Beck e Bonß<sup>12</sup>: «La ciencia no produce ya verdades absolutas que se puedan adoptar sin crítica. Proporciona ofertas limitadas para la interpretación, que llegan más allá de las teorías cotidianas, pero se pueden utilizar en la práctica de modo comparativamente flexible» (Citados por Flick, 2004: 18).

Así, malia os diferentes controis metodolóxicos introducidos nos deseños avaliativos, os ideais de obxectividade seguen sen alcanzarse, xa que os intereses dos investigadores, a súa cultura, ou determinados aspectos sociais relacionados con eles inflúen tanto na formulación das preguntas e enunciado das hipóteses como na interpretación dos datos e as relacións observadas. Pois tal como sinala Beltrán citando a Horkheimer, parece que unha ciencia social positivista e *value-free* é imposible, posto que «los fines ya no se determinan a la luz de la razón [...] nuestras metas, sean cuales fueren, dependen de predilecciones y aversiones que de por sí carecen de sentido», (Beltrán, 1988: 38). Como nos recorda Ortí, «toda investigación sociológica de carácter general no es más que una forma de aproximación empírica — más o menos pertinente y controlada— a aspectos de una realidad social que la desborda por todas partes» (Ortí, 1988: 192).

Vemos, xa que logo, que os enfoques e deseños na investigación social pasaron por diferentes etapas, partindo de enfoques máis historicistas e comparativos iniciais (Beltrán, 1988)<sup>13</sup> a outros máis racionais e sofisticados, coma os que atopamos actualmente. Dentro destas diferentes etapas, a investigación cualitativa xogou un papel máis ou menos relevante segundo o momento histórico de que se trate, pero, de forma xeral, a súa presenza nos deseños de investigación foi en aumento, especialmente nos últimos 25 anos.

## 2.1. As principais etapas da investigación cualitativa nas ciencias sociais

Uwe Flick, a partir de Denzin e Lincoln<sup>14</sup>, caracterizou as principais etapas históricas da metodoloxía cualitativa no ámbito da investigación social. Así, seguindo a Flick, poderíase falar de: a) un *primeiro período* «tradicional», que iría desde os inicios do século XX ata a segunda guerra mundial, baseado nos estudos sociolóxicos da Escola de Chicago e na investigación en etnografía de Malinowsky. Neste período, o obxecto de estudo era xeralmente o *outro*, o *estraño* ou *estranxeiro*; b) un *segundo período* «modernista», que abarcaría desde a segunda guerra mundial ata 1970, caracterizado por un intento de formalización destas técnicas de investigación, o que daría lugar a moitas publicacións e manuais centrados na súa aplicación; c) o *terceiro período*, denominado de confusión «*de xéneros*», que abarcaría ata mediados dos anos 80 e durante o cal o investigador se atopa ante si cunha diversidade de modelos teóricos (o interaccionismo simbólico, a etnometodoloxía, a fenomenoloxía, a semiótica...) entre os que debe escoller, ou que debe combinar ou comparar; d) a *cuarta etapa* iniciárase a mediados dos anos 80, época na que xorde un enfoque máis discursivo, no que se expoñen as formas de presentar o coñecemento como coñecemento en si mesmo. Afírmase que *o investigador que interpreta e presenta unha entrevista como parte dos seus achados produce unha versión do todo*, posto que a versión que alguén presenta dunha entrevista nun momento determinado non se corresponde coa que presentaría nun espazo temporal distinto, de forma que a investigación cualitativa se converte así nun *proceso continuo de construción de versións da realidade*; e) un *quinto momento* sería aquel no que, segundo Denzin e Lincoln, as narracións substituíron as teorías ou as teorías se len como narracións, onde as

narracións encaixan en determinados ámbitos culturais ou históricos, locais e delimitados; f) a situación actual —*sexto momento*— estaría caracterizada pola escritura postexperimental, que vincula os problemas e enfoques da investigación cualitativa cos procesos democráticos de toma de decisións e coas principais preocupacións cotiás. Trataríase de non tomar os fins como dados, a semellanza das formulacións positivistas-rationais, e de «recuperar los fines para el ámbito de la racionalidad y de la ciencia» (Beltrán, 1988: 28). E g) o *sétimo momento* sería o futuro da investigación cualitativa, o que está por vir, o que Beltrán chama a *terceira cultura* ou o recurso á *complementariedade por deficiencia*, tal como propón Ortí. A partir das etapas delimitadas por Flick, vemos como, aínda sendo preponderante sempre o enfoque cuantitativista, en cada unha delas foi reafirmándose cada vez máis este tipo de enfoques metodolóxicos cualitativos máis abertos, ata chegar a unha situación actual de ampla aceptación por unha boa parte da comunidade científica e investigadora.

A superación do momento actual e o paso ao que Beltrán denomina a *terceira cultura* seica dependerá tanto de que se faga un uso adecuado da metodoloxía cualitativa para dotala de maior credibilidade e validez como da permeabilidade da comunidade científica máis tradicional e cuantitativista para aceptar outros enfoques e outras perspectivas metodolóxicas, como sería o caso da metodoloxía cualitativa.

### 3. O PREDOMINIO HISTÓRICO DOS ENFOQUES CUANTITATIVOS NOS DESEÑOS DE INVESTIGACIÓN

Baixo a perspectiva cuantitativa tradicional, a metodoloxía cualitativa tende a ser minusvalorada e a non ser considerada como científica. Dise que o cualitativo pertence ao universo do «opinático» ou opinable e, polo tanto, carece da capacidade predictiva necesaria. Rice<sup>15</sup> dinos que «[...] os datos obtidos dunha entrevista representan con tanta probabilidade as ideas preconcebidas do entrevistador coma as actitudes do suxeito entrevistado» (Rice, 1931: 661). O predominio dos enfoques cuantitativos foi e segue a ser manifesto. En xeral, vemos como aos estudos e investigacións desenvolvidos baixo enfoques cuantitativos se lles tende a dar unha aparencia de certeza e de cientifismo dos que non gozan os enfoques cualitativos. Algúns autores entenden que hai unha soa forma de facer ciencia, un só método de adquirir coñecemento, e para eses autores ese método non pode ser outro que o método científico tradicional.

Así, estes enfoques cuantitativos parecen non precisar de ningún tipo de xustificación metodolóxica, xa que a veracidade estaría implícita no método utilizado, concedéndolle, de forma implícita, unha importancia excesiva ao método fronte aos achados e á utilidade dos mesmos, e esquecendo ás veces os contextos nos que é recollida e xerada a información que se obtén e coa que se traballa para extraer eses resultados. De tal forma que a maior parte dos investigadores que utilizan estes enfoques cuantitativos non se deteñen a xustificar a metodoloxía utilizada, nin a expoñer algúns dos problemas tradicionais e de difícil resolución dos estudos cuantitativos, como podería ser o caso da *falacia ecolóxica*, senón que simplemente se limitan a enumerar as técnicas utilizadas e a facilitar algunha información técnica sobre a recollida e procesamento da información obtida. Tal como sinala Íñiguez<sup>16</sup>, parece que todos os datos producidos de forma cuantitativa tivesen que ser certos polo simple feito de que foron xerados mediante ese método: «Toda produción cuantitativa de datos tiene un valor de verdad solo por haber sido obtenidos mediante formas o procedimientos muy elaborados y analizados con las más sofisticadas y complejas técnicas de análisis» (Íñiguez, 1999: 498); e, na mesma liña, Beltrán di que «Parece como si, una vez ordenados los datos

en una matriz, sufrieran un dobre proceso de abstracción y purificación que los convirtiera, sin más, en científicos, o como si una vez formalizadas las relaciones entre variables en un grafo se convirtieran en relaciones indiscutibles» (Beltrán, 1988: 18). Esta supremacía está presente nos diversos ámbitos científicos e foi verificada a través de informes bibliométricos, que nos indican un claro predominio de publicacións en revistas científicas de traballos nos que foron utilizados deseños de investigación cuantitativos fronte a aquelas investigacións baseadas nos deseños cualitativos e que é máis difícil que cheguen a publicarse.

Malia o exposto anteriormente, parece que esa drástica separación dicotómica e o descoñecemento mutuo entre ambos os métodos tenden a reducirse. Tal como sinala Íñiguez: «El uso de métodos y técnicas cualitativas ha recibido muchas críticas, centradas fundamentalmente en su falta de objetividad, la imposibilidad de reproducción de sus resultados y su escasa validez. [...] El cambio visible se podría decir que se ha producido en las últimas dos décadas, haciendo que cada día la apuesta cualitativa sea más relevante, pero los métodos cuantitativos siguen siendo los dominantes y los que se transmiten en las universidades a los futuros investigadores» (Íñiguez, 1999: 496).

Poderíase dicir, daquela, que a partir dos anos 80 se produce un cambio importante e a convivencia e complementariedade de ambos os enfoques se adiviña como a vía máis axeitada para abranguer a complexidade dos obxectos de estudo. Este cambio por parte dos investigadores e da comunidade científica fronte á metodoloxía cuantitativa —que parece ser máis ben un cambio de actitude que de tendencia, pois, tal como expuxemos anteriormente, a supremacía dos enfoques cuantitativos segue a ser importante e indiscutible en certos ámbitos de estudo— estivo propiciado por diferentes aspectos que empuxan na mesma dirección, como serían: a crecente complexidade dos obxectos de estudo; a evolución e o perfeccionamento da propia metodoloxía cualitativa; as crecentes críticas aos enfoques cuantitativos, que tentan demostrar ata que punto é frecuente a obtención de resultados completamente inútiles para a acción e a toma de decisións, xa que están apartados da realidade e do contexto no que cómpre interpretalos e aplicalos. Doutra banda, téndese a salientar o feito de que os datos, antes de seren números, foron linguaxe; é dicir, o cuantitativo xorde a partir do cualitativo, pero a linguaxe non é neutra e as cargas *connotativas* da linguaxe incorpóranse ou «cóanse» indefectiblemente nos estudos cuantitativos. Se a isto engadimos que algunhas das técnicas cualitativas máis utilizadas incorporan tamén elementos cuantitativos e de consenso, parecería logo que actualmente as diferenzas entre os dous enfoques non son tan drásticas nin reais como se supoñía outrora, que a complementariedade de ambos os métodos resulta cada día máis evidente e necesaria e que a separación dicotómica comeza a esvaecerse.

#### **4. ALGUNHAS DAS LIMITACIÓNS DOS ENFOQUES CUANTITATIVOS Á HORA DE INVESTIGAR A REALIDADE SOCIAL**

O método cuantitativo parte de expresar as relacións entre fenómenos de forma matemática e cuantitativa e a proba ou contraste das hipóteses preséntase en termos de probabilidade fronte ás leis do azar. Esta é a forma de operar das ciencias naturais para a contrastación dunha hipótese ou a explicación dun fenómeno. Tal como sinala Beltrán: «[...] el método cuantitativo [...] versa sobre datos *ad hoc* producidos por el propio investigador; la forma más característica de tal producción es la encuesta, en la que se acostumbra a interrogar a una muestra de individuos estadísticamente representativa de la población que interesa estudiar, pidiéndoles respuesta, por lo general de entre un repertorio cerrado, a una serie de preguntas

acerca de sus actitudes y opiniones sobre determinadas cuestiones, así como acerca de ciertos atributos, variables, y conocimientos y actuaciones que les corresponden, conciernen, o han llevado a cabo previamente». (Beltrán, 1988: 39). Mais estes enfoques estarían mostrando unha fe absoluta no procedemento e no seu grao de *sofisticación estatística*, indistintamente da aplicabilidade dos seus resultados á solución dos problemas sociais; así, Íñiguez, referíndose a este enfoque metodolóxico, di que: «Una mirada no ya crítica, sino únicamente serena, muestra que muy frecuentemente alcanza resultados de la más asombrosa inutilidad». (Íñiguez, 1999: 498). Adúcese que non sempre os problemas relacionados con cantidades teñen unha explicación cuantitativa, como sería o caso da demografía —un aspecto claramente cuantitativo— e as causas polas cales as mulleres deciden ter ou non ter fillos, aspecto este claramente cualitativo e que require unha explicación sociolóxica máis complexa e, por conseguinte, menos abarcable polos enfoques cuantitativos tradicionais, pois aínda que todo o cuantitativo é empírico, non todo o empírico é cuantitativo, senón que hai certas realidades —ou certas partes da realidade— que precisan ser abordadas por enfoques metodolóxicos máis plurais para obter un adecuado nivel cognitivo dos seus aspectos máis relevantes.

Para Beltrán non existe un só método científico, nin un método é máis científico que outro, tal como sinala este autor: «[...] me parece sumamente problemático que exista algo que pueda ser llamado sin equivocidad el método científico; no sólo porque la filosofía de la ciencia no ha alcanzado un suficiente grado de acuerdo al respecto, sino porque la práctica de la ciencia dista de ser unánime» (Beltrán, 1988: 17); polo que as limitacións do método cuantitativo tradicional e a complexidade dos feitos obxecto de estudo aconsellan máis ben o uso dunha pluralidade de métodos.

## 5. O AFIANZAMENTO E CONSOLIDACIÓN DA METODOLOXÍA CUALITATIVA COMO ALTERNATIVA OU COMPLEMENTO AO ENFOQUE CANTITATIVO TRADICIONAL

Acerca da antinomia cantidade-calidade, Brodbeck<sup>17</sup> puido escribir: «la cuantificación se ha tomado en símbolo de prestigio para muchos científicos sociales [...] Para otros, por el contrario, la cuantificación es anatema [...] Tanto el sueño ilusionado como la pesadilla son reacciones desproporcionadas. La lógica de la situación no justifica ni el exceso de celo ni la repudiación total [...], pues la dicotomía cantidad-cualidad es espuria. La ciencia se refiere al mundo, esto es, a las propiedades y a las relaciones entre las cosas. Una cantidad es “una cantidad de algo”. En concreto, es una cantidad de una “cualidad” [...] Una propiedad cuantitativa es una cualidad a la que se le ha asignado un número» (Brodbeck, 1968, citado en Beltrán, 1988: 40).

Pero o enfoque tradicional das ciencias fisiconaturais nega o obxecto de análise da socioloxía, de forma que o problema non é entre dúas culturas ou dous enfoques distintos, senón o recoñecemento da necesidade dunha pluralidade de enfoques. Pois segundo Beltrán: «no ha de negarse el objeto, sino afirmarse en su excepcional especificidad, ello implica afirmar también una epistemología pluralista que responda a su complejidad, a la variedad de sus facetas», polo que «[...] al pluralismo cognitivo propio de las ciencias sociales [...] corresponde un pluralismo metodológico que diversifica los modos de aproximación, descubrimiento y justificación en atención a la faceta o dimensión de la realidad social que se estudia» (Beltrán, 1988: 18). De xeito que non só hai unha importante interacción entre as técnicas cuantitativas e as cualitativas, entre a linguaxe e os números, senón que, como sinala

Ibáñez<sup>18</sup>, a linguaxe precede sempre aos números, pois ademais, os datos primarios son ante todo unha enunciación lingüística (a enquisa non rexistra como datos outros fenómenos que os que ela produce), e incluso os secundarios, producidos en todo caso por medios técnicos que implican determinacións verbais. Nese sentido, cumpriría sinalar, segundo Mayntz *et al.*<sup>19</sup>, que «los atributos o propiedades cualitativas permiten, no obstante, su cuantificación [...] Con suficiente frecuencia la propiedad cualitativa puede representarse como un atributo cuantitativo pluridimensional mediante su división analítica en dimensiones parciales aisladas [...] La diferenciación entre propiedades cuantitativas y cualitativas es, pues, provisional e inexacta». Simplificando a situación, poderíamos convir con Ortí en que os métodos básicos para o estudo da realidade social son: a enquisa estatística, destinada á cuantificación dos feitos, a entrevista aberta e a discusión en grupo, nacidas para a produción e interpretación dos discursos. Dentro deles, os métodos cuantitativos móstranse útiles cando se trata de establecer leis e regras xerais, traballando cun volume importante de datos sobre aspectos susceptibles de seren medibles; namentres que os métodos cualitativos presentan unha maior adecuación e versatilidade naqueles casos en que «los procesos a estudiar implican los significados creados y compartidos por personas, grupos y comunidades» (Íñiguez, 1999: 499), pois tal como di Ortí, hai unha linguaxe que *di cousas*, que *oculta cousas*, que *revela* ou *traizo*a significados, pero non só a linguaxe di cousas, senón que tamén os silencios son significativos, como nos recorda Castelo<sup>20</sup>, pois os silencios, que son obviados e desbotados nas enquisas, son un elemento importante nas entrevistas e os grupos focais para interpretar as reaccións —ou a ausencia de reacción— do participante ante determinados temas propostos polo investigador ou o resto de participantes.

Nos estudos cuantitativos mediante enquisa, segundo Castro<sup>21</sup>, «se da por sentado que el entrevistado racionaliza lo que quiere y siente en la misma forma que el investigador [...] lo que para estos estudios es el supuesto fundamental, para nosotros es el problema a investigar». O que nestes casos anteriores é unha premisa, nos enfoques cualitativos é algo que hai que demostrar. De maneira que a relación suxeito-objeto nestes enfoques se reformula, pois «esta relación puede variar dentro de un *continuum* que va del pleno dominio del sujeto sobre el objeto, en cuyo caso hablamos de conocimiento, hasta una relación de no-dominio, de inseguridad en relación con el mismo objeto, en cuyo caso hablamos de creencias. Naturalmente, tratándose de un *continuum*, no es posible identificar un punto específico a partir del cual los conocimientos se convierten en creencias y viceversa» (Castro e Bronfman, 1995: 64).

A metodoloxía cualitativa é máis aberta e abrangue diferentes aspectos, todos os cales contribúen a facer máis comprensible aquilo que se pretende estudar, tal como expresou Whyte<sup>22</sup> no seu estudo *Street Corner Society*, un dos traballos sobre observación participante máis coñecido e citado: «o que a xente me dixo axudoume a explicar o que sucedera, e o que eu observei axudoume a explicar o que a xente me dixo». Desta forma, durante o estudo reelabóranse as categorías analíticas e prodúcese unha construción social e intersubxectiva dos significados. Ábrese así unha perspectiva de epistemoloxía pluralista configurada pola propia complexidade e heteroxeneidade dos fenómenos sociais, de forma que, tal e como sinalan Ortí e Beltrán, ao pluralismo cognitivo correspóndelle como correlato un pluralismo metodolóxico.

### 5.1. O obxecto de estudo como elemento discriminador que debe guiar o método de investigación aplicable

Poderíase dicir, daquela, que no ámbito das ciencias sociais hai un certo consenso en que debe ser o obxecto de estudo o que determine o tipo de enfoque metodolóxico e o deseño da investigación que cómpre utilizar. Así, baixo estes enfoques cualitativos máis abertos, o obxecto de estudo é o factor determinante para a elección do método aplicable, onde os obxectos que se investigan non se reducen a un conxunto limitado de variables individuais determinadas, como ocorre nos laboratorios, senón que se estudan na súa totalidade e incorporando a complexidade dos contextos cotiáns nos que os fenómenos teñen lugar. A diferenza radical entre os feitos e os discursos determina unha completa diferenciación dos seus enfoques epistemolóxicos e das súas aproximacións metodolóxicas, dando lugar a unha metodoloxía pluralista configurada pola propia complexidade e heteroxeneidade dos fenómenos sociais. Os métodos poden estar *orientados ao obxecto* (desenvólvense ou modifícanse en función do obxecto) e *orientados ao proceso* (reoriéntanse en función do proceso para comprender mellor o obxecto de investigación). Tal como sinala Íñiguez, non convén ser escravo dun método, senón que a metodoloxía que se utilice debe facerse depender dunha fundamentación teórica, deixando que sexa o obxecto de análise e os obxectivos perseguidos os que o acaben orientando/determinando.

## 6. AS TÉCNICAS CUALITATIVAS MÁIS COMUNMENTE UTILIZADAS E AS FORMAS DE AGRUPALAS

As técnicas cualitativas utilizadas na investigación social son moi amplas e variadas, pois aínda que existe un conxunto de técnicas comunmente aceptadas, cada unha delas pode ser subdivida, pola súa banda, en función das variantes na súa aplicación, dando lugar a unha serie de subtécnicas segundo os requisitos da investigación e as preferencias do investigador; o que nos leva a que unha técnica amplamente utilizada —como sería o caso da entrevista en profundidade— poida adoptar diferentes formatos e, asemade, eses mesmos formatos poidan ser denominados de forma diferente polos distintos autores das investigacións. Porén, aínda que as denominacións e técnicas das que se dispón son amplas, non todas se utilizan coa mesma frecuencia nin mostran o mesmo grao de adecuación para investigar as distintas realidades sociais, de forma que hai un conxunto de técnicas que se usan con maior frecuencia que outras.

Á hora de clasificar ou agrupar estas técnicas, seguindo a Muntaner e Gómez<sup>23</sup>, Cerda e Ortí, diríamos que os dous criterios máis comúns que atopamos son o criterio que fai referencia a que as técnicas se apliquen de forma individual ou en grupo e o criterio que se refire ao uso que estas técnicas fagan de elementos cuantitativos e de consenso ou a exclusión de forma expresa dos mesmos. Así, seguindo o primeiro criterio, teríamos as técnicas aplicadas en grupo, como son: a *técnica Delphi*, o *grupo focal* ou *grupo de discusión*, o *grupo nominal*, a técnica de *brainstorming* e a técnica do *metaplán*. E, á vez, as técnicas de aplicación individual serían, basicamente: a *entrevista individual* —nas súas diferentes modalidades: estandarizada, estruturada, semiestructurada, focalizada, semidirixida, semidirectiva, etc.—, o *estudo de caso*, a *historia de vida*, a *observación directa* e a *observación participante*.

Namentres que, se pomos a énfase no uso de elementos cuantitativos e de consenso por parte das técnicas utilizadas ou a exclusión deste recurso, resulta que as técnicas cualitativas

que buscan o consenso e introducen aspectos cuantitativos serían: a técnica Delphi, os grupos nominais, a tormenta de ideas ou brainstorming, a técnica do metaplán, o grupo Philips 6/6 e as conferencias de consenso; as técnicas de aplicación individual e o grupo focal ou grupo de discusión serían aquelas técnicas que non buscan a xeración de consenso.

<b>AGRUPACIÓN DAS TÉCNICAS CUALITATIVAS MÁIS UTILIZADAS</b>		
	<b>Aplicación individual</b>	<b>Aplicación en grupo</b>
Procura de consenso e uso de elementos cuantitativos		<ul style="list-style-type: none"> <li>- a técnica Delphi</li> <li>- o grupo nominal</li> <li>- o <i>brainstorming</i></li> <li>- a técnica do metaplán</li> <li>- o grupo Philips 6/6</li> <li>- a conferencia de consenso</li> </ul>
Sen busca de consenso nin uso de elementos cuantitativos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- a entrevista individual</li> <li>- o estudo de caso</li> <li>- a historia de vida</li> <li>- a observación directa</li> <li>- a observación participante</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- o grupo focal ou grupo de discusión</li> </ul>

**Fonte:** Elaboración propia

Deste conxunto de técnicas, as entrevistas en profundidade e os grupos focais son, sen ningunha dúbida, as técnicas cualitativas máis utilizadas na investigación social, seguidas a distancia pola técnica Delphi e o grupo nominal.

## **7. AS PRINCIPAIS TÉCNICAS CUALITATIVAS UTILIZADAS NA INVESTIGACIÓN SOCIAL**

### **7.1. Entrevistas en profundidade**

Para Callejo<sup>24</sup>, a entrevista en profundidade poderíase definir como: «una conversación ordinaria con algunas características particulares [...] una situación, normalmente entre dos personas, en la que se van turnando en la toma de la palabra, de manera que el entrevistador propone temas y el entrevistado trata de producir respuestas localmente aceptables» (Callejo, 2002: 416). As entrevistas abertas e en profundidade son de tipo biográfico, entrevistas nas que se busca un formato atractivo e axeitado para o entrevistado e nas que o investigador non lle formula interrogantes concretos ao entrevistado, senón que tenta extraer a información relevante para o obxecto de estudo da narración e o discurso do entrevistado tendo en conta as diferentes formas de expresión utilizadas por aquel, pois, segundo Alonso<sup>25</sup>, a información atópase na biografía da persoa entrevistada: «esto implica que la información ha sido experimentada y absorbida por el entrevistado y que será proporcionada con una orientación o interpretación que muchas veces resulta más interesante informativamente que la propia exposición cronológica o sistema de acontecimientos más menos factuales» (Alonso, 1994: 225).

As entrevistas poden estar estruturadas partindo de diferentes graos de dirección e rixidez; xa que logo, podemos falar de entrevistas *abertas e en profundidade*, como as que definiamos anteriormente, ou de entrevistas *semiestruturadas* ou *semiestandarizadas*, nas que o



control e a dirección do entrevistador son moito maiores. En tanto que, segundo Flick, nas entrevistas a expertos admítase unha maior estruturación, dado que, a diferenza das biográficas, «aquí el entrevistado tiene menor interés como persona que en su calidad de experto para cierto campo de actividad», noutros casos poidan non ser recomendables este tipo de entrevistas, o que dependerá tamén do uso que se faga desas técnicas na realización efectiva da entrevista: a elección entre intentar mencionar algúns asuntos dados na guía da entrevista e, ao mesmo tempo, ser abertos á maneira individual do entrevistado de falar sobre estes asuntos e outros pertinentes para el. Así, namentres que as preguntas *semiestruturadas* se consideran máis indicadas para profesionais e técnicos, as abertas serían máis adecuadas para colectivos marxidados, etnicamente diferenciados e con patróns culturais minoritarios.

A *entrevista semiestruturada* ou *semiestandarizada* pode combinar preguntas abertas do tipo «Como se encontra de saúde?», con outras máis estruturadas do tipo «Que opina do trato recibido cando vai ao médico?». É un tipo de entrevista moi utilizado nas ciencias sociais e no ámbito da saúde; cóidase que é máis fácil que o suxeito exprese o seu punto de vista sobre un determinado tema nunha entrevista deseñada desta forma que nunha entrevista estandarizada e con cuestionario. Pódense formular preguntas xerais como «Considera que cando acode á administración se lle atende adecuadamente?» ou «¿Que sería para vostede unha atención adecuada?», ou ben aspectos un pouco máis concretos: «Cantas veces tivo que chamar para que lle collesen o teléfono?». Patton<sup>26</sup> di que se poden preguntar temas como: «those based on behaviour or experience, on opinion or value, on feeling, on knowledge, and sensory experience and those asking about demographic or background details». En calquera caso, tanto o formato como a formulación das preguntas deben estar en función do entrevistado e dos obxectivos do estudo e, posteriormente, débese empregar unha metodoloxía adecuada para extraer a información pertinente; un procedemento como o interaccionismo simbólico —*grounded theory*— atópase fortemente consolidado para tratar o material cualitativo das entrevistas en profundidade, abertas e libres.

## 7.2. Grupos focais

Os *grupos focais* —*focus groups*— ou *grupos de discusión*<sup>27</sup> proveñen de diversas escolas<sup>28</sup>. Poderíamos dicir que xorden nos anos 30 da man dos científicos sociais en EUA, os cales precisaban máis información da que lles achegaban os cuestionarios e as entrevistas. Inicialmente, esta técnica utilízase sobre todo nos estudos de mercado, aínda que pronto se pasa a utilizar nas ciencias da saúde e nas ciencias sociais en xeral, e nos anos 80 o seu uso é frecuente e está moi estendido. Do mesmo xeito que a entrevista aberta, a discusión de grupo nace para a produción e interpretación dos discursos dos participantes na investigación ante as limitacións e a insuficiencia doutras técnicas. Estes grupos focais céntranse en percepcións, sentimentos, modos de pensar dos usuarios acerca de determinados servizos ou solucións a un problema.

Segundo Krueger, o obxectivo dun grupo focal é recoller datos cualitativos a partir dunha discusión controlada: «[...] un grupo de discusión puede ser definido como una conversación cuidadosamente planeada, diseñada para obtener información de un área definida de interés, en un ambiente permisivo, no-directivo» (Krueger, 1991: 24)<sup>29</sup>. A reunión sería entre sete e dez persoas que non se coñecen entre si, pero que teñen algunha característica común de interese para o investigador, e débese intentar que a devandita reunión sexa tamén satisfactoria para os participantes. Eses mesmos aspectos son resaltados por Ballart<sup>30</sup> cando fai refe-



rencia a esta técnica: «El *focus group* se puede definir como una discusión entre un número reducido de clientes/usuarios de un programa o servicio, que ha sido planificado por un investigador con el objetivo de obtener distintas percepciones y puntos de vista sobre una cuestión o conjunto de cuestiones que preocupan a la organización» (Ballart, 1994: 73). Segundo este autor serían útiles para discutir os problemas atopados na prestación dun servizo e recoller ideas para melloralo. Serven para determinar as percepcións, puntos de vista ou opinións dos usuarios dos servizos, pois «su fuerza radica en la posibilidad de alcanzar una mayor profundidad respecto a las técnicas cuantitativas, si bien al precio de obtener la información sobre un número menor de casos». Segundo este autor, os *focus groups* son unha técnica adecuada cando se queren obter ideas, percepcións, suxestións, explicacións, e isto é máis importante que representar numericamente as opinións —necesariamente máis xerais— dun colectivo máis amplo; namentres que Patton ve a entrevista do grupo de discusión como «unha técnica cualitativa de recollida de datos sumamente eficiente [que proporciona] algúns controis de calidade [...] xa que os participantes tenden a proporcionarse controis e comprobacións os uns aos outros que suprimen as opinións falsas ou extremas».

O uso deste tipo de técnicas está recomendado especialmente en situacións nas que se pretenda dar lugar a hipóteses ou preguntas que logo deban ser contrastadas empiricamente por outros métodos, ou para interpretar determinadas conclusións de estudos empíricos previos. Mais non remata aquí a súa utilidade nin o seu campo de aplicación, senón que hai outras moitas situacións nas que os grupos de discusión poden ser moi útiles e achegar información imposible de conseguir por outros medios. Repasando a literatura científica máis recente sobre o tema, vemos que, en opinión de moitos autores, o grupo focal pode acabar sendo unha das técnicas cualitativas máis completas, posto que abarca varias das vantaxes que se lles imputan ás demais técnicas, ademais das que lle son propias. Tal e como sinalan Morgan e Spanish (1984: 260)<sup>31</sup>, o grupo focal é un método moi sensible coas variables culturais ou coas minorías étnicas; permite saber cándo diferentes subgrupos da poboación fan un uso diferente dos servizos sanitarios. Esta técnica non discrimina as persoas que posúen maiores niveis formativos fronte a aquelas con menor formación e son moi útiles para apoiar as opinións daqueles que cren que non teñen nada que dicir, de forma que o responsable do grupo pode levar a cabo con estes colectivos un proceso importante de *empowerment*, que será moi útil para o investigador, para os participantes e para a propia investigación. Así, Kitzinger<sup>32</sup> dinos que: «The method is particularly useful for exploring people's knowledge and experiences and can be used to examine not only what people think but how they think and why they think that way...

[...] Such a method is especially appropriate when working with particular disempowered patient populations who are often reluctant to give negative feedback or may feel that any problems results from their own inadequacies» (Kitzinger, 1995: 300).

A técnica do grupo focal pode supoñer un considerable aforro de recursos, xa que nos permite entrevistar a un grupo de persoas simultaneamente no canto de entrevistar a individuos diferentes en distintos momentos. Ademais, cando se realizan debates de grupo pónense en funcionamento os elementos de dinámica de grupo e de debate entre os participantes, que se utilizarían aquí como fontes centrais xeradoras de coñecemento, de forma que, segundo Blumer<sup>33</sup>, «Un pequeno número de individuos, reunidos como un grupo de debate ou de recursos, supera en moitas veces o valor de calquera mostra representativa. Este grupo, analizando colectivamente a súa esfera de vida e sondando nela segundo atopan os uns

desacordos cos outros, fará máis para descorrer os veos que cubren a esfera da vida que calquera outro mecanismo do que eu teña noticia» (Blumer, 1969: 41).

Estas perspectivas poden resultar moi útiles para o estudo da acción dos gobernantes, pois permítennos combinar ambos os criterios e formar grupos moi naturais, reais e homoxéneos cos integrantes do público obxectivo ao que se dirixe unha determinada política pública, e grupos máis artificiais e heteroxéneos cos diferentes actores que interveñen nunha determinada política. Tal como sinalan Ibáñez e Beltrán, no grupo de discusión danse dous niveis de discurso: un primeiro ou empírico, no que o grupo se manifesta, e un segundo ou teórico, que fala do discurso de primeiro nivel e que permite interpretalo ou analízalo. «La interpretación es una lectura: tiende a descifrar lo que la realidad dice —como si la realidad hablara—. El análisis es una escritura: desconstruye el “discurso” (ideología) de la realidad, reconstruyendo con sus piezas otro discurso [...] el grupo es el lugar privilegiado para la lectura de la ideología dominante» (Ibáñez, 1979: 126).

A discusión que ten lugar no grupo, provocada polo investigador, converte en obxecto de coñecemento a ideoloxía do grupo, cunha importante particularidade: así como a enquisa non traspasa o contido da conciencia, o grupo de discusión explora o inconsciente. Ademais, namentres que o deseño da enquisa é pechado —todo está previsto de antemán agás a distribución de frecuencias— o do grupo de discusión é aberto, e no proceso de investigación está integrada a realidade concreta do investigador. «El grupo (microsituación) produce un discurso que se refiere al mundo (macrosituación)» (Beltrán, 1988: 41). Por iso, o tipo de coñecemento xerado con esta técnica, malia estar claramente emparentado coas entrevistas ou outras técnicas de análise de discurso, é, para este autor, unha técnica con características especiais que contribúe claramente a un eclecticismo metodolóxico.

### 7.3. Os criterios na formación dos grupos

As limitacións desta técnica estarán en función tanto da súa (in-)adecuada utilización como da adecuación da técnica ao obxecto ou feito investigado, onde xoga un papel relevante a formación do grupo. Así, é perfectamente coñecido que o investigador posúe un menor grao de control sobre o grupo que se se tratase dunha entrevista individual e, ao mesmo tempo, a análise de datos é moito máis complexa. Por iso, requírense uns bos dotes do investigador-moderador para extraer o máximo de información relevante de cada grupo, tendo en conta que os grupos son sempre moi distintos entre eles aínda que estean formados con composicións idénticas, xa que as dinámicas xeradas dependen doutros moitos aspectos non relacionados coa composición do grupo. Patton analiza tamén algunhas debilidades do método, como o número limitado de preguntas que é posible estudar e os problemas de tomar notas durante a entrevista. Sendo así, propón que a investigación sexa levada a cabo por polo menos dous investigadores-entrevistadores, dos cales un poida dispoñer de liberdade para tomar notas das respostas, namentres que o outro manexa a entrevista e o grupo. A diferenza doutros autores, Patton subliña o feito de que «A entrevista do grupo de discusión é, en efecto, unha entrevista. Non é un debate. Non é unha sesión de resolución de problemas. Non é un grupo de toma de decisións. É unha entrevista» (Patton, 1990: 335).

Os grupos pódense formar en función de diferentes criterios, como poden ser a maior ou menor naturalidade ou artificialidade, posto que, segundo Nießen (1977)<sup>34</sup>, poderemos dispoñer de grupos naturais, preocupados por un determinado tema de debate, que xa existen

na vida real, fronte a outro tipo de grupos formados artificialmente para unha certa investigación baseada en certos criterios. Pero tamén será un criterio relevante o grao de homoxeneidade ou heteroxeneidade dos grupos, entendendo por grupos homoxéneos aqueles con membros comparables nas dimensións básicas do tema de debate, que teñen unha experiencia semellante e comparten as expresións terminolóxicas; en tanto que no grupo heteroxéneo os membros deben ser diferentes nos aspectos básicos que son relevantes para o debate e o moderador-investigador ten que favorecer a xeración e o debate das opinións (Merton, 1987)<sup>35</sup>, así como establecer a composición do grupo que mellor responda aos seus intereses en relación co obxecto de estudo. Sexan grupos focais ou entrevistas, a mostraxe cualitativa non pretende a *representación estatística*, senón a *representación tipolóxica, socioestrutural*, correspondente ao estudo (Vallés, 2002: 68). A mostraxe dependerá das contingencias de medios e tempo, de forma que se buscará a heteroxeneidade e a economía a través de datos censais, estudos previos, enquisas e imaxinación.

#### 7.4. O uso adecuado da metodoloxía cualitativa

O uso adecuado da metodoloxía cualitativa esíxelle ao investigador cualitativo un cambio na sensibilidade investigadora, unha investigación participativa e guiada teoricamente. Así, Íñiguez fálanos dunha *sensibilidade histórica* para comprender mellor a construción dos procesos sociais, *sensibilidade cultural* para entender o contorno social no que se enmarcan os procesos sociais, unha *sensibilidade sociopolítica* para recoñecer que a práctica social se enmarca nun contexto político concreto, e unha *sensibilidade contextual* para captar o contexto social e físico en que se desenvolve a investigación. Namentres que, pola súa banda, Kvale propón un entrevistador que actúe como un mineiro, ou como viaxeiro. A idea do *entrevistador como mineiro* parte de que o coñecemento é como algo dado que cómpre saber buscar e extraer, e aquí o valioso metal serían as pebidas de experiencia e significado almacenadas no interior do suxeito; mentres que o *entrevistador como viaxeiro* supón unha concepción *posmoderna* do coñecemento como algo que se constrúe mediante a conversación coa xente atopada durante o percorrido investigador (Kvale, 1996). Pódese traballar sobre datos preexistentes provenientes de diversas fontes, practicando así unha *análise secundaria*, ou ben sobre datos producidos *ad hoc* polo propio investigador, realizando así unha análise con datos primarios. Na investigación cualitativa prodúcese un ir e vir do texto á teoría e da teoría ao texto, posto que se traballa con textos e discursos principalmente, e namentres as técnicas cuantitativas usan os números como ferramenta principal e responden ao *cánto*, as técnicas cualitativas usan a observación, a etnografía e a palabra como ferramenta principal e responden ás preguntas de *que, como, por que*; as primeiras miden ou cuantifican e as segundas explican.

### 8. A UTILIDADE DA METODOLOXÍA CUALITATIVA NA ANÁLISE DAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Podemos entender as políticas públicas como un conxunto de actividades programada polo Goberno para incidir sobre un determinado problema. Xa que logo, as políticas públicas desagregaríanse nos diferentes programas e subprogramas, que recollerían as actuacións previstas e focalizadas nun determinado sector ou colectivo social —público obxectivo ou *target group*— co propósito de acadar os fins propostos. Polo xeral, serían actuacións limitadas a un espazo xeográfico concreto, que estaría relacionado co ámbito competencial da institu-

ción que programe as devanditas actuacións e que tería como fin último a transformación da sociedade nese espazo concreto sobre o que se desexa intervir.

Para o estudo das políticas públicas recomendáronse diferentes enfoques, entre os que está unha proposta moi aceptada baseada na tipoloxía de Lowi<sup>37</sup> que nos levaría a analizar as políticas en función do tipo de política de que se trate. Aínda que talvez sexa a proposta de Jones<sup>38</sup>, que nos suxire analizar as políticas públicas segundo o propio ciclo ou fases da política mesma, o enfoque que goza de maior aceptación e o máis adoptado polos estudosos desta disciplina. Seguindo a proposta deste último autor, o enfoque do *policy cycle* levaríanos a desagregar as políticas públicas nas súas diferentes fases para despois procedermos ao estudo de cada unha delas por separado, e sen que iso nos impida en ningún momento obter unha visión de conxunto ao final do proceso. Propóñense cinco fases, que serían, por esta orde: a) a *definición de problema*, que faría referencia a unha primeira etapa das políticas na que se trata de coñecer o estado do tema que se vai tratar e os cambios que se pretenden conseguir; b) a *formación da axenda* dos gobernantes, etapa na que un determinado problema social pasa a ser considerado un problema público ou político; c) a *toma de decisións*, mediante a cal, de entre as diferentes alternativas existentes, se adopta unha determinada solución para o problema proposto; d) fase de *implementación* ou posta en marcha e execución das actividades previstas; e d) a *avaliación* dos resultados e dos impactos que a devandita política teña no público obxectivo e no conxunto da sociedade. En cada unha destas fases, a metodoloxía cualitativa pode ter reservado un importante papel para a análise das diferentes etapas, pero nalgunhas desas etapas o uso de técnicas cualitativas parécenos especialmente útil e necesario, por non dicir imprescindible. Coidamos que para definir adecuadamente un problema, para poñer en marcha as actuacións previstas que nos leven ao logro dos obxectivos, e para avaliar os resultados de todos estes procesos a metodoloxía cualitativa é unha ferramenta moi idónea.

### 8.1. A definición do problema

Inicialmente poderíase pensar que o problema vén definido polos *feitos* tal como se nos presentan, pero na realidade iso non é así; esa sería unha visión moi *naïve* da realidade, posto que os problemas se constrúen socialmente. Os problemas non están aí fóra, non existen os problemas obxectivos; o problema ten que ser *construído* polo analista, quen debe estruturar, expoñer e definir o problema que hai que resolver. Tal como nos di Roth<sup>39</sup>, ningunha situación obxectiva constitúe *per se* un problema; a súa clasificación como problema social, e logo como problema público, é unha construción colectiva vinculada coas percepcións, representacións e intereses dos actores implicados no devandito tema. Será preciso chegar a un consenso sobre a situación de partida e a situación futura na que nos desexariamos atopar e que se supón que será mellor que a actual; ese consenso esixe poñerse de acordo sobre o que é *bo* e *malo* e sobre cales son as necesidades que hai que cubrir para avanzar cara a unha situación mellor ou máis desexable que a actual. Pero, ao analizar o estado do problema en cuestión, necesitamos obter información sobre diferentes aspectos do mesmo, como poden ser a súa extensión, prevalencia e profundidade, así como as causas que produciron ou están producindo esas situacións, aspectos que non sempre se poden condensar nun número obtido polos procedementos estatísticos habituais e para o que pode resultar moi útil o uso de técnicas como a entrevista en profundidade ou as diversas técnicas de grupo. En tales situacións, se o decisor político quere ter unha información fidedigna do problema, que lle permita adoptar definicións do mesmo

máis acordes coa realidade e, baseándose nisto, adoptar solucións máis adecuadas, as técnicas cualitativas poden ser un instrumento de gran axuda.

## 8.2 A implementación

O proceso de implementación ou posta en marcha —*mettre en œuvre*— dunha política pública podería ser entendido como: «O proceso de iteración entre o establecemento de obxectivos e as accións emprendidas para logralos» (Pressman e Wildavsky, 1973)<sup>40</sup>. Nos procesos de implementación, se queremos que as actividades propostas nos proporcionen os efectos e os resultados esperados e que estas accións acaden o éxito desexado, é determinante ter un adecuado coñecemento do público obxectivo, das persoas coas que a Administración vai interactuar e ás que se dirixen as accións e actividades propostas. Estas persoas poden provir de ámbitos xeográficos e culturais moi diversos, practicar distintas crenzas e confesións relixiosas, ter diversas concepcións do Estado e do público, manifestar e percibir as súas necesidades de forma diferente aos estándares coñecidos... E todo isto fai que o recurso ás técnicas cualitativas se presente como a única vía para avanzar neses procesos de coñecemento persoal e aproximación aos valores, cultura e sensacións das persoas coas que a Administración ten que interactuar, pois, como vimos máis arriba, é nestes ámbitos, onde o obxecto de estudo se relaciona con aspectos das crenzas e valores das persoas, nos que estas técnicas se mostran máis útiles e necesarias.

## 8.3. A avaliación

A avaliación sería a última etapa do proceso das políticas ou programas de intervención pública na que se pretende analizar os resultados e os impactos dos programas e das actuacións levadas a cabo. Esta avaliación viría recoller os produtos finais do proceso de implementación, e pode ser unha avaliación máis *centrada nos resultados*, e nese caso o estudo avaliativo trataría de achegar información sobre o grao de consecución dos obxectivos previstos, ou ben orientarse aos *impactos* mediante a observación, medición e valoración dos cambios de conduta producidos no público obxectivo e imputables directamente a esa intervención.

Os enfoques avaliativos máis recentes (Barnette e Sanders, 2003)<sup>41</sup> oriéntanse cara a deseños avaliativos de carácter máis plural e participativo, nos cales o avaliador xa non actúa como un xuíz do proceso, senón que busca xerar consensos sobre o valor e o mérito alcanzados polos programas entre os diferentes actores afectados. Eses deseños avaliativos máis plurais e participativos apártanse cada vez máis dunha cuantificación estrita dos resultados e buscan outro tipo de coñecemento baseado nas expectativas, as percepcións e as valoracións que os afectados fan da acción de goberno e dos programas de intervención pública. O recurso a técnicas cualitativas de recollida da información é un instrumento amplamente utilizado e fai que a avaliación sexa máis aceptada e, polo tanto, máis útil para decisores, implementadores e demais actores inmersos nunha determinada política ou programa.

No ámbito da xestión pública e da análise das políticas públicas, estas técnicas cualitativas representan un enfoque moi útil para a aproximación ao comportamento intencional dos actores sociais en xeral e dos cidadáns en particular, e permiten detectar crenzas, valores, desexos, imaxes preconscientes, expectativas, movementos afectivos, sensibilidades, niveis de satisfacción, e percibir motivacións latentes. Estas técnicas non pretenden ser a solución definitiva ás dificultades de aprehender a realidade, pero si poden ser de grande utilidade para avaliar a acción dos gobernantes e como esta é vista polos cidadáns.

## Notas

- 1 ORTÍ, A. 1988. «La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión en grupo», en M. García Ferrando, F. Alvira e J. Ibáñez (ed.). *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: Alianza.
- 2 BELTRÁN, M. 1988. «Cinco vías de acceso la realidad social», en M. García Ferrando, F. Alvira e J. Ibáñez, (ed.). *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: Alianza.
- 3 ALVIRA, F. 1983. «Perspectiva cualitativa/perspectiva cuantitativa en la metodología sociológica». *REIS*, 22 (53-75).
- 4 STUFFLEBEAM, D. e A. Shinkfield. 1993. *Evaluación sistemática. Guía teórica y práctica*. Barcelona: Paidós.
- 5 PATTON, M. Q. 1990. *Qualitative Evaluation and Research Methods*. Londres: Sage.
- 6 FLICK, U. 2004. *Introducción a la investigación cualitativa* (versión orixinal: *Qualitative sozialforschung*. Hamburgo, R.T.V.H. 2002). Madrid: Morata.
- 7 Tipoloxía de atributos dos dous tipos de técnicas:

Cuantitativas	Cualitativas
Dedutivas	Indutivas
Máis fiables e obxectivas	Válidas e subxectivas
Orientadas á verificación e aos resultados	Orientadas ao proceso
As medidas tenden a ser obxectivas	As medidas tenden á subxectividade
Xeneralizables	Menos xeneralizables
Usan a tecnoloxía con instrumentos	O investigador cerca do dato
Perspectiva desde fóra	Perspectiva desde dentro

Fonte: Amezcua e Jiménez. 1996: 3. *Evaluación de programas sociales*. Madrid: Díaz de Santos. (A cursiva é nosa).

- 8 CICOUREL, A. V. 1982. *El método y la medida en sociología* (versión orixinal: *Method and Measurement in Sociology*. 1964. Nova York: Free Press). Madrid: Editora Nacional.
- 9 VALLÉS, M. S. 2002. *Entrevistas cualitativas*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- 10 WEBER, M. 1949. *The Methodology of the Social Sciences*. Nova York: Free Press.
- 11 BON, W. e H. Hartman. 1985. «Konstruierte Gesellschaft, rationale Deutung-Zum Wirklichkeitscharakter Diskurse», en W. Bonß e H. Hartman (ed.). *Entzauberte Wissenschaft: Zur Realität und Geltung soziologischer Forschung*. Göttingen: Schwartz.
- 12 BECK, U. e W. Bonß (ed.). 1989. *Weder Sozialtechnologie noch Aufklärung? Analysen zur Verwedung sozialwissenschaftlichen Wissens*. Frankfurt: Suhrkamp.
- 13 No seu coñecido traballo, *Cinco vías de acceso a la realidad social*, Beltrán presenta cinco métodos ou formas de abordar e investigar a realidade social:
  - **o método histórico**, no que a socioloxía debe interrogar á realidade social acerca do curso sufrido por aquilo que estuda, sobre como chegou a ser como é, e mesmo por que chegou a ser.
  - **o método comparativo**, que basea a súa análise na comparación de situacións e realidades semellantes ou distintas co obxectivo de describilas e dar conta e razón dos feitos.
  - **o método crítico-racional**, cuxo principal obxectivo consiste en atopar medios para lograr os fins propostos en cada caso, buscando a adecuación dos medios e os procedementos para acadar os obxectivos fixados.
  - **o método cuantitativo** céntrase na recollida / xeración de datos mediante a técnica cuantitativa de enquisar mostras estatisticamente representativas do universo que se vai estudar, e contrastar as súas hipóteses a partir de procedementos matemáticos e as leis do azar.
  - **o método cualitativo**, centrado principalmente na *análise do discurso como forma de aprehender as distintas formas de manifestarse da realidade social*.
- 14 DENZIN, N. K. e Y. S. Lincoln (ed.). 2000. *Handbook of Qualitative Research*. Londres: Sage.
- 15 RICE, S. A. (ed.). 1931. *Methods in social science*. Chicago: Chicago Press.
- 16 ÍÑIGUEZ, L. 1999. «Investigación y evaluación cualitativa: bases teóricas y conceptuales». *Atención Primaria* 23, 8 (496-502).
- 17 BRODBECK, M. 1968. *Readings in the Philosophy of the Social Sciences*. Londres: Macmillan.
- 18 IBÁÑEZ, J. 1979. *Más allá de la sociología. El grupo de discusión, técnica y crítica*. Madrid: Siglo XXI.
- 19 MAYNTZ, R., K. Holm e P. Hübner. 1975. *Introducción a los métodos de la sociología empírica*. Madrid: Alianza Editorial.
- 20 CASTELO, J. 1972. «Teoría e indicadores sociales», en S. del Campo (ed.). *Los indicadores sociales a debate*. Madrid: Euramérica.
- 21 CASTRO, R. e M. N. Bronfman. 1995. «Investigación reproductiva en salud y reproducción. El caso de Ocutuco», en G. Nigenda e A. Langer (ed.). *Métodos cualitativos para la Investigación en Salud Pública*. México: Instituto Nacional de Salud Pública.
- 22 WHYTE, W. 1955. *Street corner society: the social structure of an Italian slum*. Chicago: Chicago University Press.
- 23 MUNTANER, C. e M. B. Gómez. 2003. «Qualitative and quantitative research in social epidemiology: is complementarity the only issue?», *Gaceta Sanitaria* 17, Supl. 3 (53-57).
- 24 CALLEJO, J. 2002. «Observación, entrevista y grupo de discusión: el silencio de tres prácticas de investigación», *Revista Española de Salud Pública* 76, 5 (409-422).

- 25 ALONSO, L. E. 1994. «Sujeto y discurso: el lugar de la entrevista abierta en las prácticas de la sociología cualitativa», en J. M. Delgado e J. Gutiérrez (ed.). *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*. Madrid: Síntesis.
- 26 PATTON, M. Q. 1987. *How to use qualitative methods in evaluation*. Londres: Sage.
- 27 A denominación de *grupo de discusión* provén do ámbito anglosaxón e o seu uso é moi habitual nas ciencias sociais. Outras formas moi comúns de se referir a esta técnica son: *reunión de grupo*, *entrevista de grupo*, *grupo focalizado*, *discusión de grupo*, ou *entrevista colectiva*.
- 28 Así, mentres Krueger deriva esta técnica da liña condutista-cognitiva, Ibáñez conéctaa coa psicanálise e Mucchielli relaciónaa coa psicología humanista.
- 29 KRUEGER, R. A. 1991. *El grupo de discusión. Guía práctica para la investigación aplicada* (versión orixinal: *Focus Groups*. 1988. Newbury Park: Sage). Madrid: Pirámide.
- 30 BALLART, X. 1994 «Clientes de un servicio cultural. Una experiencia de evaluación con *focus groups*», *Gestión y Análisis de Políticas Públicas* 1 (73-77).
- 31 MORGAN, D. L. e M. T. Spanish. 1984. «Focus groups: a new tool for qualitative research», *Qualitative Sociology*, Vol. 7, n.º 3 (253-270).
- 32 KITZINGER, J. 1995. «Introducing focus groups», *British Medical Journal*, 311 (299-302).
- 33 BLUMER, H. 1969. *Symbolic interactionism: Perspective and Method*. Berkeley: University of California.
- 34 NIEßEN, M. 1977. *Gruppendiskussion: Interpretative Methodologie, Methodenbegründung, Anwendung*. Múnic: Fink.
- 35 MERTON, R. K. 1987 «The focused interview and focus groups. Continuities and discontinuities», *Public Opinion Quarterly*, 5, 4 (550-556).
- 36 KVALE, S. 1996. *InterViews. An introduction to qualitative research interviewing*. Londres: Sage.
- 37 LOWI, T. 1972. «Four System of Policy, Politics and Choice», *Public Administration Review*, 22.
- 38 JONES, C. O. 1970. *An Introduction to the Study of Public Policy*. Oxford: Oxford University Press.
- 39 ROTH DEUBEL, A. N. 2002. *Políticas Públicas. Formulación, Implementación y Evaluación*. Bogotá: Ediciones Aurora.
- 40 PRESSMAN, J. L. e A. Wildavsky. 1973. *Implementation*. Berkeley: University of California.
- 41 BARNETTE, J. e J. Sanders. 2003. *The Mainstreaming of Evaluation. New Directions for Evaluation*. San Francisco: Jossey-Bass Publishers.





# A politización da Administración Pública. O concepto e a súa aplicación no caso da Administración Xeral do Estado<sup>1</sup>



**&** *Resumo/Abstract: O principal obxectivo deste artigo consiste en analizar o concepto de politización das administracións públicas e poñer de manifesto as dificultades de aplicalo en contextos político-administrativos concretos. Para iso pártese do mito da separación entre Administración e política, orixe moderna do concepto de politización, e repásanse as reflexións máis recentes sobre este, achegando a seguir a nosa propia visión de cal debería ser o contido actual do devandito concepto. De acordo con este contido, e co fin de expoñer as dificultades para «medir» a politización de administracións públicas específicas, o traballo remata cunha análise exploratoria dalgúns dos que demos en chamar postos dispoñibles da Administración Xeral do Estado en España, tal e como quedaron configurados os devanditos postos logo das eleccións de marzo do 2004.*

**&** **Palabras clave:** politización, Administración Pública, separación Administración e política, Administración Xeral do Estado español



## 1. INTRODUCCIÓN

O problema da politización das administracións públicas é un dos temas recorrentes na análise dos sistemas político-administrativos modernos. Ademais, nas últimas décadas, este asunto cobrou interese como consecuencia da preocupación polos efectos dos procesos de reforma administrativa vencellados ao movemento reformista coñecido como Nova Xestión Pública (NXP). En efecto, para algúns autores certos efectos da NXP foron precisamente os que provocaron un incremento xeneralizado da politización das administracións públicas en Europa e nos Estados Unidos, como consecuencia da necesidade dos políticos de exercer un maior control sobre as organizacións administrativas das que son responsables<sup>2</sup>. Neste sentido, non cabe dúbida de que un dos maiores paradoxos da NXP pode ser que «en nome de la gestión acabe predicando aquilo de lo que reniega: la invasión de la política en las tareas de gestión»<sup>3</sup>, e que algunhas das reformas que contén semellan poñer en cuestión valores tradicionalmente asociados ao bo funcionamento das administracións públicas<sup>4</sup>.

Con todo, o problema da politización das administracións públicas non só é anterior á aplicación deste conxunto de reformas, senón que ten as súas raíces, por unha banda, nalgunhas das doutrinas do liberalismo e da posición que teñen política e Administración nos novos sistemas constitucionais a partir do século XIX<sup>5</sup> e, pola outra, nas distintas culturas e estruturas político-administrativas nacionais, que van configurando diferentes modelos de relación entre as dúas<sup>6</sup>. A estreita relación entre politización, estrutura e cultura político-administrativa é xustamente a razón que nos obriga a establecer todo tipo de precaucións á hora de facer xeneralizacións sobre a politización das administracións públicas en distintos contextos nacionais. Poida que esta relación sexa tamén responsable de que, con frecuencia, non se precise o significado exacto do termo politización<sup>7</sup>, ou de que aínda nos atopemos nunha etapa exploratoria na análise desta cuestión<sup>8</sup>.

O argumento que se presenta neste traballo, que parte da premisa de que unha tarefa é definir o concepto de politización e outra ben distinta «medir» o grao de politización de distintas administracións públicas, ten dous fíos condutores. En primeiro lugar, sostemos que non é posible definir o concepto de politización sen incluírmos na definición os partidos políticos como **elementos esenciais** na *acción de politizar* as administracións públicas. En segundo lugar, salientamos as dificultades de aplicar o concepto en contextos político-administrativos concretos, tomando como exemplo a Administración Xeral do Estado en España. Así, neste traballo trátase o tema da politización das administracións públicas desde unha dobre perspectiva. Na primeira parte dáse conta da orixe e da evolución do debate sobre a relación entre política e Administración e da súa conexión co concepto de politización. A seguir preséntase unha análise conceptual sobre o contido deste termo e ofrécense algunhas achegas que agardamos contribúan a avanzar no refinamento do devandito termo. Na segunda parte do artigo móstranse as dificultades que se presentan na análise empírica da politización das administracións a partir de datos obtidos nos seis primeiros meses de goberno socialista, logo da vitoria do PSOE nas eleccións xerais do 2004<sup>9</sup>. Como adiantamos no apartado de conclusións, estas dificultades non se pretenden elevar á categoría de nó gordiano, aínda que pode ser certo que nos sitúen fronte a un dilema, a saber, ou empregarmos un concepto limitado de politización ou conformarnos con analízalo empiricamente de xeito limitado.

## 2. A RELACIÓN ENTRE POLÍTICA E ADMINISTRACIÓN

### 2.1. Orixe do debate sobre a separación entre política e Administración

Se consultamos a entrada «politizar» no *Diccionario de la Real Academia Española* atopamos dúas acepcións desta palabra. En primeiro lugar, 'politizar' significa darlle orientación ou contido político a accións, pensamentos, etc. que normalmente non teñen. En segundo lugar, 'politizar' é inculcar a alguén conciencia política. A efectos da nosa análise imos desestimar esta segunda acepción, posto que carece de relación co tema que nos ocupa. Centrémonos, pois, na primeira.

Se aplicamos o termo 'politizar' ao estudo das administracións públicas resulta que «politizar a Administración» significa darlle contido político a, neste caso, unha organización ou conxunto de organizacións (persoal incluído) que non é de natureza política. Desde unha perspectiva histórica podemos engadir, ademais, que o termo ten, desde as súas orixes, unha connotación claramente negativa, mesmo pexorativa, que nos suxire a interferencia non lexítima do eido da política no eido da Administración. Imos volver sobre este asunto máis adiante. En calquera caso, a expresión «politizar a Administración» remítenos á existencia de dúas áreas de actividade distintas, a saber, a política e a administración. Cando e por que xorde esta distinción?

Como xa se analizou noutro lugar<sup>10</sup>, a orixe da separación entre a Administración e a política débese buscar, por unha banda, nalgunhas das ideas que conforman o aparello teórico do liberalismo político, concretamente, a teoría da separación de poderes e a da representación democrática moderna; e pola outra, nos escritos dos considerados pais fundadores da teoría moderna da Administración, a saber, Weber en Europa e Wilson e Goodnow nos Estados Unidos. Desde o punto de vista da teoría política, á Administración Pública adxudícaselle unha función subordinada e separada do poder político, encarnado nos representantes lexítimos da nación, reunidos na asemblea lexislativa. Desde o que se deu en chamar teoría clásica da burocracia, á Administración Pública recoñéceselle o papel de executora imparcial e neutral das ordes procedentes do lexislativo. Esta imaxe da Administración evoca unha separación entre esta e a política en tres ámbitos distintos. En primeiro lugar, ambas as dúas son esferas de actividade diferentes; en segundo lugar, as estruturas que lles serven son distintas; para rematar, a natureza e as actitudes dos actores que desempeñan papeis na política e na Administración tamén teñen que ser dispares.

É precisamente a interpretación anterior da teoría clásica da burocracia, sobre todo na súa versión norteamericana, a que se emprega como punto de partida na liña de investigación que inauguran algúns estudos empíricos nos anos 70 do século XX<sup>11</sup> co ánimo de demostrar a súa incapacidade para explicar o papel das administracións públicas nas modernas democracias occidentais. Algunhas das devanditas investigacións conclúen a existencia de ámbitos de actividade e actores híbridos nas estruturas superiores dos executivos, é dicir, naquel lugar da Administración en que se elaboran as políticas públicas e en que os funcionarios non actúan como simples executores das ordes procedentes de «arriba». Desde o punto de vista teórico, a conclusión máis sobresaliente da maioría destes estudos é que a separación entre Administración e política («dicotomía» é o termo empregado polos autores norteamericanos e polos europeos que seguen a súa pegada) nin pode nin debe explicar o conxunto de relacións de poder, ben dentro do executivo, ben entre o executivo e o lexislativo.

## 2.2. O debate na actualidade. A polémica entre James Svara e Patrick Overeem

Con todo, esta interpretación da teoría clásica da burocracia, que inspirou moitas das reflexións sobre a relación entre Administración e política ao longo de todo o século XX, foi posta en dúbida ultimamente por algúns autores. A achega máis interesante no marco deste debate é a recente polémica protagonizada polos profesores James Svara e Patrick Overeem, polémica na que, ademais de revitalizarse o tema da separación entre Administración e política, o que se pon de manifesto é, en realidade, a dificultade para encaixar unha mesma teoría da burocracia en culturas político-administrativas tan diferentes como a norteamericana e, en termos xerais, a europea.

Segundo Svara<sup>12</sup>, a xa famosa dicotomía entre Administración e política non só non explica a relación entre ambas as dúas esferas de actividade, senón que ademais nunca foi defendida polos pais fundadores da disciplina, fundamentalmente nos Estados Unidos. O autor sostén que este modelo é alleo aos escritos de Goodnow e Wilson, nos que a relación entre Administración e política se tratou en termos de separación mais tamén de complementariedade, e afirma que a súa difusión na doutrina norteamericana sobre Administración Pública se produce basicamente nos anos vinte e trinta do século XX, ao abeiro do movemento do *scientific management*. Svara engade que é un artigo de Wallace Sayre nos anos 50 o que dá carta de natureza ao termo «dicotomía», entendido como separación absoluta de ambas as dúas esferas de actividade, de maneira que, a partir daquel momento, se toma o modelo como referencia normativa da relación entre política e Administración coa que enfrontar o funcionamento real das administracións públicas na súa relación coa política.

Polas razóns anteriores, Svara non dubida en considerar o modelo de separación entre Administración e política como unha «aberración», botando por terra boa parte dos fundamentos teóricos que sostiveron un número considerable de reflexións sobre este asunto, polo menos nas investigacións ás que se fixo referencia máis arriba. Svara, xa que logo, chega ás mesmas conclusións que boa parte destas investigacións, isto é, que a relación entre Administración e política é de complementariedade (aínda que se cadra esta non sexa a palabra máis axeitada) e non de separación absoluta, pero critica o seu punto de partida. En definitiva, a Administración Pública si que intervéen en política, xa que os administradores públicos achegan ao proceso de elaboración de políticas públicas coñecemento profesional en aras do que se debe entender como unha gobernanza axeitada e razoable.

Con todo, a tese de James Svara sobre o inadecuado fundamento doutrinal da separación entre Administración e política, nun empeño se cadra esaxerado por que a teoría se adecúe aos resultados das súas investigacións empíricas, perde de vista un argumento; a saber, se non existise separación algunha entre a política e a Administración ou se, como sostén Svara, a tese da complementariedade fose a dominante nos escritos dos pais fundadores da disciplina, simplemente a teoría weberiana da burocracia tampouco existiría. Porque cando Weber<sup>13</sup> elabora esta teoría, si que semella estar a pensar na política e na Administración como dúas esferas de actuación que deben estar *nalgún sentido* separadas. O quid da cuestión radica probablemente, por unha banda, nos distintos significados da palabra 'política' e, pola outra, na conexión indiscutible entre a dicotomía política/Administración e a aceptación da neutralidade política dos funcionarios como pedra angular do funcionamento das administracións públicas modernas.

En efecto, a crítica de Overeem a Svava radica precisamente neste último extremo. Segundo o autor holandés, resulta imposible abandonar de todo a dicotomía política/Administración, xa que o valor da neutralidade política dos funcionarios segue a estar actualmente na base da organización administrativa e se atopa no centro do pensamento administrativo tradicional, tanto nos Estados Unidos como en Europa. Este valor parte da necesidade, expresada de xeito diferente a ambos os dous lados do Atlántico, de distinguir entre o termo 'política', asociado ao proceso de elaboración de políticas públicas (*policy politics*) e o termo 'política', entendido como a actuación partidista dos funcionarios públicos (*partisan politics*). Feita esta distinción, parece claro que a relación entre política e Administración, sendo de colaboración ou, se se quere, de complementariedade no primeiro caso, non pode ser máis que de separación no segundo caso. Como sostén o propio Overeem, «os administradores públicos non poden e non deben estar excluídos do tipo de política inherente ao proceso de elaboración de políticas públicas, mais poden e deben estar excluídos da política no seu aspecto partidista»<sup>14</sup>.

De feito, se o anterior non fose así, é dicir, se non fose doutrina que os administradores públicos teñen que estar separados *nalgún punto* da política partidista, o movemento reformista americano non tería entre os seus obxectivos corrixir as disfuncións que o *spoils system* producía no seu sistema político. Tampouco parece que as seguintes palabras de Weber se poidan entender noutros termos: «[...] el auténtico funcionario no debe hacer política, sino limitarse a administrar, sobre todo imparcialmente [...] Personalidad, lucha y pasión (*ira et studio*) constituyen el elemento del político y sobre todo del líder político. Toda la actividad de este está colocada bajo un principio de responsabilidad distinto y aún opuesto al que orienta la actividad del funcionario»<sup>15</sup>.

Para rematar, o valor da neutralidade política é o único que pode explicar a creación de sistemas de función pública baseados no mérito e na capacidade. Neste sentido, non dubidariamos en afirmar que a separación entre Administración e política adquire a natureza de verdadeira doutrina constitucional<sup>16</sup>, como demostra, por exemplo, o recoñecemento de tales principios como regras de funcionamento das administracións públicas no artigo 103 da nosa Constitución.

### 3. O CONCEPTO DE POLITIZACIÓN

Como ben sinalaron Peters e Pierre, «a Administración Pública é en esencia unha creación política, simplemente porque é a estrutura que presta servizos públicos aos cidadáns, e así xoga un papel en determinar quen consegue que do sector público»<sup>17</sup>. En efecto, sabemos que as administracións públicas forman parte do sistema político en tanto que participan no proceso de elaboración e execución de políticas públicas<sup>18</sup>. Xa que logo, e seguindo o argumento exposto no apartado anterior, a idea de «politizar» as administracións públicas só pode estar relacionada coa «política partidista», isto é, coa relación que se establece entre os partidos políticos e as administracións públicas nun sistema político determinado e, máis en concreto, co sentido en que o principio da neutralidade política dos funcionarios se ve afectado por esa relación. Se aceptamos este razoamento, o termo «politización» adquire o carácter pexorativo que case sempre se lle atribúe, e que se pode explicar desde o punto de vista histórico e teórico, en tanto suxire a interferencia indebida ou improcedente dos partidos políticos nun dos alicerces básicos do funcionamento das administracións públicas.

Esta conexión entre partidos políticos e politización aparece de xeito máis ou menos implícito nas definicións máis recentes deste último concepto, aínda que non sempre é tratada como o elemento esencial deste. Varias son as razóns que poden explicar este paradoxo.

En primeiro lugar, tal e como nos recorda Rouban<sup>19</sup>, non debemos dudar das dificultades intrínsecas á hora de definir un concepto que se pode aplicar en contornas político-administrativas moi diferentes e nas que, xa que logo, os partidos políticos desempeñan papeis ben distintos.

En segundo lugar, e como consecuencia do anterior, algunhas aproximacións ao concepto de politización son máis ben o resultado de diversas interpretacións do termo, é dicir, explicacións de como se manifesta ou se pode manifestar a politización en distintas administracións públicas, e non tanto dunha definición máis ou menos acabada do termo<sup>20</sup>. Neste caso, a «politización partidista» non adoita senón aparecer como unha das posibles formas de politización.

Para rematar, están os intentos de elaborar un concepto de politización que semellan fuxir de calquera alusión aos partidos políticos, recorrendo á ambigüidade propia do termo «político» para acabar, de novo, tratando a politización en sentido partidista, como unha forma máis de politización da Administración<sup>21</sup>.

A nosa proposta para avanzarmos na elaboración dun concepto de politización estaría moito máis próxima ao tratamento que fai do tema Derlien<sup>22</sup>, aínda que con algúns matices. Para este autor, o concepto de politización das administracións públicas refírese ao recrutamento de funcionarios para ocuparen os postos máis altos da xerarquía administrativa sobre a base da pertenza a un partido, a lealdade a este, a convicción ou demostración ostensible de simpatía cara ás súas ideas, e non só sobre a base da experiencia profesional<sup>23</sup>.

En primeiro lugar, desta definición interézanos a incorporación do partido político como elemento que, de xeito esencial, define a politización das administracións públicas. Xa que logo, coincidimos con Derlien no emprego do termo «político» no sentido de «partidista».

En segundo lugar, interézanos a idea composta de criterio «partidista» que contén a definición. En efecto, cando falamos de recrutamento baseado noutros criterios que non sexan os profesionais, non cabe facer demasiadas precisións, porque se o recrutamento se fai sobre a base doutros criterios que non sexan os partidistas (en calquera das formas ás que alude Derlien) ou os profesionais, entón non falaríamos de politización, senón de «amiguismo», clientelismo, enchufismo ou calquera outro termo que se nos ocorra.

Con todo, hai un par de aspectos da definición de Derlien sobre os que nos gustaría facer algunha matización. En primeiro lugar, entendemos que un concepto xeral de politización debe englobar máis accións que a do simple recrutamento. Este termo, asociado á linguaxe militar, tanto en español como en inglés, refírese só á acción de reunir xente para un propósito determinado. Neste sentido, parece máis conveniente a definición de Peters e Pierre, na que se inclúe, xunto ao recrutamento ou selección, a promoción e os sistemas de recompensas e disciplinario dos funcionarios como «obxectos» susceptibles de seren politizados.

En segundo lugar, por que reducir a definición do termo politización só ás posicións máis altas (*leading positions*) da Administración? De feito, «cando a profesión expresa a súa preocupación sobre a politización»<sup>24</sup>, e cando o fan os cidadáns, non só se está a pensar nos postos máis próximos ao Goberno, senón que en realidade se pensa na Administración no seu

conxunto. Esta afirmación sitúanos fronte a unha das maiores dificultades á hora de «medir» o grao de politización das administracións públicas, dificultades que explican por que a maioría dos estudos sobre a politización das administracións de países concretos se teñen que conformar con analizar as *leading positions* ás que se refire Derlien. Pero ademais, como sinalou Rouban, «*politicization can spread beyond the civil service strictly speaking into the entire public sector, affecting state-owned companies, agencies with an ill-defined status or even corporations or institutions working under government contract*»<sup>25</sup>.

Se temos en conta as matizacións anteriores, a nosa proposta para definir o concepto de politización considera que esta se produce **cando a adscrición partidista, en calquera das manifestacións ás que se refire Derlien, é condición necesaria**<sup>26</sup> **para a ocupación de estruturas, a realización de funcións ou o desenvolvemento de carreiras profesionais naquel espazo do Executivo considerado en cada sistema político como propio das súas administracións públicas.** Esta definición xeral permítenos distinguir e poder analizar teoricamente distintos tipos de politización, é dicir, distintas manifestacións do fenómeno que van ser posibles ou non, en función das características peculiares de cada sistema político-administrativo<sup>27</sup>.

En primeiro lugar atoparíase a *politización estrutural*, é dicir, aquela en que órganos ou organizacións das administracións públicas son ocupados por persoal que recibe o seu nomeamento en función do criterio da confianza política<sup>28</sup> e que se cesa de xeito automático tras un cambio de goberno. Por exemplo, a nosa lexislación regula dentro da Administración Xeral do Estado unha serie de órganos que son ocupados por este tipo de persoal e que, agás excepcións, coinciden co grupo dos denominados «altos cargos». Neste caso, os titulares de todo un conxunto de órganos que formalmente pertencen á Administración son nomeados e cesados (aínda que algúns novos nomeamentos poidan recaer nas mesmas persoas) en función da vontade do partido político que asume o poder. Este é o tipo de politización máis fácil de medir, xa que, en primeiro lugar, se trata dos órganos superiores e directivos dos departamentos ministeriais e, xa que logo, a súa identificación é relativamente sinxela, e, en segundo lugar, porque o seu número é relativamente pequeno.

En segundo lugar estaría a *politización funcional*, é dicir, aquela na que se lle asignan funcións antes desempeñadas por funcionarios públicos a un persoal que, de novo, recibe o seu nomeamento en función do criterio da confianza política. O exemplo máis claro desta politización é a utilización intensiva de gabinetes ministeriais<sup>29</sup>. Os gabinetes son órganos políticos por excelencia, xa que se sitúan «fóra» da xerarquía administrativa (nun plano horizontal) e, polo tanto, non están a ocupar ningunha posición propia das administracións públicas. O que fai que os gabinetes ministeriais se poidan considerar unha manifestación máis da politización das administracións públicas é que realizan funcións de apoio á toma de decisións políticas que se poden considerar como propias da alta Función Pública<sup>30</sup>.

Para rematar estaría a *politización da carreira profesional* dos funcionarios públicos. Para determinar a existencia deste tipo de politización, non é necesario que se produza a total substitución da esixencia do mérito e da capacidade para ocupar un determinado posto; abondaría con que os devanditos criterios non fosen os únicos idóneos para ocupar un posto, ascender profesionalmente ou recibir determinadas recompensas da Administración. Dentro deste tipo de politización atoparíamos innumerables exemplos, sobre todo naqueles países



nos que existe unha Función Pública estatutaria. No noso caso, a manifestación máis flagrante deste tipo de politización **podería ser** a das Subdireccións Xerais e todos aqueles postos asimilados que, atopándose dentro da carreira administrativa na súa definición máis rigorosa, se dotan de persoal nomeado discrecionalmente polo superior xerárquico, quen, á súa vez, ocupa o seu posto en virtude da confianza política.

Como se pode apreciar, o concepto de politización que propoñemos, segundo o cal esta se produce cando a adscrición partidista é condición necesaria, aínda que non sexa suficiente, para a ocupación de estruturas, a realización de funcións ou o desenvolvemento de carreiras profesionais naquel espazo do Executivo considerado en cada sistema político como propio das súas administracións públicas, non contén ningunha estimación valorativa, é dicir, optamos por non atribuírle carga negativa ningunha. A razón que explica este feito é que a valoración adversa da politización das administracións públicas depende máis, en realidade, do seu grao que da súa mesma existencia. En efecto, case todas as administracións públicas occidentais están politizadas nalgún dos sentidos aos que nos referimos máis arriba e, con todo, esta politización pode ser considerada apropiada, ao entenderse como un mecanismo normal de control das burocracias públicas<sup>31</sup>. E é que unha cousa é o **concepto** de politización, outra distinta o **grao** no que esta se produza e unha terceira a **tolerancia** que o sistema, incluídos os propios cidadáns e os funcionarios, manifieste cara a ela. Así, mentres que o concepto de politización pode ser elaborado sen atendermos ás especificidades das distintas administracións públicas, tanto o grao de politización como a tolerancia do sistema cara a ela dependen de cuestións continxentes aos sistemas político-administrativos de cada país<sup>32</sup>.

#### 4. A POLITIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ESPAÑOLA. O CASO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

En efecto, o contido ou obxecto do concepto de politización varía en función das estruturas e das culturas político-administrativas dos distintos países. Así, a politización manifestarase dun ou doutro xeito en función de aspectos do máis variado, que poden ir desde as posibilidades que abre unha determinada lexislación á filiación partidista dos funcionarios, pasando pola existencia ou non de corpos funcionariais, ata chegar ata cuestións tales como as convenções ou tradicións que regulan a interferencia da política na Administración<sup>33</sup>.

O caso da Administración Xeral do Estado (AXE) en España non é unha excepción. As distintas manifestacións da politización no noso país poden explicarse pola existencia dun conxunto de condicionamentos estruturais e culturais e unha serie de circunstancias políticas que deron como resultado unha combinación de tipos e un grao de politización propios, non só da Administración central, senón das nosas administracións públicas en xeral. Non imos repetir aquí argumentos xa expostos noutro lugar sobre os devanditos condicionamentos e circunstancias<sup>34</sup>. Con todo, si é posible completar os mencionados argumentos á luz do concepto de politización proposto e analizar as dificultades inherentes á tarefa de «medir» o grao de politización da Administración Xeral do Estado, ou polo menos de facelo en todas as súas manifestacións. Para **ilustrar** o noso razoamento, utilizamos datos sobre a AXE obtidos nos seis primeiros meses de goberno do Partido Socialista Obreiro Español, logo da súa vitoria nas eleccións xerais de marzo do 2004. No entanto, e antes de abordar este asunto, consideramos conveniente realizar algunhas aclaracións sobre certos termos que se adoitan empregar sen

demasiada precisión conceptual, o que é imprescindible para facer operativa a idea de politización que desenvolvemos máis arriba, a través do concepto de posto *dispoñible*.

#### 4.1. Confianza política e modelos de emprego público

Un dos elementos que caracterizan a democracia representativa fronte á democracia directa é a delegación de autoridade dos cidadáns nun conxunto de representantes que, xuntos, dan corpo ás asembleas parlamentarias nas que reside a soberanía nacional. Substituído o sorteo pola elección como sistema habitual de selección de cargos públicos<sup>35</sup>, o acto orixinario da delegación ten lugar ao final dun proceso electoral que, realizado coas garantías legais oportunas, fai posible o outorgamento de consentimento no que se basea, primeiro, o tipo de goberno representativo e, máis tarde, a propia democracia representativa. Con todo, o proceso de delegación de autoridade, que para os cidadáns remata coa emisión do voto, pon en marcha un novo proceso de delegación que afecta a todos aqueles que van ocupar un cargo público en virtude da confianza depositada neles, ben directamente polos representantes electos, ben por aqueles nos que estes xa delegasen a súa autoridade. En efecto, unha vez que o Parlamento e o Goberno se forman conforme ás maiorías que resultan do proceso electoral, ábrese unha etapa de renovación de persoas en postos públicos que van recibir o seu nomeamento, ben do lexislativo, ben do executivo. No caso español, estes nomeamentos proceden na súa maioría deste último<sup>36</sup> e prodúcense case en exclusiva para postos no complexo político-administrativo do Executivo central.

Como xa se apuntou noutro lugar<sup>37</sup>, este proceso de delegación de autoridade que vimos de describir crea un espazo de libre disposición para os políticos en que o principal criterio de asignación de postos non é outro que a confianza. Pois ben, hai polo menos un par de razóns polas que a mera existencia do devandito espazo de libre disposición se relaciona de forma errónea cos distintos modelos de emprego das administracións públicas contemporáneas.

En primeiro lugar, a existencia daquel espazo de libre disposición relaciónase erroneamente coa complexa consideración dos modelos de emprego nas administracións contemporáneas como *sistemas de carreira* ou *sistemas de emprego*, cando estes últimos se identifican cos sistemas de botín ou *spoils systems*. O erro procede da confusión que se produce entre o criterio que prima á hora de seleccionar o persoal ao servizo das administracións públicas —que nos dous casos pode ser o mérito e a capacidade— co elemento que ordena a propia estrutura do persoal das devanditas administracións, que si varía de maneira substancial en cada caso. De xeito moi simplificado, podemos afirmar que, no sistema de carreira, este elemento é «una estructura de categorías que se correlaciona con la capacidad de desempeñar genéricamente un tipo de función o funciones dentro de la Administración»<sup>38</sup>, estrutura que permite deseñar un itinerario profesional a través das categorías que o empregado pode ir acadando. Pola súa banda, o sistema de emprego ordénase ao redor do posto de traballo, de maneira que o empregado non está vencellado á estrutura de persoal da Administración, senón ao posto concreto para o que foi recrutado. Insistimos, pois, en que o que diferencia ambos os dous sistemas non ten por que ser o criterio para seleccionar o persoal, senón o principio ordenador da súa relación profesional coa Administración.

En segundo lugar, a aclaración anterior podería levarnos a pensar que o sistema de botín ou de cesantías desapareceu das administracións contemporáneas, engulido pola ordenación racional de toda a estrutura político-administrativa que propón o modelo burocrático weberiano. Nada máis lonxe da realidade. En efecto, aquel espazo de libre disposición para que os

políticos realicen nomeamentos existe, tanto nos sistemas de emprego coma nos sistemas de carreira, e é o que se reservan os partidos políticos para acomodaren as súas respectivas «clientelas». É certo que nos sistemas de carreira a análise dos postos de nomeamento de confianza adoita tornar máis complexo que nos sistemas de emprego, xa que o nomeamento para ocupar un posto de confianza non ten por que ser incompatible —ás veces mesmo é requisito indispensable— coa existencia previa dunha relación laboral permanente coa Administración, é dicir, coa condición de funcionario. Lembremos, neste sentido, que o procedemento normal de ingreso na Administración española, de acordo co disposto no artigo 103 da Constitución, se organizase ao redor dos principios de mérito e capacidade, a través das correspondentes probas obxectivas. É dicir, unha cousa é a vinculación permanente coa Administración mediante a pertenza a un Corpo de funcionarios e outra ben distinta a ocupación transitoria de postos que dependen da confianza daquel que realiza o nomeamento. En calquera caso, e de acordo co concepto de politización exposto con anterioridade, o tamaño deste espazo de libre disposición para os políticos é o que nos pode indicar o grao de politización da Administración central en calquera das súas manifestacións, xa que é neste espazo onde se atopan os postos que en cada Administración se consideran «dispoñibles» tras un cambio de goberno. Como contabilizar estes postos?

#### 4.2. Confianza política, altos cargos e libre designación

Tal e como vimos de argumentar, tanto en administracións públicas con sistema de emprego como naquelas cun sistema de emprego público que responde ao modelo de carreira, existe certo espazo de libre disposición para os políticos. Con todo, no caso da AXE, a determinación dese espazo complicábase se consideramos unha serie de peculiaridades do noso modelo de emprego público que poden explicar certa confusión entre termos con significados diferentes, mais que se empregan con frecuencia de forma indistinta.

En primeiro lugar, a maioría dos estudos sobre a politización do Executivo español circunscíbíronse ao conxunto de postos de nomeamento político que conforman **o que a lexislación vixente define como altos cargos**<sup>39</sup>, así como aqueloutros que forman parte dos gabinetes ministeriais<sup>40</sup>. Estes postos resultan ser manifestación do que aquí denominamos *politización estrutural* e *politización funcional*, respectivamente. Trátase de nomeamentos que se efectúan mediante Decreto do Consello de Ministros<sup>41</sup>, é dicir, reciben a súa confianza derivada do máximo órgano do Executivo. Como sabemos, boa parte destes nomeamentos recaeron tradicionalmente en funcionarios pertencentes aos altos corpos do Estado<sup>42</sup>, e na actualidade esta condición é mesmo un requirimento legal expresamente esixido para ocupar un número considerable destes postos. Esta confusión entre elite política e elite burocrática anímanos a denominar a este grupo de persoas como *elite político-administrativa*, querendo sinalar con esta expresión que os límites entre a función pública de carreira e a capacidade do partido ou partidos no poder para situaren ao seu persoal son, na nosa administración estatal e a este nivel, difíciles de establecer. **O concepto de alto cargo é, xa que logo, un concepto de natureza xurídica, posto que só son altos cargos aqueles postos así definidos pola lei.** Con todo, como imos ver a seguir, os *altos cargos* e os postos nos gabinetes ministeriais non son os únicos da AXE nos que intervén o criterio da confianza política para o seu nomeamento. Este non é, daquela, máis que un dos criterios posibles para efectuar un nomeamento, pero non define o posto desde unha perspectiva xurídica senón política, xa que se refire ao principio que rexe a vontade de quen realiza o nomeamento<sup>43</sup>.

En segundo lugar, e así entendida, a confianza política **afecta ou pode afectar** a un número de postos difícil de determinar na Administración estatal española. A razón principal que explica este fenómeno haina que buscar naquelas peculiaridades do noso sistema de emprego público ás que nos referiamos máis arriba, un sistema mixto que presuntamente se apoia na combinación ideal entre posto e carreira, pero que se desvirtúa por un **procedemento de provisión de postos** no que, xunto co concurso, existe a chamada **libre designación**<sup>44</sup>, na que a capacidade de libre elección do político<sup>45</sup> (ou do político-funcionario ou do funcionario-político) pode primar por riba doutras consideracións ou, polo menos, concorrer con elas. Disto resulta que, alén do conxunto de nomeamentos de confianza que afecta aos postos para altos cargos, existe na nosa Administración estatal un variado universo de postos ocupados por persoas que, sen pertenceren ao grupo dos legalmente definidos como tales, reciben ou poden recibir o seu nomeamento en virtude de consideracións que van máis aló da valoración estrita da súa capacidade profesional. De acordo co noso concepto de politización, e sobre todo no que se refire á *politización da carreira profesional* dos funcionarios públicos, entendemos que este conxunto de postos que a nosa lexislación denomina de libre «designación» tería que contabilizarse á hora de elaborar un mapa dos *postos dispoñibles* na AXE.

Unha vez feitas as aclaracións anteriores, agora si estamos en condicións de esbozar o devandito mapa de postos *dispoñibles* da AXE e de poñer de manifesto as dificultades para completarmos un cadro cos devanditos postos que nos permitise apreciar o seu grao real de politización.

#### 4.3. Os postos dispoñibles na Administración Xeral do Estado

Un dos argumentos xornalísticos preferidos logo da celebración dunhas eleccións xerais, sobre todo se estas provocan un cambio de partido ou partidos no goberno, é o de cantos e quen son os novos ocupantes do Executivo. Destes datos obtéñense titulares que pretenden ofrecer unha foto fixa do perfil da nova Administración, ocupada por máis ou menos «técnicos», máis ou menos mulleres, máis ou menos mocidade, etc. O problema é que case ningún destes titulares axusta as súas conclusións, polo menos as contables, a uns criterios que permitan realmente delimitar cantas persoas cesan e cantas son nomeadas tras a formación do novo Goberno. Altos cargos, nomeamentos políticos, persoal de confianza, altos funcionarios, son só algúns dos termos empregados para denominar esta zona borrosa do complexo político-administrativo do Executivo español, que aínda torna máis opaca a medida que nos movemos cara abaixo pola estrutura da pirámide administrativa. Imos lustrar o problema co seguinte exemplo.

A finais de xaneiro do 2005 unha revista dixital —*La Clave.net*— encabeza un artigo sobre a renovación da Administración do Estado logo das eleccións do 14 de marzo do 2004 co seguinte titular: «Los 15 mil cargos "cesantes" del PP tras el 14-M». No corpo da noticia dise que esta cifra podería aumentar ata os 20 000 ou 25 000 empregos, sempre, segundo o redactor, de acordo con fontes sindicais, e inclúe de xeito xeral a ministros, secretarios de Estado, directores xerais, xefes de gabinete, subsecretarios, secretarios xerais técnicos, asesores de comunicación e... secretarías! Pola mesma data, un diario económico de tirada nacional —*La Gaceta de los Negocios*— anuncia que Rodríguez Zapatero eleva o número de altos cargos en máis dun 32 %, pasando dos 259 que tiña o último Goberno Aznar aos 342 que nomea o Goberno entrante, e cifra en 408 o número de cesamentos que se produciron na Administración Xeral do Estado<sup>46</sup> desde a chegada ao poder do Partido Socialista. A efectos

de investigar a politización da Administración, non parece o mesmo traballar con 20 000 casos que con 408.

A disparatada diferenza entre ambas as dúas cifras pon de manifesto as dificultades intrínsecas ao simple procedemento de contabilizar quen son as persoas que ocupan postos na Administración estatal nos que intervén, dalgún xeito, o criterio da confianza política. Esta dificultade pódese explicar polas razóns aducidas anteriormente —confusión conceptual entre *alto cargo* e *confianza política* e utilización desta como criterio para realizar nomeamentos co fin de ocupar postos que non pertencen ao conxunto dos altos cargos a través do procedemento da *libre designación*— e colócanos fronte á ingrata tarefa de ofrecer só datos parciais que non son máis que unha aproximación á cifra real de postos *dispoñibles*.

**TÁBOA 1**  
**A ADMINISTRACIÓN DO PSOE TRAS AS ELECCIÓNS DE MARZO DO 2004.**  
**ESTIMACIÓN DE POSTOS DISPOÑIBLES NA AXE<sup>47</sup>**

<b>NOME OU CATEGORÍA DO POSTO<sup>48</sup></b>	<b>POSTOS DISPOÑIBLES</b>
SECRETARÍAS DE ESTADO	21
SUBSECRETARÍAS	44
DIRECCIÓN XERAIS	154
SUBDIRECCIÓN XERAIS	240 <sup>49</sup>
DELEGACIÓN DO GOBERNO	19 <sup>50</sup>
SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO E DIRECCIÓN INSULARES	50 <sup>51</sup>
ORGANISMOS PÚBLICOS	222 <sup>52</sup>
AXE NO EXTERIOR	163 <sup>53</sup>
<b>TOTAL</b>	<b>913</b>

**Fonte:** elaboración propia segundo organigramas oficiais tras a aprobación dos reais decretos de modificación, reestruturación e desenvolvemento da estrutura orgánica dos departamentos ministeriais<sup>54</sup> e *La Gaceta de los Negocios* do luns 31 de xaneiro do 2005.

Tal e como se recolle na Táboa 1, o número de postos *dispoñibles*<sup>55</sup> na Administración Xeral do Estado tras a vitoria do PSOE nas eleccións xerais de marzo do 2004 sería de 913. Con todo, cómpre facer algunhas precisións respecto desta cifra co fin de xustificar a consideración de que é pouco máis que unha primeira aproximación ao número real de postos *dispoñibles*.

O primeiro que se debe sinalar para ilustrar algunha das nosas afirmacións anteriores é que, nunha táboa que pretenda mostrar o dato de postos *dispoñibles*, non só se poden contabilizar os postos para altos cargos senón tamén bastantes outros postos con titulares que non ostentan esta condición, mais que si reciben o seu nomeamento en virtude, entre outros, do criterio da confianza. Na nosa Táboa 1 é o caso das Subdireccións Xerais e das Subdelegacións do Goberno e Delegacións Insulares<sup>56</sup>, é dicir, os postos de libre designación facilmente «localizables» da AXE. A estes efectos, resulta irrelevante que o nomeamento se realice entre funcionarios de carreira<sup>57</sup>, xa que este depende do ministro, do secretario de Estado ou do director xeral ao que estea adscrita a Subdirección Xeral en cuestión, e no caso dos subdelegados e os delegados insulares, do delegado do Goberno na comunidade autó-

noma de que se trate. Xa que logo, son persoas que poden ser ou non militantes do partido no goberno, pero que se nomean de forma discrecional e, xa que logo, o seu nomeamento non só depende da valoración dos méritos e capacidades do aspirante.

Con todo, as Subdireccións Xerais e as Subdelegacións do Goberno e as Delegacións Insulares non son os únicos postos de libre *designación* na AXE. E é neste punto onde as dificultades para contabilizar *postos dispoñibles* se fan aínda maiores<sup>38</sup>. Na Táboa 1 o exemplo máis claro maniféstase nunha cifra que está e noutra que non está. Comezando por esta última, observouse que non aparecen os postos nos órganos colexiados e consultivos da Administración Xeral do Estado. Unha simple ollada aos organigramas dos departamentos ministeriais mostra a existencia duns 170 órganos desta natureza, que van desde as comisións interministeriais ata órganos tan relevantes para a execución do programa político do Goberno como o Consello Escolar do Estado, o Consello Superior de Política de Inmigración ou o Consello Superior Agrario. Cantos postos se renovan nestes órganos despois de cada cambio de goberno e con que criterios se nomea aos seus ocupantes?

A cifra que si aparece na Táboa 1 é a de postos *dispoñibles* nos organismos públicos da Administración estatal, cifra que sabemos moi inferior ao conxunto real de postos *dispoñibles* nos organismos autónomos e nas entidades públicas empresariais do Estado. Se acudimos de novo aos organigramas dos ministerios, atopamos un total de 93 organismos públicos, aos que lles habería que sumar 9 confederacións hidrográficas e 27 autoridades portuarias. Na Táboa 1 estimamos só a renovación dos presidentes destas últimas e unha media de 2 postos para cada un dos outros 93 organismos. Pero, por exemplo, se observamos o fluxo de cesamentos na Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) para o período comprendido entre abril e setembro do 2004, resulta que, ademais do director xeral, o novo Goberno nomeou outras 32 persoas en postos que, por descontado, inclúen non só as direccións dos departamentos da AEAT, senón tamén as subdireccións xerais e as delegacións provinciais.

A AEAT é precisamente un bo exemplo da importancia da distinción conceptual que quixemos manter neste traballo entre *nomeamentos de confianza* e *postos dispoñibles*. Estes últimos remítennos a unha posición concreta que existe, de feito, na organización administrativa, e coñecer o seu número é imprescindible para estimar os niveis potenciais de politización dunha administración determinada. Xa que logo, **o concepto de posto *dispoñible* fai referencia a un posto da Administración potencialmente «politizable», non actualmente politizado.** Pola súa banda, a superposición do criterio de confianza aos de mérito e capacidade para renovar as persoas que teñan que ocupar eses postos pódese producir ou non, o cal, pola súa vez, vainos dar unha medida da renovación de persoal que o novo partido no goberno fai ou non fai, é dicir, do **grao real de politización da Administración que realiza un determinado Goberno.** Por exemplo, entre as 32 persoas que son cesadas na AEAT no período consultado só hai 14 delegados especiais en comunidades autónomas e provincias, co cal, e supoñendo que non se produciron máis nomeamentos con posterioridade, habería moitos máis postos dispoñibles (polo menos un por comunidade autónoma e un por provincia) que nomeamentos de confianza efectivamente realizados. Outro exemplo ofrécenolo a renovación dos titulares das misións diplomáticas españolas, xa que en xaneiro do 2005 o Goberno só fixera 54 dos 163 nomeamentos posibles para o posto de embaixador.

Xa que logo, e de acordo co concepto de politización empregado neste traballo, calquera conclusión sobre os niveis de politización da nosa Administración estatal pasaría polo coñece-

mento exacto do número de postos a disposición do partido ou partidos gobernantes e polo dos criterios cos que se producen os nomeamentos para ocupar estes postos, xa que, ademais, o número de nomeamentos efectivamente realizados só é relativo. Segundo estimacións de Jiménez Asensio (1992) para a Administración estatal española, e con datos de finais dos 80 e principios dos 90, o cociente de alto cargo/funcionario era de 1 por cada 1857 empregados públicos. Con todo, Jiménez Asensio non contabiliza o total de postos *dispoñibles*, senón unicamente postos para altos cargos (incluíndo membros de gabinetes e asesores) e nunha Administración estatal considerablemente máis grande que a que temos na actualidade, o que razoablemente o leva a concluír que «la Administración del Estado ofrece [...] un grado de politización que se puede calificar de relativo»<sup>59</sup>. Se temos en conta que o proceso de descentralización polo que pasou o sistema político español nos últimos 30 anos reduciu o número de persoas ao servizo da Administración Xeral do Estado a 289 421<sup>60</sup> e facemos os cálculos coa cifra dos 219 altos cargos que ocupan os órganos superiores (nivel secretarios de Estado) e directivos (nivel subsecretario e director xeral), resulta que o cociente alto cargo/empregado público é de 1 por cada 1321. Con todo, esta cifra descende drasticamente a 317 se facemos os cálculos só coa estimación de postos *dispoñibles* que aparece na Táboa 1.

As diferenzas anteriores poñen de manifesto as dificultades para determinar o grao real de politización da AXE. Se ben a súa politización estrutural e funcional está, e pode seguir estando, ben documentada, apenas sabemos nada da politización que afecta a carreira profesional dos funcionarios públicos, nin cantos son nin como se realizan os nomeamentos nos seus órganos consultivos e colexiados. Como demostramos, só con considerar como dispoñibles todos aqueles postos que aparecen na Táboa 1, o cociente que nos podería dar unha medida aproximada dos niveis potenciais de politización da Administración estatal descende de xeito patente.

## 5. CONCLUSIONES

O chamado mito da separación entre Administración e política atópase no centro dun dos debates máis apaixonantes no estudo das administracións públicas. Procedente das ideas políticas que sustentan o concepto de goberno nas revolucións burguesas e das primeiras formulacións teóricas sobre a administración moderna, a súa análise foi obxecto de diversas interpretacións durante o último século, ata chegar ata a ser motivo da recente polémica que resumimos neste traballo. Desacreditada por algúns como teoría para explicar a relación entre Administración e política, aquí sostívose que a idea da separación entre ambas as dúas esferas é aínda útil para describir o ser e o deber ser da devandita relación, xa que só esta separación permite seguir a defender a neutralidade política dos funcionarios como un dos principios organizadores das administracións públicas modernas.

O argumento anterior permitiunos definir un concepto de politización no que á palabra *política* se lle atribúe o que consideramos como o seu único significado posible neste contexto. Así, entendemos que a idea de politización das administracións públicas ten que facer referencia necesariamente á implicación, non da política en xeral, senón dos partidos políticos en particular, en estruturas, funcións ou carreiras consideradas por cada sistema político como propias da Administración e Función Públicas. Esta definición permite ademais facer unha distinción teórica entre tres tipos distintos de politización, como son o estrutural, o funcional e o persoal.

Con todo, unha cousa é a definición do concepto e outra ben distinta o grao en que a politización se manifesta en cada sistema político-administrativo. Tomando como exemplo o



caso da Administración Xeral do Estado español logo das eleccións xerais de marzo do 2004, tratamos de mostrar as dificultades para «medir» o grao da politización do noso sistema se o que temos que contabilizar é o número real de postos *dispoñibles*, é dicir, todos aqueles postos sobre os que o partido ou partidos no poder **poden** exercer algunha influencia. Se ben o feito de coñecer esta cifra nos indicaría, polo menos, o potencial de politización da AXE, só a confirmación da utilización do criterio político para prover estes postos nos advertiría da politización real dos que aquí se denominaron *postos dispoñibles*. Esta dificultade explica por que a proverbial politización da AXE, analizada por autores como Alba<sup>61</sup> e Parrado<sup>62</sup>, non puido transcender o universo dos postos legalmente considerados como *altos cargos*, ao igual que ocorre, por certo, na maioría das análises recentes sobre a politización de administracións públicas. Estas análises céntranse maioritariamente nos distintos tipos de politización na cúpula das súas respectivas administracións públicas, mentres que nos niveis administrativos inferiores —sobre todo no caso da politización da carreira profesional— as evidencias son moito máis difíciles de atopar.

Se consideramos que os argumentos anteriores nos sitúan fronte a un dilema, teremos que elixir entre seguir utilizando un concepto limitado de politización, e referilo unicamente á cúpula das estruturas político-administrativas do Executivo, ou conformarnos con analízalo empiricamente de xeito limitado. Se non é así, e xa que difícil non quere dicir imposible, teremos que seguir reflexionando sobre os métodos que nos permitan coñecer a politización das administracións públicas en toda a súa extensión

## Notas

- 1 A primeira versión deste traballo foi presentada nas «Jornadas de Estudio sobre Gobernanza: ¿Quién gobierna? La nueva gobernanza en las administraciones públicas actuales», celebradas na Universidade do País Vasco os días 27 e 28 de xuño do 2007.
- 2 PETERS, B. J. e J. Pierre (eds.). 2004. *Politicization of the civil service in comparative perspective*. Londres: Routledge (284).
- 3 OLÍAS DE LIMA, B. 2001. «La evolución de la gestión pública: la Nueva Gestión Pública», en B. Olías de Lima (ed.). *La Nueva Gestión Pública*. Madrid: Prentice Hall (26).
- 4 ROMÁN MASEDO, L. 2001a. «La cultura organizativa y la ética pública», en B. Olías de Lima (ed.). *La Nueva Gestión Pública*. Madrid: Prentice Hall.
- 5 DERLIEN, H.-U. 1996. «Politization of bureaucracies in historical and comparative perspective», en B. Guy Peters e B. A. Rockman (eds.). *Agenda for Excellence. Administering the State 2*. Chatham, NJ: Chatham House Publishers (152).
- 6 ROUBAN, L. 2005. «Politicization of the civil service», en B. G. Peters e J. Pierre (eds.). *Handbook of Public Administration*. Londres: Sage (310).
- 7 PETERS, B. G. e J. Pierre, 2004: 1.
- 8 ROUBAN, L., 2005: 310.
- 9 Non sendo esta unha análise sobre a politización actual da Administración central española, é importante explicar que a elección do cambio de goberno que se produce tras as eleccións xerais do 2004 débese a que este é o máis recente no que se produce, ademais, un cambio de partido no goberno. Nestas circunstancias, a aparición de noticias sobre a renovación do persoal político é moito máis frecuente que tras unha vitoria electoral sen cambio de partido. Serán precisamente esas noticias as que van servir como punto de partida para apoiaren os nosos argumentos sobre a utilización errónea de determinados conceptos e a necesidade de refinalos para profundar no coñecemento da politización das nosas administracións públicas.
- 10 ROMÁN MASEDO, L. 1997b. «Política y Administración. Algunas notas sobre el origen y la evolución del debate teórico», *Revista de Estudios Políticos* 98 (115-135); ROMÁN MASEDO, L. 2001b. «El control político de la Administración: planteamiento teórico», en J. Matas (ed.). *El control político de la Administración*. Barcelona: ICPS.
- 11 Para unha análise dalgúns destes estudos, pódese consultar ROMÁN MASEDO, L. 2000. *Las élites político-administrativas en las democracias occidentales*. Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, e a bibliografía que alí aparece. Para un repaso das achegas clásicas sobre o tema, pódense consultar as contribucións de Svava e Overeem que figuran na bibliografía deste traballo.



- 12 SVARA, J. 1998. «The politics-administration dichotomy model as aberration», en *Public Administration Review* 58 (51-57); SVARA, J. 1999. «Complementarity of politics and administration as a legitimate alternative to the dichotomy model», *Administration & Society* 30 (676-705); SVARA, J. 2001. «The myth of the dichotomy: complementarity of politics and administration in the past and future of public administration», *Public Administration Review* 61 (176-183); e SVARA, J. 2006. «Complexity in political-administrative relations and the limits of the dichotomy concept», *Administrative Theory & Praxe* 28 (121-139).
- 13 Cómpre sinalar que James Svara apenas menciona a Weber nos seus catro traballos máis recentes sobre este asunto, e nin sequera inclúe a súa obra na bibliografía de ningún dos catro.
- 14 OVEREEM, P. 2005. «The value of the dichotomy: politics, administration, and the political neutrality of administrators», *Administrative Theory & Praxe* 27 (322).
- 15 WEBER, M. 1981. *El político y el científico*. Madrid: Alianza (115). De feito, a existencia destes dous tipos de actores está directamente relacionada con outras dúas cuestións de vital importancia para o funcionamento da democracia representativa, como son a orixe da lexitimidade para intervir no proceso de elaboración de políticas e, por extensión, os tipos de responsabilidade esixible a políticos e funcionarios (ROMÁN MASEDO, L., 2001a, 2001b e 2005).
- 16 OVEREEM, P. 2006. «In defense of the dichotomy: a response to James H. Svara», *Administrative Theory & Praxe* 28 (143).
- 17 PETERS, B. e J. Pierre, 2004: 2.
- 18 Por certo, tamén sabemos que nos altos chanzos das xerarquías administrativas existe un conxunto de actores dunha natureza que foi denominada por algúns autores como «híbrida», é dicir, actores que manifestan pautas de actitude metade «políticas», metade «burocráticas». Este punto non é tan relevante para o noso argumento, xa que cómpre lembrar que a figura do *political bureaucrat* se describe orixinalmente en investigacións empíricas dentro dun enfoque condutista que non é obxecto de análise aquí (para unha revisión da bibliografía que analiza esta figura, pódese consultar en ROMÁN MASEDO, L., 2000, en especial a páxina 25 e seguintes. Máis recentemente, algúns autores revisaron as súas conclusións iniciais sobre a evolución da figura do *political bureaucrat*, como é o caso de Aberbach e Rockman no artigo de 1997 citado na bibliografía deste traballo).
- 19 ROUBAN, L., 2005: 11.
- 20 ROUBAN, L., 2005: 311, e todos os autores que cita. De feito, Rouban afirma que un dos problemas ao que se enfronta o investigador cando trata o tema da politización é «the lack of a precise definition, not of politicization this time, but of the civil service». Véxase tamén MOULIN, L. 1975. «The politicization of public administration in Belgium», en Mattei Dogan (ed.). *The mandarins of Western Europe. The political role of top civil servants*. Nova York: Sage.
- 21 PETERS, B. G. e J. Pierre, 2004: 1-4. Estes autores definen a politización como «the substitution of political criteria for merit-based criteria in the selection, retention, promotion, rewards and disciplining of members of the public service».
- 22 DERLIEN, H.-U., 1996: 149-150.
- 23 DERLIEN, H.-U., 1996: 149.
- 24 DERLIEN, H.-U., 1996: 149.
- 25 ROUBAN, L., 2005: 311: «a politización pode estenderse máis aló da administración central propiamente dita e alcanzar a todo o sector público, afectando a empresas públicas, axencias cun status legal mal definido ou mesmo a corporacións e institucións que manteñan unha relación contractual co goberno».
- 26 Desde logo, non ten por que ser suficiente.
- 27 Insístese en que se trata dunha distinción teórica, xa que é posible que os tres tipos de politización aparezan combinados dalgún xeito na realidade das distintas administracións públicas.
- 28 Para unha análise xurídica do concepto de confianza política, pódese consultar o xa clásico traballo de MORELL OCAÑA, L. 1994. *El sistema de la confianza política en la administración pública*. Madrid: Civitas, en especial os capítulos primeiro e segundo referidos á Administración do Estado.
- 29 DERLIEN, H.-U. (1996) e G. B. Peters e J. Pierre (2004) denominan «estrutural» a este tipo de politización, pero cremos que o termo «funcional» se axusta mellor ao concepto de politización proposto, xa que a creación de gabinetes non politiza estruturas senón funcións administrativas.
- 30 BAENA DEL ALCÁZAR, M. 2005. *Manual de Ciencia de la Administración*. Madrid: Síntesis (138).
- 31 PETERS, B. G. e J. Pierre, 2004: 2; e DERLIEN, H.-U., 1996.
- 32 Así se pon de manifesto, por exemplo, nas contribucións ao libro editado por Peters e Pierre, que aparece na bibliografía deste traballo.
- 33 DERLIEN, H.-U., 1996: 153.
- 34 ALBA, C. 2001. «Bureaucratic politics in Spain. A long lasting tradition», en B. G. Peters e J. Pierre (eds.). *Politicians, Bureaucrats and Administrative Reform*. Londres/Nova York: Routledge/ECPR; PARRADO, S. «Civil Service in Spain: a career system without career perspectives», comunicación presentada na conferencia «Status and role of top civil servants in Europe today», celebrada en Amiens, Francia (dispoñible en <http://www.uned.es/113016/archivos/comunicaciones.htm>); e PARRADO, S. 2004. «Politicization of the Spanish civil service. Continuity in 1982 and 1996», en B. G. Peters e J. Pierre (eds.). *Politicization of the civil service in comparative perspective*. Londres: Routledge.
- 35 MANIN, B. 1998. *Los principios del gobierno representativo*. Madrid: Alianza.
- 36 Lembremos, con todo, que as Cortes Xerais tamén teñen competencia para realizaren os nomeamentos dalgúns cargos como, por exemplo, o Defensor do Pobo, os Vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial ou os conselleiros do Ente Público de Radiotelevisión Española.
- 37 ROMÁN MASEDO, L., 2001b: 21.

- 38 LLORENTE, J. e C. Polo. 2002. «El personal al servicio de las APE», en J. Crespo e G. Pastor (coord.). *Administraciones Públicas Españolas*. Madrid: McGraw Hill (305).
- 39 Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado (BOE do 11 de abril). Esta lei amplía o catálogo de postos considerados como «altos cargos» na AXE respecto da lei de incompatibilidades de 1995, pero este feito non altera en substancia o noso argumento, a saber, que o concepto de alto cargo é de natureza xurídica.
- 40 Véxanse as citas bibliográficas da nota 32.
- 41 Agás no caso dos asesores dos gabinetes que teñen o nivel de subdirector xeral.
- 42 ROMÁN MASEDO, L. 1997a. *Funcionarios y función pública en la transición española*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales; e PARRADO, S. 1996. *Las élites de la Administración estatal (1982-1991)*. Estudio General y pautas de reclutamiento. Sevilla: Instituto Andaluz de Administración Pública.
- 43 Véxase ROMÁN MASEDO, L., 1997: 64 e ss.
- 44 Durante a elaboración deste traballo, foi aprobado o Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril) no que, como na lexislación anterior, se recolle a figura da libre designación como procedemento de provisión de postos de traballo do persoal funcionario de carreira.
- 45 Ou *apreciación discrecional*, como reza a letra da lei (Lei 7/2007, do 12 de abril, artigo 80.1).
- 46 Inclúe Organismos Públicos, delegados do Goberno e embaixadores.
- 47 Para elaborar esta táboa empregamos os datos correspondentes aos seis primeiros meses logo do cambio de goberno de marzo do 2004 (véxase nota 8). Cómpre sinalar aquí que o feito de que estea no goberno un ou outro partido non modifica substancialmente o noso argumento, xa que só se trata de cifras obtidas tras unha primeira aproximación e que ben poderían corresponder a cambios de goberno anteriores. O noso interese non radica tanto en ofrecerlle ao lector cifras exactas como en poñer de manifesto a magnitude do problema.
- 48 Para os postos de secretario de Estado, subsecretario e director xeral contabilizáronse tamén os asimilados, é dicir, todos os da mesma categoría, independentemente do nome que reciban no organigrama do departamento ministerial. Así, por exemplo, no nivel de secretario de Estado inclúense os postos de director do gabinete do presidente do Goberno, secretario xeral da Presidencia do Goberno e director da Oficina Económica do Goberno.
- 49 Segundo se publica en *La Gaceta de los Negocios* do luns 31 de xaneiro do 2005. Trátase só dunha estimación.
- 50 17 comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla.
- 51 43 provincias de comunidades autónomas pluriprovinciais e 7 directores insulares segundo o RD 617/1997 do 25 de abril de subdelegados do Goberno e directores insulares da Administración Xeral do Estado.
- 52 Estimación propia segundo os organigramas dos ministerios tal e como se explica na páxina seguinte.
- 53 Segundo información aparecida en *La Gaceta de los Negocios* do luns 31 de xaneiro do 2005.
- 54 Por razóns de espazo, a relación dos devanditos decretos foi suprimida deste traballo.
- 55 Insistimos en que se trata de postos e non de nomeamentos.
- 56 De feito, o uso indiscriminado do sistema de provisión de postos mediante libre designación, que é o caso das subdireccións xerais e postos asimilados, xa foi considerado entre os especialistas españois como unha forma de politizar a administración (MESA DEL OLMO, A. 2000. *Administración altos cargos de la Comunidad Autónoma Vasca*. Madrid: CIS (17)), aínda que nalgúns casos só se considere como «politización relativa» (MATAS DALMASES, J. 1996. *Las elites políticas de la administración. Los altos cargos de la Generalitat de Cataluña*. Barcelona: Escola d'Administració Pública de Catalunya (37)). Pola súa banda, os propios representantes sindicais dos empregados públicos consideran esta modalidade de provisión de postos de traballo como unha forma máis de politización da Administración. Véxanse se non as declaracións dos devanditos representantes tras a sinatura dun acordo co conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia para reducir á metade os postos de libre designación da Administración autonómica galega (*La Voz de Galicia*, 28 de xaneiro do 2008).
- 57 Ao fin e ao cabo, este requisito tamén é necesario para o nomeamento da maioría dos altos cargos da AXE.
- 58 Neste sentido, a inexistencia dunha única publicación dentro da AXE na que se recollan as Relacións de Postos de Traballo de todos os departamentos ministeriais, incluídos os seus organismos autónomos —extremo confirmado á autora deste traballo pola Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Administracións Públicas—, complica extraordinariamente, malia que desde logo non imposibilita, o acceso á información imprescindible para medir o seu grao de politización.
- 59 De xeito paradoxal, nunha Administración tradicionalmente politizada, segundo reconece o propio Jiménez Asensio, como é a Administración federal estadounidense, só 9051 postos, dun total de 2 720 000 empregados públicos, estaban reservados a nomeamentos políticos tras a segunda vitoria de Bush, o cal arroxa unha cifra de algo máis de 300 000 empregos públicos por cada posto de nomeamento político (<http://usinfo.state.gov/special/Arquive2005Feb07-100913.html>), cifra que aumentaría considerablemente se só contabilizásemos os nomeamentos presidenciais que requiren confirmación do Senado, é dicir, os nomeamentos para postos na cúpula da Administración federal.
- 60 AXE, entidades públicas empresariais e organismos públicos con réxime específico, segundo datos do *Boletín Estadístico del Personal al servicio de las Administraciones Públicas* de xullo do 2007.
- 61 ALBA, C., 1999.
- 62 PARRADO, S., 2001 e 2004.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALBA, C. 2001. «Bureaucratic politics in Spain. A long lasting tradition», en B. G. Peters e J. Pierre (eds.). *Politicians, Bureaucrats and Administrative Reform*. Londres/Nova York: Routledge/ECPR.
- ABERBACH, J. D. e B. A. Rockman. 1997. «Back to the future? Senior federal executives in United States», *Governance* 10 (323-349).
- BAENA DEL ALCÁZAR, M. 2005. *Manual de Ciencia de la Administración*. Madrid: Síntesis.
- CRESPO, J. e G. Pastor (coord.). 2002. *Administraciones Públicas Españolas*. Madrid: McGraw Hill.
- DERLIEN H.-U. 1996. «Politization of bureaucracies in historical and comparative perspective», en B. G. Peters e B. A. Rockan (eds.). *Agenda for Excellence. Administering the State 2*. Chatham, NJ: Chatham House Publishers.
- DOGAN, M. (ed.). 1975. *The mandarins of Western Europe. The political roles of top civil servants*. Nova York: Sage.
- JIMÉNEZ ASENSIO, R. 1992. «Política y Administración: los puestos de designación política en las administraciones públicas», *Revista Vasca de Administración Pública* 32 (73-101).
- JIMÉNEZ ASENSIO, R. e A. Mesa del Olmo. 1933. *La libre designación en la función pública vasca*. Bilbao: Manu Robles-Arangiz Institutua.
- LLORENTE, J. e C. Polo. 2002. «El personal al servicio de las APE», en J. Crespo e G. Pastor (coord.). *Administraciones Públicas Españolas*. Madrid: McGraw Hill.
- MANIN, B. 1998. *Los principios del gobierno representativo*. Madrid: Alianza.
- MATAS DALMASES, J. 1996. *Las élites políticas de la administración. Los altos cargos de la Generalitat de Catalunya*. Barcelona: Escola d'Administració Pública de Catalunya.
- 2001 (ed.). *El control político de la Administración*. Barcelona: ICPS.
- MESA DEL OLMO, A. 2000. *Administración y altos cargos de la Comunidad Autónoma Vasca*. Madrid: CIS.
- MORELL OCAÑA, L. 1994. *El sistema de la confianza política en la administración pública*. Madrid: Civitas.
- MOULIN, L. 1975. «The politicization of public administration in Belgium», en M. Dogan (ed.). *The mandarins of Western Europe. The political role of top civil servants*. Nova York: Sage.
- OLÍAS DE LIMA, B. 2001. «La evolución de la gestión pública: la Nueva Gestión Pública», en B. Olías de Lima (ed.). *La Nueva Gestión Pública*. Madrid: Prentice Hall.
- 2001. *La Nueva Gestión Pública*. Madrid: Prentice Hall.
- OVEREEM, P. 2005. «The value of the dichotomy: politics, administration, and the political neutrality of administrators», *Administrative Theory & Praxe* 27 (311-329).
- 2006. «In defense of the dichotomy: a response to James H. Svara», *Administrative Theory & Praxe* 28 (140-147).
- PARRADO, S. 1996. *Las élites de la Administración estatal (1982-1991). Estudio General y pautas de reclutamiento*. Sevilla: Instituto Andaluz de Administración Pública.
- 2001. «Civil Service in Spain: a career system without career perspectives», comunicación presentada na conferencia «Status and role of top civil servants in Europe today», celebrada en Amiens, Francia. Disponible en <http://www.uned.es/113016/archivos/comunicaciones.htm>.
- 2004. «Politicization of the Spanish civil service. Continuity in 1982 and 1996», en B. G. Peters e J. Pierre (eds.). *Politicization of the civil service in comparative perspective*. Londres: Routledge.
- PETERS, B. G. 1993. «Searching for a role: the civil service in American democracy», *International Political Science Review* 14 (373-386).
- PETERS, B. G. e J. Pierre (eds.). 2001. *Politicians, Bureaucrats and Administrative Reform*. Londres/Nova York: Routledge/ECPR.
- 2004. «Politicization of the civil service. Concepts, causes and consequences», en B. G. Peters e J. Pierre (eds.). *Politicization of the civil service in comparative perspective*. Londres: Routledge.
- 2004. *Politicization of the civil service in comparative perspective*. Londres: Routledge.
- 2005. *Handbook of Public Administration*. Londres: Sage.
- PETERS, B. G. e B. A. Rockman (eds.). 1996. *Agenda for Excellence. Administering the State 2*. Chatham, NJ: Chatham House Publishers.
- ROMÁN MASEDO, L. 1997a. *Funcionarios y función pública en la transición española*. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

- 1997b. «Política y Administración. Algunas notas sobre el origen y la evolución del debate teórico», *Revista de Estudios Políticos* 98 (115-135).
- 2000. *Las élites político-administrativas en las democracias occidentales*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.
- 2001a. «La cultura organizativa y la ética pública», en B. Olías de Lima (ed.). *La Nueva Gestión Pública*. Madrid: Prentice Hall.
- 2001b. «El control político de la Administración: planteamiento teórico», en J. Matas (ed.). *El control político de la Administración*. Barcelona: ICPS.
- 2005. «La responsabilidad pública en un contexto de cambio», *Sistema* 184-185 (141-159).
- ROUBAN, L. 2005. «Politicization of the civil service», en B. G. Peters e J. Pierre (eds.). *Handbook of Public Administration*. Londres: Sage.
- SVARA, J. H. 1998. «The politics-administration dichotomy model as aberration», *Public Administration Review* 58 (51-57).
- 1999. «Complementarity of politics and administration as a legitimate alternative to the dichotomy model», *Administration & Society* 30 (676-705).
- 2001. «The myth of the dichotomy: complementarity of politics and administration in the past and future of public administration», *Public Administration Review* 61 (176-183).
- 2006. «Complexity in political-administrative relations and the limits of the dichotomy concept», *Administrative Theory & Praxe* 28 (121-139).
- WEBER, M. 1981. *El político y el científico*. Madrid: Alianza.

# Símbolos relixiosos e deber de neutralidade estatal: o suposto dos crucifixos nas aulas como escusa para aproximarse á relación entre relixión e Estado



**&** *Resumo/Abstract: A relación entre relixión e Poder Público —ou confesións relixiosas e Estado, como se prefira— non é unha cuestión de resposta sinxela. Durante séculos representou un problema social e político. Na actualidade segue a ser un dos temas máis espiñosos ao que lexisladores e tribunais deben enfrontarse. A xurisprudencia do Tribunal Supremo dos Estados Unidos resulta extremadamente clarificadora do camiño que outros países poderían seguir, como é o caso de España, dado que o devandito tribunal estivo afrontando durante décadas esa cuestión, guiado sempre polo principio de libre elección e o deber de neutralidade estatal. Agora que a polémica volve formularse entre nós a raíz da presenza de certos símbolos relixiosos en ámbitos públicos (crucifixos en escolas públicas), semella útil volver sobre ela.&*

**&** *Palabras clave: Liberdade relixiosa, poder público, deber de neutralidade estatal, crucifixos en escolas públicas, xustiza constitucional, xurisprudencia norteamericana sobre liberdade relixiosa, Lemon Test*



## 1. UN ASUNTO PENDENTE?

### 1.1. A relación entre a Igrexa Católica e o Estado: unha espita aberta para os Constituíntes

O Constituínte español tivo que abordar catro «espitas abertas», catro puntos concretos nos que o consenso, máis ca difícil, era practicamente imposible, por manterse respecto a eles posturas irreconciliables ou de moi difícil reconciliación. Nestes catro puntos o compromiso, as cesións e os acordos foron arduos e, sobre todo, incertos no seu devir futuro.

Esas catro espitas eran: a) a cuestión territorial; b) a opción entre Monarquía ou República; c) a posición que correspondería ao Exército e d) a posición que tería que ocupar a Igrexa Católica na nova orde.

Unha sentenza do 14 de novembro do 2008 ordenando a retirada dos crucifixos e outros símbolos relixiosos dunha escola pública obríganos a cuestionarnos, unha vez máis, trinta anos de fráxil calma aparente en materia relixiosa. Todo parecía indicar que a posición da Igrexa Católica na democracia española estaba resolta —pacificada<sup>1</sup>— nos seus aspectos básicos, en parte debido aos Acordos coa Santa Sé e en parte debido á Lei orgánica de liberdade relixiosa<sup>2</sup>, aínda que non poden ser pasados por alto os críticos que cuestionan non xa a utilidade ou conveniencia de tales acordos, senón mesmo a súa constitucionalidade<sup>3</sup> ou o pouco conveniente réxime dos acordos adoptados polo Estado español coas denominadas confesións minoritarias<sup>4</sup>.

Talvez a espita relixiosa siga aberta. Se cadra o problema de fondo non sexa a posición concreta que corresponde á Igrexa Católica, formulación dun localismo e continxencia preocupantes que —malia que é certo que influíron directamente na redacción do artigo 16 CE— ocultan o verdadeiro problema, antigo e de resposta complexa: as relacións entre Poder Público e confesións relixiosas ou, se se prefire, a posición que o fenómeno relixioso debe ocupar nun Estado democrático de Dereito que opta, como non podía ser doutro xeito, pola aconfesionalidade ou a laicidade.

Este tema é, non unha espita aberta para o Constituínte español, senón un tema eterno ao que democracias antigas que teñen na súa orixe fundacional mesmo a liberdade relixiosa como pedra angular levan séculos intentando, sen éxito, dar unha solución que contente a todos os sectores, que satisfaga todas as posturas e que remate, sequera temporalmente, o asunto sen fisuras, incoherencias ou contradicións. Malia todo, a súa experiencia, dilatada e meditada, ofrece claves que poden ser de vital utilidade nestes tempos e sobre as que volveremos máis adiante.

### 1.2. O recente caso dos crucifixos nas aulas españolas: unha contenda reavivada, un tema difícil e eterno

A polémica non é nova nin exclusiva de España. A presenza de todo tipo de símbolos relixiosos na esfera pública atopa protectores e detractores.

Esta vez tocoulles aos crucifixos expostos nas aulas dos colexios públicos españois, pero xa con anterioridade, a finais de maio do 2008, unha proposta presentada no Congreso dos Deputados por Esquerda Unida para que se retirasen certos símbolos relixiosos de actuacións netamente públicas (como o crucifixo da mesa do Palacio da Zarzuela ante o que toman posesión e xuran ou prometen o cargo presidente e ministros) foi rexeitada entre a unidade dos restantes partidos políticos e o debate social.

Aínda que coñecemos, a mediados de novembro, a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 2 de Valladolid, núm. 28/2008 do 14 de novembro, ordenando a retirada dos crucifixos do Colexio Público Macías Picavea, o «caso do crucifixo nas aulas» trae causa dunha sentenza anterior, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León, Valladolid, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3.ª, núm. 1617/2007, do 20 de setembro.

Nesta primeira sentenza, non demasiado interesante desde o punto de vista dos dereitos fundamentais e, en concreto, a liberdade relixiosa, os fundamentos de Dereito entretéñense en disquisicións en torno á lexitimación procesal das partes que interveñen (Junta de Castilla y León<sup>5</sup>, dunha parte, e a Asociación Cultural Escuela Laica<sup>6</sup> de Valladolid, doutra), á non sempre ortodoxa actuación procesal das partes litigantes e á normativa aplicable ao caso para determinar o órgano competente para resolver tan comprometido asunto.

De maior relevancia para a cuestión aquí abordada resulta o FX7.º da sentenza 1617/2007. Entende o Tribunal que o mantemento de símbolos relixiosos nun centro de ensino público non é un acto de simple xestión do mobiliario ou do equipamento material do centro e ten, pola contra, transcendencia pedagóxica.

A continuación, no FX8.º, elude entrar na cuestión verdadeiramente interesante, a de se a presenza de símbolos relixiosos nos colexios públicos vulnera os artigos 16 e 27 CE e a de se se produciu ou non unha progresiva secularización dos símbolos relixiosos, para limitarse a afirmar que o mantemento, colocación ou retirada dun símbolo relixioso está en intrínseca relación co contorno escolar e as circunstancias concretas do alumnado, de xeito que a decisión sobre tales actuacións debe residenciarse no Consello Escolar do Centro, de conformidade co marco competencial deseñado polo lexislador estatal.

Sorprende, no entanto, que no FX9.º o Tribunal se interne en cuestións que acaba de eludir para non se pronunciar sobre a procedencia ou improcedencia da retirada dos crucifixos das aulas. Apunta que a retirada de todo símbolo relixioso dun colexio público, por mor do principio de liberdade relixiosa e da declaración de aconfesionalidade do Estado, non é a única solución posible<sup>7</sup>. Esgrije como argumentos a favor desta postura a sensibilidade pola diversidade relixiosa dos cidadáns mostrada polo Estado e a Administración, en xeral, noutros ámbitos da actividade pública, tales como o hospitalario ou o penitenciario.

Semella esquecer o Tribunal que tanto en centros penitenciarios coma en hospitais a mobilidade dos internos se atopa limitada ou totalmente restrinxida e que, nese caso, o Estado, neutral en materia relixiosa, pero tamén garante dos dereitos fundamentais, está obrigado a facilitar o goce dun dereito en condicións de absoluta igualdade, pois doutro xeito a súa neutralidade se tornaría obstáculo ao goce da liberdade relixiosa. Tamén alude a «símbolos conformes con las creencias de la totalidad de los alumnos», sen ter en conta que cando de dereitos fundamentais se trata, en primeiro lugar, non é cuestión de números nin de maiorías, como moito de respecto ás minorías e, en segundo lugar, en materia de liberdade relixiosa, con independencia das crenzas relixiosas dos alumnos e as súas familias, o Estado ten un claro deber de neutralidade.

Para concluír, o FX10.º e, correlativamente, o fallo entenden que a competencia para resolver tal asunto corresponde ao Consello Escolar de cada centro, sen prexuízo da revisión en vía administrativa. Toda revisión adoptada por un centro escolar será revisable en vía administrativa ante a Dirección Provincial de Educación, ante a Delegación Territorial ou ante os órganos centrais da Junta de Castilla y León, segundo o caso.



Ante esta resposta por parte dos Tribunais, a cuestión volvéuselle formular ao Consello Escolar do Centro. O asunto da retirada dos crucifixos das aulas e espazos comúns, novamente xudicializado, obtivo agora unha resolución de fondo por parte do Xulgado do Contencioso-Administrativo N.º 2 de Valladolid. A súa sentenza núm. 28/2008 do 14 de novembro é estimatoria das peticións da parte actora, a Asociación Cultural Escuela Laica de Valladolid, debendo salientarse que o Ministerio Fiscal evacuara o trámite de alegacións no sentido de interesar a estimación da demanda.

Logo de rexeitar alegacións de non esgotamento da vía administrativa previa e litispendencia esgrimidas pola parte demandada e afirmar que tamén os menores son titulares de dereitos fundamentais, o Xulgado do Contencioso detense en salientar que a educación é especialmente sensible á liberdade relixiosa, pois, na fase de formación da personalidade dos mozos, «la enseñanza influye decisivamente<sup>8</sup> en su futuro comportamiento respecto de creencias e inclinaciones, condicionando sus conductas dentro de una sociedad que aspira a la tolerancia de otras opiniones e ideales» que non necesariamente teñen por que coincidir cos propios<sup>9</sup>.

No suposto axuizado, a presenza de símbolos relixiosos nas aulas e dependencias comúns do centro educativo público non forma parte do ensino da Relixión Católica; tampouco pode considerarse un acto de proselitismo a existencia destes símbolos ou, polo menos, non pode considerarse acreditado que sexa esta a finalidade da presenza dos símbolos relixiosos, se se parte do concepto de proselitismo como actividade deliberada de convencer do propio credo e facer novos adeptos. Agora ben, sendo certo isto último, si se considera, no entanto, que a presenza de símbolos relixiosos nas aulas e dependencias comúns do centro educativo público no que se imparte ensino a menores que se atopan en plena fase de formación da súa personalidade vulnera os dereitos fundamentais contemplados nos artigos 14 e 16.1 e 3 CE<sup>10</sup>.

Afirma a sentenza que a aconfesionalidade implica unha visión máis esixente da liberdade relixiosa, pois esixe a neutralidade do Estado fronte ás distintas confesións e, máis en xeral, ante o feito relixioso. Ningún cidadán debería sentir que, por motivos relixiosos, o Estado lle é máis ou menos próximo que aos seus concidadáns. O crucifixo non perdeu as súas connotacións relixiosas, malia que poida ter outras. A presenza destes símbolos nas zonas comúns dun centro educativo público, no que reciben educación menores de idade en plena fase de formación da súa vontade e intelecto, pode provocar neles o sentimento de que o Estado está máis próximo á confesión coa que gardan relación os símbolos presentes no centro público que a outras confesións respecto das que non está presente símbolo ningún, co que «el efecto que se produce, o puede producirse, con la presencia de los símbolos religiosos es la aproximación a la confesión religiosa representada en el centro por considerar que es la más próxima al Estado y una forma de estar más próximo a este».

A sentenza do 14 de novembro do 2008 non é firme e a Junta de Castilla y León xa anunciou a súa vontade de recorrerla alegando os seguintes argumentos<sup>11</sup>: a) a presenza de símbolos relixiosos noutros ámbitos da vida pública non foi cuestionada, nin a súa constitucionalidade foi posta en interdicto, pois, ao seu entender, non vulnera os dereitos fundamentais e as liberdades públicas consagradas pola CE; b) a sentenza do xulgado do contencioso é contraria ao acordo do Consello Escolar do centro en cuestión, órgano competente para resolver, segundo a sentenza do TSX do 20 de setembro do 2007.

Soamente cabe agardar. A argumentación xurídica da sentenza que se pretende recorrer podería ter afondado máis na cuestión, máxime tendo en conta a súa transcendencia. Os argumentos anunciados pola Junta de Castilla y León non parecen excesivamente sólidos:

a) Respecto á presenza de símbolos relixiosos noutros ámbitos da vida pública cabe responder que 1.º) nalgúns casos as circunstancias poden ser distintas e por tanto estar xustificada a devandita presenza, e 2.º) noutros casos podería ser que fose igual de cuestionable e contraria ao deber de neutralidade do Estado como semella ser a presenza de crucifixos nas escolas;

b) Respecto á competencia do Consello Escolar para decidir sobre este tipo de asuntos, supostamente sinalada pola STSX do 20 de setembro do 2007, a Junta semella esquecer que esa mesma sentenza engade que os acordos do Consello Escolar son revisables en vía administrativa e estes actos administrativos, pola súa vez, recorribles ante os tribunais, con máis razón habendo, como hai neste caso, dereitos fundamentais de por medio.

Acerta a Junta, sen embargo, ao expresar o seu desexo de obter «un mismo criterio» a aplicar en todos os colexios da Comunidade de Castela e León<sup>12</sup>. É máis, sería desexable que o asunto chegase ao Tribunal Constitucional, como xa sucedeu noutros países do noso contorno xurídico-cultural aos que en breve nos referiremos, para obter un pronunciamento —aplicable a todos os colexios públicos (e concertados?) do país— procedente do Supremo Intérprete da Constitución que se vería obrigado, ao resolver o asunto, a realizar reflexións moi necesarias sobre a relación entre Relixión e Estado cando este opta pola laicidade, pois esta opción parece esixir que se modifiquen aquelas normas ou pautas de conduta que, ben porque conteñan residuos de confesionalidade, ben porque aparezan vencelladas a tradicións relixiosas non claramente «desacralizadas», a súa aplicación ou realización supoña un obstáculo ao exercicio dos dereitos fundamentais das minorías. Así mesmo, a laicidade do Estado debe servir de límite para atender demandas procedentes de grupos relixiosos minoritarios cuxa aceptación puidese facer perigar a separación entre o relixioso e o político<sup>13</sup>.

## 2. A SIMILITUDE DO CASO ESPAÑOL CON OUTROS PRECEDENTES

É un feito recoñecido que, na tradición xurídica occidental, o poder sempre sentiu a necesidade de empregar «símbolos que exhiban estruturas semánticas orientadas a representar certos valores»<sup>14</sup>. O poder necesita símbolos pero, ao mesmo tempo, os símbolos do poder, para desempeñar a súa función, necesitan do Dereito para que este impoña a súa utilización en documentos, edificios públicos ou cerimoniais oficiais. Semella, no entanto, evidente que a coincidencia entre os símbolos do poder público e os símbolos relixiosos só é entendible en ordenamentos xurídicos teocráticos ou confesionais. É necesario insistir na condición de primordial que, nun Estado democrático de Dereito, ten o principio de laicidade, do que deriva, pola súa vez, o deber de neutralidade estatal en materia relixiosa. O Estado debe ser neutral/imparcial ante as distintas confesións e, ademais, debe *aparecer* como tal.

Nos últimos tempos Europa, caracterizada tradicionalmente pola presenza de símbolos relixiosos de contido cristián nas diversas manifestacións do poder público, vén experimentando, por razóns diversas, un proceso de «retirada» dos devanditos símbolos, unhas veces de oficio, outras a instancia de cidadáns que xudicializaron as súas peticións. Debe, porén, precisarse que non todos os símbolos cuestionados son cristiáns. Sirva como exemplo o veo islámico nas súas distintas modalidades. Tamén debe insistirse en que a retirada de símbolos relixiosos do ámbito público non afecta unicamente ás escolas.

A postura adoptada polos poderes públicos nos distintos países europeos<sup>15</sup> non sempre é a mesma. Por citar algúns exemplos: mentres Francia<sup>16</sup> optou pola «laicidade militante» imposta tanto á Administración coma aos cidadáns nos espazos públicos (un modelo laico «aberto, dinámico e xeneroso»<sup>17</sup> que prohibe todo símbolo relixioso<sup>18</sup>), Bélxica<sup>19</sup> —cunha resposta distinta pero tamén coherente— decantouse por impedir á Administración Pública mostrar preferencia algunha por calquera relixión a través da exposición dos seus símbolos, mentres que para os símbolos ou signos portados polos cidadáns se inclina por un sistema de ponderación razoable realizada casuisticamente.

Analizar en profundidade a utilización de símbolos relixiosos na esfera pública excede o obxecto deste traballo, moito menos ambicioso<sup>20</sup>. Dada a polémica suscitada recentemente en España respecto da presenza de crucifixos nas aulas dos colexios públicos, a finalidade perseguida aquí e agora é, simplemente, detérmonos nese caso concreto, que tamén se produciu con anterioridade en Alemaña e Italia en sede constitucional, para ver que respostas recibiu por parte dos respectivos Tribunais Constitucionais e analízalas criticamente (así como as opinións en contra).

## 2.1. O caso alemán

### A. Unha resposta dividida e divisoria

No seu auto do 16 de maio de 1995<sup>21</sup>, o Tribunal Constitucional alemán declara que a presenza dun crucifixo nas aulas dunha escola pública lesiona o dereito fundamental á liberdade relixiosa recoñecido no artigo 4.1 da Lei Fundamental de Bonn de 1949.

O *iter* seguido por este caso ata chegar á sede constitucional presenta considerables paralelismos co caso español<sup>22</sup>. A retirada do crucifixo solícitana os pais de alumnos asistentes ao centro (partidarios dunha filosofía antroposofista); o asunto xudicialízase e finalmente chega ao Constitucional; a decisión do Tribunal ocasiona unha fractura social e numerosas opinións en contra no tradicional Estado de Baviera. Unha diferenza respecto do caso español debe ser mencionada: a existencia dunha Ordenanza bávara, do 21 de xuño de 1983<sup>23</sup>, pola que se rexían as escolas de educación primaria de Baviera era a que esixía a instalación dunha cruz en cada aula das escolas de educación primaria (artigo 13.1.3.º).

A división ocasionada pola resposta dada comezou no seo do propio Tribunal. Lonxe de ser unha resolución unánime ou claramente maioritaria, tres dos oito maxistrados que integran a Sala Primeira, chamada a coñecer do asunto, formularon voto particular por non compartiren a doutrina da maioría.

A decisión da maioría apóiase fundamentalmente en dous argumentos:

1.º) a liberdade relixiosa recoñecida na Lei Fundamental implica, correlativamente, un deber de neutralidade estatal no tocante a relixión e confesións relixiosas, de xeito que non pode primar ou privilexiar ningunha crenza relixiosa fronte a outra. A cruz non é un simple emblema da cultura occidental, ten unha carga relixiosa innegable.

Engadimos que a solución posible (e totalmente hipotética) de que estiveren presentes, nas escolas, símbolos relixiosos correspondentes a todas as confesións continuaría a ser igualmente contraria ao deber de neutralidade, pois o Estado debe permanecer á marxe do fenómeno relixioso e a presenza de símbolos varios desta natureza nos ámbitos públicos resulta «excluínte» para quen non profesa relixión ningunha (ateos, agnósticos) ou para quen, pro-

fesándoa, é partidario de relegar o fenómeno relixioso á esfera privada, posibilidade esta que adoita ser esquecida.

2.º) os conflitos entre dereitos fundamentais non poden ser solucionados en termos de maiorías. Cando de dereitos fundamentais se trata, en xeral, o criterio da maioría é pouco ou nada operativo, pero non pode ser esgrimido en ningún caso cando dous dereitos fundamentais en concreto están involucrados, liberdade relixiosa e liberdade de expresión, pois estes son, por definición, dereitos das minorías, dereitos recoñecidos para protexer os «disidentes».

### *B. En resposta a algúns críticos*

Moitos argumentos en contra foron esgrimidos pola parte contraria<sup>24</sup>, polos tribunais do contencioso administrativo<sup>25</sup>, polos maxistrados disidentes nos seus votos particulares<sup>26</sup> e pola opinión pública e os políticos<sup>27</sup>. Deterémonos en rebater especialmente algunha suxestión doutrinal que, baixo unha aparencia de «solución aceptable», podería encerrar aspectos cuestionables.

Non faltou quen<sup>28</sup> suxeriu a permanencia dos crucifixos nas aulas, como criterio xeral, a modo de «salida armónica» que deixe tamén a salvo os intereses da maioría. A proposta —que coincide coa posición adoptada pola nova lei de 1996<sup>29</sup> aprobada en Baviera a raíz da resolución do Tribunal Constitucional— consistiría en manter os crucifixos sempre que isto non entre en conflito coa protección das minorías. Aparentemente esta posición deixa unha canle aberta para que a maioría goce dos seus valores, pero co límite que representaría, no seu caso, a protección das minorías que acrediten un *interese xurídico* na retirada dos crucifixos ou calquera outro símbolo relixioso.

Atopamos algúns inconvenientes xurídicos de primeira orde nesta proposta que, só aparentemente, promete conciliar posicións e intereses.

En primeiro lugar, a presenza de cruces ou calquera outro símbolo relixioso nun espazo público (sexa escola, oficina, hospital ou prisión, por poñer os exemplos máis recorrentes) é contraria, en principio, ao deber de neutralidade estatal en materia relixiosa. Se en circunstancias especiais e plenamente xustificadas o Estado se ve na necesidade de «quebrantar» esa neutralidade en materia relixiosa á que vén obrigado, deberá: a) ser el o encargado de xustificar ou demostrar a existencia dese interese xeral e b) respectar en todo momento o principio de igualdade ou non discriminación entre confesións relixiosas, non podendo, polo tanto, primar unha fronte ao resto.

En segundo lugar —e isto nos parece mesmo máis importante porque pasa máis desapercibido e é moito menos respectuoso do contido esencial da liberdade relixiosa—, esixir ás minorías que actúen e soliciten a retirada de calquera símbolo relixioso da esfera pública alegando interese xurídico niso implica a obriga de declarar sobre as súas propias crenzas, contido esencialísimo e primeiramente protexido, mesmo desde unha perspectiva histórica, da liberdade relixiosa.

A resposta a esta contraargumentación non se fai esperar por parte dun xurista español: o noso Tribunal Constitucional xa se pronunciou sobre a posibilidade, plenamente constitucional, de ter que declarar sobre as propias crenzas a raíz do caso da obxección de conciencia ao servizo militar obrigatorio<sup>30</sup>.

A similitude aparente entre ambos os casos é innegable, pero existe, ao noso xuízo, unha diferenza esencial que non pode ser pasada por alto: no caso da obxección de conciencia ao servizo militar obrigatorio, atopámonos ante un deber xurídico cuxo cumprimento quere ser

eludido por un cidadán e a forma de facelo é, precisamente, declarando sobre as propias crenzas, que entran en contradición e conflito co devandito deber.

No suposto agora examinado —a presenza do crucifixo nas aulas das escolas públicas— non existe deber xurídico ningún imposto aos cidadáns que se ven «perturbados» pola súa presenza nun espazo público e cuxa retirada solicitan, máis ben todo o contrario: o Estado ten un deber de neutralidade e, correlativamente, os cidadáns teñen constitucionalmente garantido o pleno goce do seu dereito á liberdade relixiosa, goce que debe ser propiciado, favorecido e posibilitado activamente polos poderes públicos.

Sería, polo tanto, contradictorio e incoherente verse na obriga de declarar sobre as propias conviccións, relixiosas neste caso, para poder gozar dun dereito fundamental a cuxo goce se ten dereito *ex constitutione* cando non existe deber xurídico ningún que eludir. Atopariámonos, simplemente, ante o sacrificio inxustificable ou innecesario do contido esencial dun dereito fundamental (non poder ser obrigado a declarar sobre as propias crenzas) e todo iso só dando como argumento a favor o cuestionable «respecto e tolerancia cara aos los valores da maioría».

## 2.2. O caso italiano

### A. A cuestión permanece aberta

Tamén nun país de tradición<sup>31</sup> e presente<sup>32</sup> profundamente católico como é Italia se propuxo a retirada do crucifixo das aulas, en sede xudicial e en sede constitucional. Alí a resposta dada foi unha evasiva da Corte Constitucional a entrar ao fondo da cuestión por motivos formais.

Dous son, basicamente, os casos paradigmáticos e ben coñecidos:

a) **Caso Ofena**<sup>33</sup>: no primeiro dos casos, de gran resonancia mediática, un cidadán italiano de relixión musulmana, Adel Smith, solicitou a retirada cautelara dos crucifixos nas aulas das escolas maternal e primaria ás que asistían os seus fillos en Ofena (AQ). O Tribunal civil de Aquila, en actuación unipersonal, por *ordinanza* do 23 de outubro do 2003<sup>34</sup>, entendeu tacitamente derogadas as disposicións regulamentarias en virtude das cales ese símbolo relixioso debía formar parte do mobiliario das escolas, por consideralas incompatibles co cadro normativo resultante, dun lado, da garantía constitucional da liberdade de conciencia e relixiosa e do pluralismo relixioso e, doutro, da supresión da confesionalidade do Estado e a consideración da relixión católica como relixión oficial. A sentenza engade que, mentres un adulto pode ser menos sensible ou vulnerable á exposición a símbolos relixiosos ou condicionamentos culturais, os máis novos, pola contra, con bases e conviccións menos solidamente formadas, tenden a dar aos símbolos un valor maior.

Esta decisión foi posteriormente revocada polo *Tribunale dell'Aquila*, en actuación colexiada, en *ordinanza* do 29 de novembro do 2003, por considerar que a xurisdición competente sobre este tipo de controversias é a contencioso-administrativa, dado que se ve afectada a organización dun servizo público<sup>35</sup>. Esta postura foi sucesivamente confirmada pola *Corte di Cassazione*<sup>36</sup>.

b) **Caso TAR do Veneto**: neste segundo caso, Lauti, unha cidadá italiana de orixe finesa, non crente, solicitou ao TAR do Veneto análoga remoción dos crucifixos expostos nas aulas da escola intermedia pública de Abano Terme (PD) á que asistían os seus fillos. Á vista da petición e a normativa aplicable, o TAR do Veneto, por *ordinanza* n.º 56 do 14 de xaneiro do 2004, remitiu á Corte Constitucional unha *questione di legittimità* sobre os artigos 159 e 190

do Decreto Lexislativo n.º 297 do 16 de abril de 1994, cuxo contido viña sendo integrado, respectivamente, polo artigo 119 do Decreto n.º 1297 do 26 de abril de 1928 e polo artigo 118<sup>37</sup> do Decreto n.º 965 do 30 de abril de 1924, nos que se esixía a colocación dun crucifixo en cada aula escolar, como parte do mobiliario. A cuestión formulada repousaba na posible contradición existente entre o contido da normativa, por unha banda, e o principio de laicidade do Estado e os artigos 2, 3, 7, 8, 19 e 20 da Constitución, pola outra.

A Corte Constitucional, en *ordinanza* n.º 389 do 13 de decembro do 2004<sup>38</sup>, entendeu que a cuestión é manifestamente inadmisíbel porque as normas secundarias citadas, carentes de forza de lei, non integran o contido do Decreto Lexislativo e non pode pronunciarse sobre elas nun xuízo de lexitimidade constitucional.

Como resultado deste «pronunciamento» constitucional e como resultado da devolución da cuestión, o TAR do Veneto, sección III, en sentenza n.º 1110 do 22 de marzo do 2005<sup>39</sup>, rexeitou a solicitude formulada na demanda.

No mesmo sentido manifestouse o Consello de Estado (sez. VI, n.º 556 do 2006<sup>40</sup>). Considera o Consello de Estado<sup>41</sup> que a exposición do crucifixo na esfera pública é expresión de valores consubstanciais á cultura italiana e que están tamén recollidos na propia norma fundamental<sup>42</sup>.

### *B. Os paradoxos e contradicións criticados pola doutrina italiana*

A doutrina non tardou en comentar e criticar a resposta claramente evasiva dada pola Corte Constitucional no caso TAR do Veneto<sup>43</sup>.

O silencio da Corte Constitucional italiana pode ser entendible nun país profundamente impregnado das conviccións e prácticas propias do Catolicismo, ao tempo que criticable por non ter sequera suxerido «indicacións» a un problema de relevancia incuestionable na construción dun Estado de Dereito que pretende abundar na liberdade relixiosa e a igualdade entre confesións, cuestión que esixe neutralidade estatal. A súa actitude foi de extrema cautela ou precaución<sup>44</sup>, a diferenza do abertamente declarado noutras situacións que gardaban certo paralelismo respecto da contradición existente entre normas de rango regulamentario e a Constitución<sup>45</sup>. Limitouse a calar ou «lavar as mans» na que chegou a ser cualificada por algún autor de solución «pílatasca»<sup>46</sup>. Para outros, recoñecendo a conxuntura complicada na que se atopaba a Corte, a súa *ordinanza* vén reforzando as posicións máis intransixentes e afastadas da tolerancia ao non permitir, nun futuro próximo, presaxiar cambios<sup>47</sup>.

Con todo, a Corte Constitucional só aparentemente deu «a resposta do mudo», pois como pode, se non, ser interpretada a retirada do crucifixo da súa propia sede e a súa substitución por unha obra pictórica de valor histórico-artístico de primeira orde na que aparece representada unha *Madonna*?<sup>48</sup>

Se foi comentada e criticada a decisión da Corte Constitucional, máis aínda, se cabe, o foi a do TAR do Veneto (sentenza n.º 1110 do 22 de marzo do 2005), pois, se a inadmisibilidade constitucional era previsible, a resposta da xurisdición ordinaria foi simplemente «evasiva» por non ter afrontado a posible derogación tácita duns regulamentos da década dos anos vinte elaborados nun contexto político e xurídico moi diferente do actual<sup>49</sup>.

A sentenza n.º 1110 do TAR é, para unha parte considerable da doutrina, un argumento tecnicamente débil que repousa máis en consideracións e valoracións sociolóxicas que propiamente xurídicas, dalgún xeito innecesarias<sup>50</sup>. Catro son as premisas afirmadas na sentenza:

a) O asunto é competencia do xuíz do contencioso (malia que o precepto que serve de apoio para determinar a xurisdición do devandito órgano —artigo 33.e) do Decreto Legislativo n.º 80 de 1998— fora declarado inconstitucional pola Corte Constitucional en sentenza n.º 204 do 2004, de xeito que o caso, que afectaba a un dereito fundamental, podería terse entendido que era competencia da xurisdición ordinaria; tampouco é menos certo que o tribunal puido ter dado por producida a *perpetuatio iurisdictionis*).

b) As normas regulamentarias que prevén a exposición do símbolo da cruz considéranse plenamente viventes (malia entraren en contradición directa co principio constitucional de laicidade e neutralidade estatal fronte ás confesións relixiosas).

c) O crucifixo é considerado un símbolo con significado relixioso, pero tamén histórico, cultural e «identitario» (consideracións máis sociolóxicas que xurídicas, que modifican o valor relixioso do crucifixo).

d) O seu contido relixioso aparece vencellado á tradición cristiá, que está en harmonía e conexión coa tradición dos ordenamentos xurídicos occidentais (cuestión non negada, pero que debe ser, unha vez máis, conxugada coas formulacións derivadas da Constitución en materia de liberdade relixiosa, pois do contrario baleiraría de contido o principio de laicidade do Estado).

A conclusión á que chega o TAR é que a presenza do símbolo da cruz no ámbito público non lesiona, senón que afirma e confirma o principio supremo de laicidade do Estado. A doutrina non dubidou en criticar o razoamento seguido, cuestionable en certos puntos, pero máis aínda a conclusión á que se chega (máis incluso que o mantemento do crucifixo *per se*)<sup>51</sup>, así como a contradición existente entre a sentenza n.º 1110 do TAR e a decisión da Corte de Casación no caso Montagnana<sup>52</sup>.

Ante a insatisfacción xeneralizada da doutrina e a sentida necesidade de pechar unha cuestión decisiva que permanece aberta, foron ofrecidas distintas solucións ou alternativas: a) dado que a Constitución nin prohibe nin obriga á presenza do crucifixo, se cadra unha solución equilibrada sería deixar a decisión en mans da autonomía institucional e da discreción de cada órgano directivo, pois se a presenza dun símbolo relixioso nun aula non é obrigada nin obrigatoria (léase unha imposición normativa estatal), non ten por que ser incompatible coa neutralidade do Estado nin coa laicidade<sup>53</sup>; b) que resolva o lexislador a cuestión, ben incorporando ao ordenamento xurídico italiano unha solución similar á da lei bávara de 1996 (obxección de conciencia, intento de conciliación, retirada do crucifixo ou símbolos en xeral só en última instancia)<sup>54</sup>, ben optando sen ambigüidades pola neutralidade e a retirada de símbolos de significación relixiosa, para que así, por «paradoxal» que pareza, a lei poida ser recorrida ante a Corte Constitucional e esta, pola súa vez, pronunciarse<sup>55</sup>.

### **3. A XURISPRUDENCIA NORTEAMERICANA EN MATERIA DE LIBERDADE RELIXIOSA: UNHA EXPERIENCIA VALIOSA**

As palabras dirixidas polo primeiro presidente norteamericano, George Washington, en agosto de 1790, á Congregación xudía de Newport (Rhode Island) son unha elocuente testemuña da importancia central e decisiva concedida na sociedade americana aos valores de tolerancia e liberdade relixiosa desde o momento fundacional mesmo dos Estados Unidos<sup>56</sup>.



Malia que un ano despois, en 1791, a *Bill of Rights* se convertera en parte integrante da Constitución e a súa 1.<sup>a</sup> Emenda proclamaba, precisamente, a liberdade relixiosa e a liberdade de expresión, xa anteriormente a devandita Constitución, no seu texto orixinal, recollía no seu articulado a profunda preocupación que un pobo composto na súa orixe por «perseguidos por motivos relixiosos» manifestaba pola liberdade relixiosa e de conciencia, aínda que fose dun xeito tanxencial, no seu artigo VI, que impedía o sometemento a calquera investigación, pescuda ou proba de contido relixioso para poder acceder a un cargo público<sup>57</sup>.

A historia deste país demostra que existiron tamén episodios (algúns, incluso, institucionalmente amparados) de animosidade, discriminación e intolerancia contra grupos relixiosos minoritarios, pero non é menos certo que, malia todo iso, para o groso da cidadanía norteamericana, a liberdade relixiosa nunca deixou de ser un dos seus máis prezados e básicos dereitos civís, considerado un atributo irrenunciabile e inherente a unha sociedade libre.

### 3.1. Os casos máis sinalados da Corte Suprema dos EUA en materia de liberdade relixiosa: unha valoración de conxunto

Profunda, complexa e interesante, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo dos Estados Unidos sobre a 1.<sup>a</sup> Emenda, en materia de liberdade relixiosa, non por iso deixa de ser considerada (pola doutrina e polos propios *Justices*) como «desesperadamente confusa, inconsistente e incoherente»<sup>58</sup>.

Abundante e, case con total certeza, en plena evolución —ata o punto de merecer, por si soa, constituír obxecto de estudo independente e extenso— o agora pretendido é, simplemente, expoñer de forma «simplificada» e breve algunhas das claves e afirmacións esenciais que a Corte Suprema norteamericana puido destilar durante a súa prolongada experiencia resolvendo cuestións varias relacionadas coa liberdade relixiosa (moitas delas de chamado máis fondo e de maior complexidade xurídica que a retirada de símbolos relixiosos da esfera pública), recorrendo para iso ás *landmark decisions*. O repaso, mesmo superficial, da experiencia americana debería resultar proveitoso e enriquecedor para un xurista continental.

O primeiro dato que podería chamar a atención dun observador atento ten unha explicación sinxela: se ata a década de 1940 só se atopan casos illados<sup>59</sup> relacionados coa *religion clause*, isto é debido, en parte, a que antes do New Deal o Goberno federal desenvolvía un «papel reducido na vida americana»<sup>60</sup> e, fundamentalmente, a que só despois da incorporación da 14.<sup>a</sup> Emenda, en 1868, se produciu o cambio legal e xurisprudencial que fixo posible a extensión vinculante da 1.<sup>a</sup> Emenda, ata entón aplicable exclusivamente ao Goberno federal, tamén aos distintos Estados federados<sup>61</sup>.

O vencellamento dos Estados á 1.<sup>a</sup> Emenda (coñecida como *incorporation doctrine*) en materia de liberdade relixiosa podería ser considerado como un —por non dicir o único— dos poucos aspectos resoltos definitivamente pola *Supreme Court* no debate Igrexa-Estado. O significado e alcance deste vencellamento continúa, ata o de agora, a ser unha cuestión parcialmente aberta e, sen dúbida, debatida dentro e fóra do Tribunal Supremo.

A liberdade relixiosa —xenericamente recoñecida na 1.<sup>a</sup> Emenda— foi tradicionalmente subdividida pola doutrina e pola Xurisprudencia en dous grandes bloques materiais: *no establishment clause* (ou *free establishment*) e *free exercise clause*. Esta distinción resulta útil para a nosa exposición, aínda que tamén foi duramente criticada por algún autor<sup>62</sup>, que ve nela unha distorsión do verdadeiro significado orixinario da *religion clause*, preocupada, ante todo, por garantir a liberdade relixiosa como valor central dunha sociedade democrática, e tamén



un perigo contundente á hora de resolver casos concretos, por non mencionar a hipertrofia da *no establishment clause* respecto á *de free exercise*, á que non sempre resulta conveniente estender os criterios establecidos para a primeira. Ao perderse a visión de conxunto, o razoamento sobre a liberdade relixiosa pode acabar parecendo mecánico ou empobrecido e chegar a resultar errado.

A) A *no establishment clause* sempre foi un lugar común na organización política e xurídica norteamericana, tanto do Goberno federal coma dos Estados. A diferenza do sucedido en Europa desde tempos moi antigos, os Estados Unidos nunca tiveron relixión oficial (*state-supported church*) en canto Federación. Aqueles Estados federados que amosaban nos seus ordenamentos xurídicos trazas de relixión oficial, por superficiais que estas fosen, elimináranas de forma progresiva e voluntaria, a través dos seus propios procesos políticos, cara a 1833<sup>63</sup>. Sempre se percibiu a existencia de *state-supported churches* como contraria á liberdade relixiosa.

Atribúese a *Justice Black*, relator en *Everson v. Board of Education* 330 US 1 (1947)<sup>64</sup>, o mérito de ter sabido condensar boa parte do significado histórico da 1.<sup>a</sup> Emenda tal e como a concibiron os Pais Fundadores en materia de establecemento: o Goberno, tanto o federal coma os estatais, debe manterse absolutamente neutral non só respecto ás diferentes Igrexas protestantes (predominantes) ou respecto aos restantes grupos relixiosos, senón que tamén debe ser absolutamente neutral respecto aos crentes relixiosos e os non crentes. «Neither a state nor the Federal Government can pass laws which aid all religions. *The First Amendment was intended to erect a wall of separation between church and State*». Quedou así afirmado o deber de neutralidade estatal e a separación entre ordes .

Durante décadas, cada vez que o Tribunal Supremo tivo que argumentar en torno ao significado da *no establishment clause* tomou como referencia os nunca cuestionados principios de neutralidade e separación de ordes<sup>65</sup>.

Foi así ata que, en *Wallace v. Jaffree* 472 US 38 (1985), *Justice Rehnquist*, en voto particular disidente, realizou unha aproximación diversa ao significado orixinario da 1.<sup>a</sup> Emenda, afirmando que un correcto entendemento da mesma non prohibe ao Goberno mostrar apoio ou preferencia ningunha polo «fenómeno relixioso» respecto á «non relixión», sempre que non se decante por unha relixión concreta, facendo crebar o principio de igualdade e non discriminación entre credos.

Secundado por algúns autores e tamén duramente criticado por outros, o debate no interior do Tribunal Supremo semella estar servido, malia que a visión de Rehnquist foi novamente rexeitada, con carácter xeral, en *Lee v. Weisman* 112 US 2649 (1992). Porén, no relativo ao financiamento indirecto, a súa visión persoal sobre o significado da *no establishment clause* semella ter aberto unha fenda na doutrina da *Supreme Court* ata entón «compacta»<sup>66</sup>.

A visión de *Justice Black* sobre os principios de neutralidade e separación, aínda dominante, desencadeou a retirada de símbolos e outras manifestacións de significación relixiosa da vida pública norteamericana<sup>67</sup>. Antes de *Everson v. Board of Education*, a presenza de tales elementos na vida pública dunha sociedade profundamente relixiosa non se reputaba contraria á Constitución. Agora, si.

Malia que é certo que tamén neste punto o Tribunal Supremo transixiu en deixar unha «certa marxe» de liberdade noutros ámbitos da vida pública, no relacionado con escolas públicas de educación primaria e secundaria foi categórico e contundente: a maior facilidade dos menores de idade para ser influenciados na súa etapa formativa fainos

merecedores da máis estrita protección, de xeito que calquera «implicación institucional» co fenómeno relixioso é considerado, *a priori*, contrario á Constitución e aos principios de neutralidade e separación<sup>68</sup>.

B) A *free exercise clause*, por comparación coa de non establecemento, semella ofrecer un menor grao de coherencia xurisprudencial, ademais dun nivel máis aceso de debate doutrinal. Cabería mesmo pensar, logo dunha lectura superficial, que coa criticadísima *Employment Division v. Smith* 485 US 660 (1990) se produciu un retroceso xurisprudencial.

Se as apelacións á orixe e significado históricos da cláusula de non establecemento son frecuentes nas sentenzas do Tribunal para amparar a posición mantida polas súas maiorías, coa *free exercise clause* non acontece o mesmo e é a doutrina, fundamentalmente, a que se ocupou diso<sup>69</sup>. Os autores, pola súa banda, non conseguen poñerse de acordo sobre o significado da liberdade (relixiosa) de exercicio.

Unha primeira concepción entende que a *free exercise clause* está fundamentalmente orientada a promover e garantir a autonomía relixiosa, isto é, a posibilidade para os crentes de practicaren e viviren conforme á súa fe, mesmo cando a devandita práctica poida supoñer a contravención ou violación de leis aplicables á xeneralidade da poboación aprobadas sen intención discriminatoria ningunha por motivos relixiosos. Boa parte dos casos estimados polo Tribunal Supremo relativos á *free exercise clause* son casos de «obxección de conciencia» nos que un suxeito, por motivos relixiosos, elude de forma lícita o cumprimento dunha lei plenamente constitucional.

Así entendida —como favorecemento dunha autonomía relixiosa o máis plena posible—, o criterio do *strict scrutiny* mantido en *Sherbert v. Verner* 374 US 398 (1963) e *Wisconsin v. Yoder* 406 US 205 (1972) semella garantila mellor. Esa é a posición mantida pola doutrina máis «tradicional».

Unha segunda concepción (moi posiblemente minoritaria) da *free exercise clause*, a diferenza da anterior, pon o acento na garantía da igualdade entre credos e confesións.

Neste caso, a *rational basis review* mantida pola *Corte en Employment Division v. Smith* 485 US 660 (1990) podería ser entendida como unha mellor lectura da devandita cláusula<sup>70</sup>.

Poucas sentenzas do Tribunal Supremo dos Estados Unidos en materia de liberdade relixiosa desataron unha polémica tan intensa e un rexeitamento tan xeral como o fixo a recaída no caso *Smith*. Dela chegouse a dicir que é inconsistente co texto da 1.<sup>a</sup> Emenda e a forma en que a liberdade de exercicio viña sendo entendida, que supón unha ruptura brusca cos precedentes e unha traizón aberta á liberdade relixiosa entendida como valor fundamental dunha sociedade democrática, pois simplemente baleira de contido a *free exercise clause* e concede ao lexislador liberdade absoluta para facer o que queira<sup>71</sup>, retrocedendo a criterios mantidos tempo atrás en *Reynolds v. United States* 98 US 145 (1879)<sup>72</sup> e abandonando, dese xeito, a doutrina coñecida como *conduct exemption* desenvolvida en *Sherbert* e posteriormente acollida tamén en *Yoder*, segundo a cal o Goberno non pode aprobar ou facer cumprir unha lei que «grava» ou impide unha conduta realizada por motivación relixiosa a menos que con esa lei se estea a protexer un interese «imperioso» da maneira menos restritiva posible («the Government may non enact or enforce a law that burdens religiously motivated conduct unless it is protecting a compelling interest by the least intrusive means possible»).

En *Smith*, *Justice Scalia*, relator pola maioría, deu un paso decisivo cara a unha postura máis rixida (menos permisiva) no tocante a *free exercise cases*: «... generally applicable

religion-neutral laws that have the effect of burdening a particular religious practice need not be justified by a compelling governmental interest».

Divisoria no seo da Corte e profundamente criticada no terreo político e no plano académico durante anos (o rexeitamento á doutrina sentada en *Smith* é un lugar común nas Facultades de Dereito norteamericanas), nos últimos tempos atopa non só algúns defensores, senón que, ademais, o Tribunal Supremo semella ter confirmado a liña de pensamento así iniciada (ou retomada de *Reynolds*?) en *Church of Lukumi Babalu Aye v. City of Hialeah* 508 US 520 (1993)<sup>73</sup> e *Locke v. Davey* 540 US 712 (2004)<sup>74</sup>.

*Smith*, *Lukumi* e *Locke* deben ser lidas de forma conxunta<sup>75</sup>. É posible identificar nesa lectura de conxunto dous principios fundamentais en materia de *free exercise*: a) os tribunais deben, por defecto, aplicar favorablemente todas aquelas leis «aprobadas en forma debida», «neutras en contido» e «de aplicación xeral» tamén a condutas realizadas por motivación relixiosa; e b) os tribunais non deben aplicar estas leis unicamente cando sexa evidente que foron aprobadas con intención discriminatoria ou persecutoria por motivos relixiosos<sup>76</sup>. Recoñécese, deste xeito, outro principio fundamental en materia de liberdade relixiosa: o principio de non persecución (*nonpersecution principle*).

Aínda haberá que agardar novos casos relativos á *free exercise clause* e á *conduct exemption* para comprobar que dirección toma (de novo temporalmente?) a *Supreme Court*, pero se continúa na dirección que dá a impresión que escolleu en resolucións recentes, *Smith* non será —como algún autor suxeriu que podería ser— «un caso illado, non enmarcado no conxunto da xurisprudencia sobre liberdade relixiosa, senón comprensible á luz da loita contra un problema preocupante e fortemente vencellado ás políticas públicas: o consumo de drogas»<sup>77</sup>.

### 3.2. O Lemon Test: correccións e críticas

Como poderá terse comprobado logo dunha aproximación superficial, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo interpretando a 1.<sup>a</sup> Emenda e as *religion-clauses* dista de ser «pacífica» en todos os seus aspectos. A materia sobre a que se proxecta é complexa abondo como para merecer e xustificar diversidade de opinións e formulacións.

Con todo, e malia certas críticas puntuais por parte dalgúns autores, é unha experiencia valiosa, tanto pola súa calidade conceptual desde un punto de vista netamente constitucional, como pola variedade casuística que foi sometida ao seu xuízo. Tamén ofrece unha perspectiva diferente á habitualmente mantida en Europa e que debería resultar proveitosa á hora de argumentar xuridicamente: a neutralidade, a non discriminación e a non persecución por motivos relixiosos están na orixe fundacional dos Estados Unidos como nación e, inevitablemente, eses principios pesan no razoamento xurídico realizado pola Corte, do mesmo xeito que a existencia de antigas relixións oficiais e a maior uniformidade relixiosa existente ata hai pouco parecen pesar, en ocasións, na aproximación que se fai á cuestión relixiosa en Europa.

Ao longo da súa dilatada traxectoria, o Tribunal Supremo foi realizando afirmacións en torno ao fenómeno relixioso que poden ser consideradas basilares. Tamén elaborou un test de constitucionalidade, o coñecido como *Lemon Test*, para intentar racionalizar e homoxeneizar as súas respostas e eliminar, así, no posible, calquera sombra de arbitrariedade.

Entre as afirmacións xerais que veu realizando nas súas sentenzas, sen incluílas en ningún test ou operación racional de control da constitucionalidade, merecen ser salientadas:

1.ª) Non todas as manifestacións do fenómeno relixioso son beneficiosas ou merecedoras de protección: algunhas o son, outras non.

2.ª) A relixión é un fenómeno valioso, non en si mesmo considerado, senón tocante ao reflexo ou manifestación da opción libremente realizada por un individuo concreto: é o individuo o considerado valioso polo Dereito e a súa liberdade é a protexida polo Ordenamento xurídico<sup>78</sup>.

3.ª) A regra de non discriminación entre confesións é irrenunciable, sen importar o minoritarias ou «pouco convencionais» que poidan parecer aos ollos da maioría<sup>79</sup>.

Afirmacións xerais a parte, o Tribunal elaborou en *Lemon v. Kurtzman* 403 US 602 (1971) o coñecido como *Lemon Test*, aínda que, naturalmente, unhas e outro deberán ser conxugados de forma conxunta no razoamento xurídico. Debe tamén ser lembrada a distinción establecida polo Tribunal entre *test* e *standard* (*strict scrutiny, rational basis review...*).

Segundo o *Lemon Test*, pensado fundamentalmente para dar resposta aos casos relacionados coa *no establishment clause*, a actuación do lexislador, para ser constitucional e non vulnerar a 1.ª Emenda, debe: 1.º) perseguir unha finalidade netamente secular, 2.º) producir un impacto fundamentalmente secular na sociedade, e 3.º) non orixinar ou producir unha implicación ou aproximación excesiva entre Goberno e relixión.

Aséptico e, aparentemente, de aplicación sinxela, tampouco escapou ás críticas dentro e fóra da Corte, aínda que, formalmente, continúa vixente. Aplicado en *Aguilar v. Felton* 473 US 402 (1985), foi duramente cuestionado no voto particular formulado por *Justice O'Connor*, xa que o terceiro paso do test (que prohíbe que o Goberno se involucre en actividades relixiosas) pode chegar a resultar totalmente insalvable<sup>80</sup>.

Como alternativa ou corrección ao test tal como vén sendo formulado pola Corte, algún autor<sup>81</sup> propuxo que sexan tidas en conta de forma conxunta as dúas *religion clauses*, de xeito que o novo test podería ter a seguinte redacción ou formulación:

1.º) Será inconstitucional toda lei ou política pública cuxo propósito ou efecto sexa a uniformidade relixiosa, ben impedindo a práctica relixiosa dunha persoa ou colectivo (contraria á *free exercise clause*), ben forzando unha práctica relixiosa calquera (contraria á *no establishment clause*);

2.º) Unha lei ou política pública será inconstitucional se a súa aplicación interfere coa independencia dun colectivo relixioso en cuestións relevantes desde o punto de vista das crenzas do devandito colectivo;

3.º) A contravención dos dous principios anteriormente expresados só será constitucional, sempre do xeito menos intrusivo posible, cando: a) deban ser protexidos dereitos de terceiras persoas e b) deban ser asegurados, de forma equitativa, o goce dos beneficios e o reparo das cargas que a vida en sociedade comporta.

#### 4. CONSIDERACIÓNS EN TORNO A UN ASUNTO ANTIGO E PENDENTE

Veuse empregando o argumento «histórico» para explicar e case xustificar a presenza de innumerables símbolos e outros vestixios relixiosos na esfera pública: xuramentos sobre a Biblia; crucifixos nas aulas e nas tomas de posesión de autoridades e funcionarios públicos; fórmulas rituais de contido ou alusións relixiosas varias; símbolos relixiosos en escudos, emblemas e bandeiras; festividade de significación orixinariamente relixiosa; descanso dominical...

Que o noso pasado relixioso pesa na nosa tradición e na nosa cultura é un feito innegable: Europa como civilización<sup>82</sup> repousa sobre os piares da Filosofía grega, o Dereito romano e a Cristiandade<sup>83</sup>. Certamente, durante moito tempo a separación entre Relixión e Poder — e posteriormente entre Relixión e Estado— non constituía unha prioridade ou unha preocupación excesiva noutros tempos. A confusión, ou quizais sexa máis exacto falar de proximidade, era a tónica habitual<sup>84</sup>.

Aínda hoxe, centrándonos nos textos constitucionais, é frecuente atopar referencias de contido relixioso<sup>85</sup>. O debate sobre a conveniencia ou necesidade deste tipo de referencias propias da herdanza cultural nas Normas Fundamentais dos ordenamentos xurídicos suscitouse de novo a raíz da elaboración da «Constitución europea»<sup>86</sup>. Unha boa Constitución debe ter en conta as tradicións e a realidade social sobre a que se proxecta, entre outros factores. Os sistemas nacionais de relación entre Estado e relixión dan a impresión de seren moi diversos entre si, pero sobre esa primeira aparencia impónse unha realidade sólida: os principios de liberdade e igualdade do individuo<sup>87</sup>. Esa é a idea que debe guiar a reflexión sobre a posición que corresponde á Relixión nun Estado democrático de Dereito, cunha sociedade multicultural e plurirelixiosa. Aínda que as consideracións realizadas desde a perspectiva histórica ou sociolóxica son moi certas, vémonos na obriga de responder e argumentar como xuristas, con independencia de conviccións, crenzas ou formulacións persoais de calquera tipo.

O problema complicouse nos últimos anos pois, como ben puxeron de relevo algúns autores, os ataques do 11 de setembro do 2001 proporcionaron ao tema da liberdade relixiosa e a seguridade unha dimensión «entrelazada» ata entón descoñecida<sup>88</sup>.

Parece desprenderse «certa ilexitimidade constitucional de calquera provisión ou conduta dos poderes públicos que faga ostentación de símbolos relixiosos alleos á cultura de certos estratos sociais»<sup>89</sup>, aínda que recollan crenzas dominantes ou maioritarias, porque, en materia de dereitos fundamentais e liberdades públicas, a maioría non é un bo argumento.

O principio de laicidade non é só un xenérico recoñecemento do pluralismo relixioso. En sentido negativo, a laicidade esixe separación Igrexa-Estado. En sentido positivo, a laicidade presupón neutralidade, entendida como liberdade de conciencia e igualdade. É un concepto funcional que contribúe á determinación dos criterios de actuación que deben seguir os poderes públicos ante as diversas manifestacións do fenómeno relixioso para garantir o exercicio da liberdade relixiosa a todos por igual<sup>90</sup>.

A planificación urbana e o control do desenvolvemento territorial son, en boa medida, competencias dos gobernos locais tanto nos Estados Unidos como en moitos países industrializados do mundo, aínda que non en todos. A sentenza temperá do Tribunal Supremo dos EUA no caso *Cidade de Euclid (Ohio) contra Ambler Realty co.*<sup>3</sup> en 1926 sentou xurisprudencia ao darlles sanción constitucional ás competencias da administración local en canto a zonificación e desenvolvemento urbanísticos completos. Desde ese momento, cidades e condados estadounidenses continuaron a exercer, con carácter primario, as competencias sobre a construción. Durante a meirande parte do século XX, case todos os implicados no proceso de expansión urbana consideraron perfectamente sensata a devandita distribución de competencias, dado que se presupuña (e, en boa medida, séguese presupoñendo) que o desenvolvemento da construción afectaba principalmente, se non exclusivamente, os intereses das comunidades locais e as veciñanzas próximas. Non obstante, existen indicios que apuntan a un cambio manifesto en relación con esta perspectiva, que lle outorga ao desenvolvemento urbano unha importancia limitada para o interese público.<sup>4</sup>

Só unha minoría da poboación estadounidense vive en grandes cidades, mentres que a maior parte vive, traballa, fai as súas compras e divírtese en áreas suburbanas dispersas nunha paisaxe metropolitana afastada dos centros urbanos. Convertémonos, igual que está a acontecer con outros países desenvolvidos europeos e asiáticos, nunha nación metropolitana (e, cada vez máis, megapolitana). Nos EUA, as cen maiores áreas metropolitanas acollen o 65 % da poboación nacional (entre a cal se conta o 85 % dos inmigrantes e o 77 % das minorías do país), ao tempo que xeran dous terzos dos empregos nacionais e tres cuartos do PIB.<sup>5</sup>

Estas cen grandes áreas metropolitanas conteñen, así mesmo, máis de 9000 gobernos locais e un terzo delas traspasan as fronteiras xurisdicionais dos respectivos estados.<sup>6</sup> A práctica totalidade do crecemento que se espera para os próximos anos neste país (posiblemente 200 millóns de persoas máis nos próximos 50 anos) localizárase en só 20 megarexións dos EUA<sup>7</sup>, que acollerán, no 2040, dous de cada tres habitantes do país.<sup>8</sup> Agora ben, aínda que nos convertemos nunha nación cada vez máis megapolitana, non fixemos máis que empezar a abordar unha serie de graves e complexos problemas relativos ao desenvolvemento sustentable rexional.<sup>9</sup> Neste contexto, o presente artigo formula a necesidade nos EUA dun acordo institucional a nivel rexional para a execución dunha política megapolitana de xestión do crecemento.

Tendo en conta que tanto as cidades como os gobernos estatais e nacionais nos EUA e en todo o mundo están comezando a tratar un conxunto de cuestións problemáticas relativas ao desenvolvemento sustentable, parece probable que se produza un cambio de paradigma no marco das competencias reguladoras. É de esperar que, nos próximos anos, o control sobre zonificación e planeamento urbanístico, así como os investimentos en infraestruturas e transportes asociadas a eles, tanto no sector público coma no privado, operen no seo e co apoio dunha política central de desenvolvemento sustentable máis ampla a escala estatal e nacional. Por iso parece inevitable que se produzan intentos de reformas estruturais e sistémicas na política de planificación urbanística tanto no ámbito metropolitano coma no megapolitano. Tendo en conta o enorme crecemento futuro proxectado para os EUA tanto no referente á poboación do país como á edificación, é altamente probable que o debate sobre acordos máis amplos verbo das competencias rexionais se limite a cuestións

de tempo e grao, ao deseño e análise de potenciais pactos e formas institucionais metropolitanas, isto é, non a se tales transformacións son ou non oportunas, senón simplemente a como e cando se acometerán.

De feito, os asuntos relativos á capacidade e a eficacia das institucións existentes e da actual distribución de competencias son fundamentais para a análise da problemática asociada ao desenvolvemento sustentable.<sup>10</sup> Na actualidade obsérvase un crecente chamamento a axustes nos acordos relativos a competencias institucionais para a planificación urbanística, a vivenda, a enerxía e a mellora dos transportes e infraestruturas de apoio como antídoto contra os inconvenientes da dispersión rexional dependente do automóbil.<sup>11</sup> Por outra parte, as distintas propostas de aproximación metropolitana coordinada desde o ámbito rexional (ou mesmo megarexional) a unha política de planificación urbanística tanto nos EUA como noutras partes do mundo parece partir das seguintes ideas: (1) o crecente recoñecemento da insustentabilidade dunha dispersión rexional de baixa densidade e dependente do automóbil; (2) a cada vez máis clara concienciación de que os programas individuais de natureza local para a xestión do aparcamento, o crecemento e a zonificación de baixa densidade constitúen unha causa notable da dispersión rexional dependente do automóbil, posto que están sometidos, especialmente nos EUA, á estreiteza de miras local do SPAN («Si, Pero Aquí Non»)<sup>12</sup> e ás preocupacións fiscais da cidade; e (3) unha maior conciencia da vital importancia que entrañan a planificación urbanística e as decisións relativas ao investimento en construción pública e privada, transporte e infraestruturas asociadas á devandita planificación para o consumo de enerxía e recursos.<sup>13</sup>

Así mesmo, aséntase a convicción de que un crecemento residencial mellor deseñado e de maior densidade pode carrexar inxentes beneficios económicos para este país,<sup>14</sup> o cal ten que ver co emerxente papel da planificación urbanística como «elo da eficiencia» en continuo incremento para a futura prosperidade económica das nosas áreas metropolitanas.<sup>15</sup> Tal e como Richard Florida apunta na súa recente obra: «A nosa política pública debe perseguir a densidade no canto de combatela. Practicamente todos os expertos na materia coinciden en que nela se asentana innovación e a produtividade. Durante a meirande parte do século subvencionamos a suburbanización, o cal estimulou o consumo de automóviles e aparatos, activando así a economía industrial e posibilitando a adquisición de vivendas alcanzables por parte das familias. Non obstante, tamén diluíu a densidade necesaria para a innovación e o crecemento. Claro está que non todos os lugares teñen que ser coma Tokio ou Manhattan; seguramente abondaría con densidades do tipo de Silicon-Valley. Nada impide que sigamos a ter suburbios, pero a nosa política económica debe comezar a fomentar a densidade en lugar da dispersión.»<sup>16</sup>

En resumo, existe unha maior conciencia do transcendental papel que pode desempeñar unha política de planificación urbanística coordinada no ámbito metropolitano para a creación de núcleos urbanos prósperos de alta densidade como medio para construír comunidades sustentables no século XXI.<sup>17</sup>

## 2. PROBLEMÁTICA DA EXPANSIÓN REXIONAL DEPENDENTE DO AUTOMÓBIL

A problemática da expansión rexional dependente do automóbil percibiuse durante o século XX en gran parte como un asunto de «calidade de vida» asociado a elementos tales como a ausencia dunha escala humana e a imposibilidade de abranguer as distancias a pé no

noso estendido contorno construído, a falta dun verdadeiro sentido do lugar ou a carencia de espazos públicos con encanto, a escasamente atractiva arquitectura de portóns de garaxe e a paisaxe conformada por grandes aparcamentos, o tráfico conxestionado, a perda de zonas axeitadas para os nenos e para as persoas da terceira idade, ou a carencia de espazo aberto e de fauna e flora naturais nas proximidades.<sup>18</sup> Se ben todos os problemas enumerados seguen estando vinculados á dispersión, hoxe en día constitúen unicamente os máis obvios, fronte a aqueles outros aínda máis graves relacionados co crecemento dependente do automóbil no noso século XXI.

Consideremos agora estes últimos custos, máis importantes e en aumento. A comunidade científica actual advirte que agarda un quentamento global e un cambio climático de consecuencias devastadoras ao longo da presente centuria, debido, en boa parte, ás emisións de carbono procedentes do consumo de combustibles fósiles.<sup>19</sup> A práctica totalidade da enerxía utilizada nos EUA obtense deste tipo de combustibles (por riba do 85 %), principalmente do petróleo, do carbón e do gas natural.<sup>20</sup> Este país realiza o consumo de combustibles fósiles per cápita máis elevado do mundo e son estes combustibles, en especial o petróleo barato, os que impulsan a dispersión dependente do automóbil.<sup>21</sup> O consumo per cápita de gasolina no país cuadriplica o realizado polos condutores europeos e é case dez veces superior á cantidade utilizada polos condutores asiáticos.<sup>22</sup>

O noso modelo de desenvolvemento territorial rexional descentralizado e dependente do automóbil incrementa a pegada urbana a unha taxa varias veces superior á de crecemento demográfico. Isto é así mesmo en áreas próximas a cidades con tráfico fluído (segundo os niveis norteamericanos) como Chicago, Boston e Washington D. C. Así, por exemplo, a área de Chicago experimentou entre 1982 e 1997 un incremento demográfico do 9,6 % fronte a un crecemento do 25,5 % no territorio urbanizado.<sup>23</sup> Durante o mesmo período, a poboación metropolitana de Boston aumentou un 6,7 %, mentres que o seu territorio urbano medrou un 46,9 %.<sup>24</sup> Desde 1980, o incremento do número de quilómetros percorridos polos estadounidenses a bordo dun vehículo triplica a taxa de crecemento da poboación nacional.<sup>25</sup> Como consecuencia do uso do automóbil, o noso país (que alberga menos do 5 % da poboación mundial) realiza aproximadamente o 25 % do consumo de petróleo global e produce arredor do 45 % das emisións mundiais de gases de efecto invernadoiro (GEI) procedentes de automóviles.<sup>26</sup> A nosa economía depende totalmente do petróleo, o cal a fai especialmente vulnerable ás flutuacións no seu prezo e subministración, de tal xeito que unha interrupción significativa das importacións de petróleo (que supoñen máis do 60 % do consumo nos EUA) podería ter consecuencias desastrosas para a nosa economía.<sup>27</sup>

Así, máis do 80 % do petróleo consumido nos EUA destínase ao transporte (principalmente a turismos e camións), mentres que os desprazamentos en automóbil representan a maior fonte de consumo de emisións de GEI (arredor dun terzo do total).<sup>28</sup> O que é máis grave, as perspectivas de cambio desta situación que se divisan para o futuro próximo son escasas. Antes o contrario, o consumo de combustibles fósiles e, en particular, de petróleo aumenta cada ano nos EUA como consecuencia, en boa parte, do crecemento demográfico, o aumento da construción de vivendas, oficinas e empresas, o incremento do número de quilómetros percorridos a bordo dun vehículo e os tres millóns de novos automóviles que se suman anualmente ás estradas do país.<sup>29</sup>

Os custos infraestruturais que sosteñen tan dispersa paisaxe son tamén elevadísimos, ata o punto de que a suburbanización do panorama metropolitano dos EUA unicamente resul-

ta alcanzable obviando os custos do ciclo de vida das infraestruturas vinculadas ao automóbil. O país arrastra un déficit de mantemento de infraestruturas que ascende a case dous billóns de dólares e o seu incremento estímase en cen mil millóns de dólares anuais.<sup>30</sup> Deixámoslle á próxima xeración unha infraestrutura de pontes, autoestradas, túneles, viadutos, vías férreas, portos, gravames e redes eléctricas que debe ser renovada ou reparada urxentemente. Así, por exemplo, nos EUA existen actualmente 70 000 pontes con «deficiencias estruturais».<sup>31</sup> Pero a pesar das mencionadas deficiencias no mantemento de infraestruturas viarias, ningún outro país realiza un gasto per cápita en transporte máis elevado.<sup>32</sup> A cuestión é que, se non se realizan reparacións ou intervencións de mantemento, boa parte das infraestruturas de transporte e servizos públicos de moitas rexións do país virase abaixo ao longo do século XXI.<sup>33</sup>

A dispersión urbana contribúe tamén á deterioración da situación económica e a habitabilidade nos centros de numerosas grandes cidades e pobos. Nalgúns casos, a expansión urbana cara ao exterior tivo efectos destrutores nos centros urbanos. Por exemplo, só na última década, arrasáronse 28 000 casas en Detroit, unha cidade que perdeu a metade da súa poboación desde 1950.<sup>34</sup> Da mesma maneira, datos censais recentes mostran que numerosas cidades principais continúan perdendo poboación.<sup>35</sup> Este ciclo de expansión cara ao exterior e deterioración interna estase a producir actualmente en áreas suburbanas antigas, tal como ilustra o feito de que existan aproximadamente catro mil centros comerciais abandonados neste país, moitos dos cales se atopan en antigas áreas suburbanas afectadas pola continua expansión cara ao exterior.<sup>36</sup>

Desde 1950, ao redor de 2,5 millóns de norteamericanos faleceron en accidentes automobilísticos, o cal supón o dobre da cifra de baixas en combate en todas as guerras deste país, e moitos máis sofren incapacidade permanente ou lesións graves por esta causa.<sup>37</sup> O tráfico conxestionado e a contaminación procedente dos automóviles están detrás de diversas enfermidades pulmonares, coronarias e neurolóxicas, como a asma, o cancro, derramos cerebrais, doenzas cardíacas, anomalías conxénitas e patoloxías cerebrais.<sup>38</sup> Por outra banda, os investigadores están a estudar a correlación entre o estilo de vida sedentario propio da nosa cultura do automóbil e os crecentes índices de obesidade e diabete nos EUA.<sup>39</sup> Sábese, ademais, que as altas taxas de urbanización do territorio e deforestación representan unha importante fonte de emisións de GEI, do mesmo modo que o uso intensivo do automóbil constitúe unha causa significativa dos problemas de contaminación de augas deste país.<sup>40</sup> Todo iso supón un elevado prezo para o que se está a converter nunha forma de viaxar demasiado cara, inadecuada e saturada.

No seu conxunto, a suba dos prezos do petróleo, o empeoramento na conxestión do tráfico e o mal estado das infraestruturas supoñen unha grave ameaza para a futura prosperidade económica nos EUA. Na actualidade, pasamos xa ao redor de seis mil millóns de horas ao ano en atoamentos de tráfico, o cal representa perdas por valor duns sesenta mil millóns de dólares en produtividade económica.<sup>41</sup> De feito, a produtividade dos traballadores nos EUA atópase xa bastante por debaixo da rexistrada en Europa.<sup>42</sup> O noso país é, con moita diferenza, o principal consumidor de petróleo do mundo<sup>43</sup>, polo que a suba do seu prezo nos empobrecerá ao provocar un aumento dos prezos da gasolina, os alimentos, as mercadorías, os materiais de construción, os fármacos, os ordenadores e practicamente calquera produto ou servizo de consumo. Ademais, a suba de prezos desacelerará a creación de emprego, freará o investimento, atenuará o gasto por parte dos consumidores e, en xeral, minará o crecemen-

to económico. Máis aínda, este impacto será, con toda probabilidade, moito máis notorio nos EUA que en Europa ou en Asia debido á súa paisaxe altamente dispersa e ao seu elevado nivel de consumo de petróleo.<sup>44</sup>

Todo indica que os desprazamentos en automóbil serán cada vez máis caros e ata inalcanzables para numerosas familias estadounidenses. Os fogares gastan actualmente entre un 20 e un 35 % dos seus ingresos en transporte automobilístico,<sup>45</sup> de modo que a partir do momento en que a subministración alcance o seu punto máximo e a demanda continúe aumentando, a dependencia do automóbil resultará insustentable. Hai que ter en conta que en 1997 o noso país gastaba mil millóns de dólares semanais en petróleo, polo que hoxe en día, a un prezo de 1,06 dólares por litro de gasolina, o gasto dispárase ata case os dous mil millóns de dólares diarios.<sup>46</sup> En función da velocidade con que aumente o prezo do petróleo, existen posibilidades reais de que se produza un colapso urbano e económico tanto nos EUA como noutros países industrializados do mundo.<sup>47</sup> De feito, en decenas de países de todo o mundo xa tiveron lugar violentas revoltas e protestas relacionadas coa enerxía e a alimentación.<sup>48</sup> É posible que, nos próximos anos, os prezos do petróleo supoñan a ameaza máis grave á estabilidade e ao crecemento da clase media norteamericana desde a Gran Depresión do século XX.<sup>49</sup>

### 3. O FUTURO DAS ÁREAS METROPOLITANAS REXIONAIS

Os programas de xestión do crecemento e zonificación local contribuíron notablemente á expansión nos EUA deste modelo de dispersión rexional de baixa densidade, acelerando así o consumo de recursos e enerxía.<sup>50</sup> A zonificación é de natureza excluínte cuasi por definición, e iso foi e é certo mesmo en moitas das grandes cidades norteamericanas. Este tipo de desenvolvemento simplemente adoita localizarse (ou dispersarse) en zonas afastadas dos núcleos urbanos e, neste sentido, é o resultado dunha man moi visible das políticas de planificación urbana postas en práctica polos gobernos locais.<sup>51</sup> Aquelas cidades que venden as súas iniciativas de Desenvolvemento Verde deberían ter polo menos a honradez de considerar a responsabilidade derivada das súas políticas de zonificación nas «emisións de GEI xeradas pola exclusión» que se derivan dos desprazamentos en automóbil realizados por aqueles traballadores urbanos que se ven obrigados a establecer a súa residencia noutros lugares, así como polos propios residentes que deben desprazarse en coche aos seus lugares de traballo.<sup>52</sup>

Unha recente sentenza dun tribunal estatal estadounidense referente á zonificación contemplaba a aplicación dun «requisito de distanciamento en liña recta» que prohibía calquera forma de planificación de complexos plurifamiliares situados a menos de 1,6 km doutro complexo semellante dentro da comunidade.<sup>53</sup> Trátase do tipo de medidas que con demasiada frecuencia pasan por «planificación urbana» nas comunidades locais estadounidenses. Andres Duany e Peter Calthorpe, ambos os dous coñecidos críticos da zonificación local e defensores dun Novo Urbanismo menos dependente do automóbil, chamaron a atención durante anos sobre a necesidade de xestionar o crecemento nun contexto metropolitano máis amplo.<sup>54</sup> Como sinala Andres Duany, «A planificación rexional logra un aumento na escala da vida cotiá dos individuos. Neste sentido, a planificación no ámbito dun único pobo ou cidade raramente resulta eficaz, xa que os hábitos de traballo e compras adoitan levar a maior parte da xente a cruzar os límites municipais. ¿De que lle serve a unha cidade de Nova Inglaterra impedir o establecemento dos grandes almacéns Walmart para salvar a súa rúa principal se na cidade suburbana do lado os acollen cos brazos abertos? Un municipio que

intente limitar a dispersión arríscase normalmente a perder base tributaria en beneficio das cidades veciñas. Polo tanto, a planificación só pode ter un efecto significativo se se realiza a escala rexional.»<sup>55</sup>

É obvio que o dito non é ningún segredo para quen teña coñecementos acerca de programas de xestión do crecemento e zonificación local. De feito, hai anos que críticos como Richard Babcock, Anthony Downs e Robert Freilich advertiron que os programas de xestión do crecemento e zonificación de baixa densidade e de carácter local poden provocar unha fragmentación do desenvolvemento en toda unha rexión metropolitana,<sup>56</sup> cuestión que se repetiu con frecuencia na literatura.<sup>57</sup> O noso problema rexional na actualidade é que o poderoso brazo do SPAN converteu a moderación dos antigos modelos de «zonificación snob» noutros patróns de zonificación que poderían definirse como «hiperexclusión con esteroides». Vivimos nun mundo onde todo agás as zonas residenciais de luxo de baixa densidade (e, en ocasións, mesmo estas) se considera un uso do terreo indesexado pola poboación local.<sup>58</sup>

O habitual é que as inquietudes con respecto ao crecemento no seo dunha comunidade local sigan unha determinada dinámica política. Así, nas zonas que comezan o seu desenvolvemento, é frecuente que os residentes e empresas existentes vexan con bos ollos o crecemento na súa fase inicial, xa que leva consigo a posta en valor dos terreos e bens inmobles, o asentamento de novas empresas e certos servizos comúns desexables, tales como unha maior variedade de opcións en canto a compras, restaurantes e ocio. Non obstante, se o crecemento se produce con rapidez, esta actitude pro crecemento local pronto dá lugar a sentimentos encontrados unha vez que os residentes tropezan cos efectos negativos do crecemento continuado e a expansión dependente do automóbil. Durante o proceso, chega un momento en que o SPAN comeza a dominar a percepción pública do crecemento futuro, así como a política referente ao proceso de zonificación e planificación local.<sup>59</sup>

Co tempo, os ánimos anticrecemento chegan a un punto en que parece que case todo o mundo agás o *lobby* inmobiliario se converteu á doutrina CANCÁN (non Construír Absolutamente Nada Cerca de Absolutamente Ninguén). Neste contexto, xorden «activistas» do uso do terreo e organizacións veciñais de mentalidade cívica co obxectivo de promover a xestión do crecemento e o «interese público» (con frecuencia baixo as bandeiras da «protección ambiental» e a «loita contra a dispersión»), que oprimen a cidade para que execute programas de xestión do crecemento e zonificación cada vez máis intensivos e restritivos. Deste xeito, o crecemento e o avance excluídos desa comunidade adoitan rematar por desprazarse a comunidades máis rurais e menos desenvolvidas que teñan unha actitude positiva ante o crecemento e restricións máis laxas en canto ao uso do terreo, que ademais é, en todo caso, máis barato.<sup>60</sup>

Por outra banda, os programas locais de zonificación e xestión do crecemento aplícanse co fin de mellorar a calidade de vida dentro dunha determinada comunidade local, onde os controis sobre o uso do terreo poden abordar, polo menos parcialmente, os problemas internos de desenvolvemento fragmentado, desordenado e inadecuado. Trátase de programas de natureza, polo xeral, excluínste e de baixa densidade, polo que adoitan derivar nunha dispersión rexional necesaria por lei. Esta foi e segue sendo unha importante e ben recoñecida dinámica de crecemento local, zonificación e dispersión rexional nos EUA.<sup>61</sup>

Así, por exemplo, segundo un recente informe sobre dispersión rexional na área metropolitana de Washington D. C., máis da metade do terreo periférico está protexido do desenvolvemento suburbano convencional por diversos programas de zonificación e xestión do



crecemento que esixen parcelas de entre 1,2 e 10 hectáreas para construír unha casa. Se ben estas limitacións á construción rural están deseñadas para protexer os terreos agrícolas, bosques e pradarias, unha visión rexional dos modelos de desenvolvemento indica que, en realidade, moitas destas medidas antiexpansión aceleraron o consumo de bosques e campos ao empurrar os promotores cara ao exterior na súa busca de terreos edificables.<sup>62</sup>

A expansión dispersa das áreas metropolitanas do país cara a aneis externos esgota o terreo en estado natural (o arboredo e a cuberta vexetal actúan como importantes vertedoiros de carbono que reducen as emisións de GEI), aumenta a contaminación da auga e do aire, e require grandes investimentos en transporte, redes de sumidoiros, subministración de auga e tratamento de augas residuais para reducir os danos ambientais asociados ao crecemento. Ademais, incrementa enormemente o consumo de petróleo e a emisión de GEI procedentes de automóviles. Dan Silver, director da Liga de Hábitats en Perigo de Extinción (EHL), con sede en Los Ángeles, propúxolles aos activistas ambientais a adopción dunha estratexia que trate de dirixir o desenvolvemento cara aos núcleos urbanos en lugar de procurar a absoluta detención do crecemento.<sup>63</sup> Silver apunta que máis que impedir o crecemento, as tradicionais demandas antidispersión simplemente o desvían a outros barrios ou suburbios.<sup>64</sup>

Nos EUA, a taxa de urbanización de terreos pode triplicar ou cuadruplicar a de crecemento demográfico.<sup>65</sup> Tendo en conta o enorme volume desta última taxa e a expansión do contorno construído proxectada para o país, é probable que a situación empeore en lugar de mellorar.<sup>66</sup> Recentes informes sobre o crecemento nos EUA indican que a poboación nacional, que acadou os 300 millóns de habitantes no 2006, podería sumar outros 100 millóns de persoas ata o 2035, 150 millóns máis ata o 2050 e talvez outros 300 millóns ata fin de século.<sup>67</sup> Ademais, os expertos en temas de cambio demográfico e poboacional en relación co desenvolvemento do contorno construído prognostican que a tendencia á descentralización das áreas metropolitanas de Norteamérica continuará ao longo dos próximos anos.<sup>68</sup>

Por outro lado, agárdase que o crecemento demográfico nos EUA provoque un aumento espectacular no consumo de recursos e enerxía. Tanto é así que, por moito que reciclemos, inchemos os pneumáticos, apaguemos as luces e usemos bolsas de tea para a compra, non parece que ningunha destas medidas vaia ser suficiente para saír do atranco.<sup>69</sup> Reflexionemos sobre as seguintes estimacións: para aloxar a poboación esperada só para os próximos corenta anos habería que construír ao redor de 100 millóns de novas vivendas e máis edificios non residenciais dos que existen actualmente no país. Se realmente se produce o crecemento agardado, dous terzos dos edificios que haberá nos EUA no 2050 construíríanse a partir do ano 2000.<sup>70</sup> Así mesmo, ao ritmo actual de aumento anual no número de automóviles, dentro de 40 anos podería perfectamente haber por enriba de 100 millóns de automóviles máis saturando as estradas do país.<sup>71</sup>

#### **4. UN MARCO MEGAPOLITANO PARA A XESTIÓN DO CRECEMENTO**

O modelo estadounidense de control local sobre a edificabilidade do terreo a través de réximes de zonificación excluíntes de baixa densidade recoñécese cada vez con maior claridade como causa sensible de dispersión rexional insustentable.<sup>72</sup> En certas comunidades norteamericanas en proceso de desenvolvemento suburbano, a zonificación local pode restrinxir a densidade a non máis de vinte vivendas por 2,6 km<sup>2</sup>, o que equivale aproximadamente a unha casa por cada 14 hectáreas de terreo.<sup>73</sup> Este tipo de regulacións non poden considerarse de «planificación urbana», senón dun modelo de planificación que evita a urbanización e

garante a dispersión rexional. Contrariamente á crenza popular, esta forma de zonificación de espazos abertos non responde a esixencias legais para protexer os dereitos dos propietarios,<sup>74</sup> senón que se trata simplemente da tradicional resposta miope á concepción SPAN de «conservación do territorio». Non obstante, parece cada vez máis evidente que a planificación urbanística constitúe unha ferramenta potencialmente clave para dar solución a moitos dos problemas rexionais derivados da dispersión.<sup>75</sup> Neste punto, o dilema do século XXI xira en torno a como facer da zonificación e a planificación urbanísticas locais, que representan boa parte do problema de sostibilidade no noso país, instrumentos para un crecemento metropolitano sustentable.<sup>76</sup>

Arredor dun 75 % do consumo de enerxía realizado nos EUA pode atribuírse a edificios (48 %) e transporte (27 %), dous elementos que poden ser de vital importancia nun plan de desenvolvemento urbano sustentable.<sup>77</sup> O desenvolvemento verde e a planificación urbanística aliados poderían reducir as cifras achegadas ata nun 50-80 % moderando o uso de vehículos e utilizando edificios e infraestruturas enerxeticamente eficientes.<sup>78</sup> Con todo, é moi probable que a zonificación e a planificación urbanística sigan constituíndo unha gran parte do problema baixo o réxime xurisdiccional do SPAN, que abraza o mantra de «pensar globalmente, pero excluír localmente», posto que o seu modelo de edificación de baixa densidade parece gravado a lume en moitas comunidades.<sup>79</sup>

Aínda que se falou dun «renacemento urbano» en Norteamérica durante a década dos 90 (normalmente en alusión ao distrito de negocios central das cidades estadounidenses), os datos censais evidencian que a densidade demográfica continuou diminuindo en todas as rexións do país.<sup>80</sup> É máis, o recente censo do 2007 amosa que moitas grandes cidades estadounidenses como San Francisco, Chicago, Filadelfia, Baltimore, Memphis, San Antonio, Cleveland, Minneapolis, Pittsburgh, e Birmingham, entre outras, seguen a perder poboación.<sup>81</sup> A meirande parte da obra nova segue executándose en novas áreas suburbanas apartadas, ao tempo que a práctica totalidade do terreo residencial en case calquera rexión metropolitana adoita estar legalmente restrinxido á promoción de chalés unifamiliares con zonas comúns que, en parte, serven de amortecemento ao longo das autoestradas interestatais, polígonos comerciais ou lugares mesmo máis molestos, case todos eles dependentes do automóbil.<sup>82</sup>

Calquera que fose o sentido orixinal desta política de zonificación, hoxe pertence ao pasado. Todas as análises comparativas nacionais mostran que non existe correlación ningunha entre a dispersión suburbana de baixa densidade e os índices de propiedade da vivenda, revalorización inmobiliaria, creación de emprego, ingresos per cápita ou crecemento económico (non hai máis que preguntarlles aos habitantes de Londres, Barcelona ou Shanghai). Hoxe en día, os intereses rexionais, estatais, nacionais e ata globais son opostos a este réxime normativo local de baixa densidade e totalmente obsoleto.<sup>83</sup>

Os programas de xestión do crecemento locais de baixa densidade e carácter excluínte resultan cada vez menos funcionais á vista da cambiante demografía do mercado estadounidense, se ben este feito non é, obviamente, garantía da súa desaparición inmediata. Todo indica que os mercados inmobiliarios das nosas áreas metropolitanas se están a desprazar cara a áreas empresariais intensivas de natureza rexional e policéntrica con capacidade para acomodar barrios residenciais integrados de alta densidade que se localicen nas proximidades.<sup>84</sup> Tanto nos centros urbanos coma nas zonas suburbanas máis antigas podería lograrse un incremento da densidade mediante programas de reedificación centrados nas vilas urba-

nas de maior densidade e de uso mixto, abertos ao transporte público e aos peóns, que resultan moito máis sustentables.<sup>85</sup>

O segmento do mercado inmobiliario cun crecemento máis rápido na actualidade é o da edificación de maior densidade, uso mixto e menor dependencia do automóbil. Calcúlase que no ano 2010 un 70 % da nosa poboación corresponderá a fogares unipersoais e de niño baleiro, que son compradores preferentes deste tipo de vivendas en zonas de alta densidade.<sup>86</sup> É altamente probable que a maioría dos mencionados fogares sen fillos se decanten por zonas céntricas intensivas de tipo suburbano ou mesmo urbano, que proporcionan maior calidade de vida e menor dependencia do automóbil.<sup>87</sup>

Esta «urbanización» aberta ás persoas (máis que aos coches) dos nosos núcleos suburbanos antigos e mesmo dos modernos podería levar consigo a vantaxe de facilitar un abano máis amplo de opcións en canto ao estilo de vida e tipo de vivenda, así como provocar un impacto ambiental menos agresivo ca o da expansión convencional. Neste sentido, existen estudos neste país segundo os cales os propietarios queren cambiar casas grandes por outras máis pequenas para vivir nun contorno máis aberto ás persoas, con instalacións de uso mixto e servizos comúns peonís nas proximidades.<sup>88</sup> Ademais, é probable que a suba dos prezos do petróleo e a importante caída dos mercados hipotecario e da vivenda nos EUA se alíen para debilitar notablemente, polo menos a curto prazo, a continuidade da dispersión convencional en urbanizacións e incrementar a promoción neste país de zonas residenciais acoutadas de maior densidade.<sup>89</sup> Deste xeito, é de esperar que as novas promocións inmobiliarias de baixa densidade dependentes do automóbil e localizadas na periferia suburbana se consideren produtos de valor cada vez máis incerto ou, talvez, mesmo en descenso e que, en todo caso, resulten difíciles de financiar.<sup>90</sup>

Con toda probabilidade, os EUA presenciarán nos próximos anos a densificación e «urbanización» das súas áreas suburbanas máis antigas e tamén das máis recentes.<sup>91</sup> De feito, esta «urbanización dos suburbios» estase a producir xa en moitas rexións do país e, como afirma Joel Kotkin, seguramente se converterá na «próxima gran fronteira» norteamericana.<sup>92</sup> Desafortunadamente, é de esperar tamén que, ao abeiro dos réximes de zonificación de baixa densidade existentes, estas promocións de alta densidade adoezan dunha planificación deficiente e se vexan relegadas a zonas de amortecemento residuais e illadas. Por defecto, deseñaranse, seguramente, baixo os réximes de zonificación existentes con densidades que continuarán marcando a súa absoluta dependencia do automóbil. É pouco probable, en cambio, que sexan planificadas e executadas como comunidades verdes nun marco de xestión do crecemento rexional. En resumo, as altas densidades por si mesmas non lograrán crear núcleos urbanos sustentables de uso mixto e elevada calidade de vida.<sup>93</sup>

O problema que se manifesta con demasiada frecuencia nos EUA é que os proxectos de recheo e redeseñamento son de tan baixa densidade que perde sentido a implantación de sistemas de transporte público eficientes ou quizais mesmo bos servizos de autobuses.<sup>94</sup> En cambio, cunha densidade suficiente, resulta factible a posta en marcha dun sistema de transporte intrarrexional amplo, como o tren lixeiro, que podería chegar aos aeroportos rexionais, e mesmo un sistema interrexional de alta velocidade (ao redor dun 50 % dos voos que se realizan nos EUA poderían substituírse de maneira eficiente por un sistema ferroviario megarrexional de alta velocidade), o cal se lograría dedicando a transporte público o aforrado no coche privado.<sup>95</sup> Se algo parece obvio é que non somos suficientemente ricos, e segu-

ramente tampouco o seremos no futuro, para financiar dúas redes de transporte caras e eficientes (a do vehículo privado e a pública) nas nosas áreas metropolitanas en expansión.<sup>96</sup>

A pesar de que poida existir unha planificación rexional do transporte para os servizos de tren lixeiro ou autobús de alta velocidade, o chamado desenvolvemento orientado ao transporte (DOT) en estacións ou nós de comunicacións importantes simplemente non existe neste país (e seguramente non existirá en moitos anos debido, en parte, á proliferación de promocións inmobiliarias en zonas alternativas dentro dunha mesma rexión) con densidades que xustifiquen o investimento en infraestruturas ou possibiliten a existencia dun amplo abano usos mixtos e servizos comúns abertos aos peóns.<sup>97</sup> As densidades DOT cobran verdadeiro sentido cando permiten que un gran número de habitantes vivan, traballen, fagan a compra e se entreteñan sen ter coche ou sen sequera ter que recorrer ao transporte público a diario.<sup>98</sup> Proporcionar un contorno construído libre de coches como opción de vida cotiá dispoñible en numerosos lugares parece moi sensato nunha etapa en que asistimos á suba dos prezos da enerxía e en que o modelo tradicional de baixa densidade está a ser rapidamente desterrado dos nosos mercados inmobiliarios.<sup>99</sup>

Neste punto, seguramente teñamos algunha lección que aprender dos nosos irmáns que se atopan ao outro lado do Atlántico. Non cabe dúbida de que América non é Europa, pero aínda así debemos ter en conta que as cidades europeas teñen unha experiencia moito máis dilatada no desenvolvemento de sistemas de transporte público e, dado que en xeral se trata de países menos opulentos, posiblemente sexan tamén máis sensibles aos custos e beneficios dos investimentos en infraestruturas e das promocións inmobiliarias relacionadas con estas.<sup>100</sup> Nos modelos de transporte europeos, unha área DOT pode abranger un radio de máis dun quilómetro e medio ao redor dunha parada e ter densidades medias de entre 60 e 250 unidades por hectárea. En Europa, as densidades adoitan gardar relación e proporción co obxectivo e a política de investimento en transporte e infraestruturas públicos,<sup>101</sup> o cal parece ser aínda un concepto novo en Norteamérica. Non obstante, as posibilidades de que se produza neste país semellante tipo de desenvolvemento coordinado e planificado nun prazo razoable e economicamente viable son escasas, a falta de normas, plans e obxectivos de xestión do crecemento coordinados a escala rexional que o apoiem. Así, por exemplo, tanto o sistema ferroviario BART (transporte rápido da área da Baía) en San Francisco como o metro de Washington D. C., ambos os dous construídos hai máis de 30 anos, seguen agardando o desenvolvemento de densidades ao estilo europeo en moitos puntos DOT situados na área de influencia de estacións próximas.<sup>102</sup> Neste país é necesario emprender un verdadeiro DOT independente do automóbil máis ben preto do principio que cara ao final do presente século.<sup>103</sup>

Nos EUA, as áreas DOT de transcendencia rexional atópanse case sempre baixo o control de zonificación local, que adoita prohibir ou desfavorecer considerablemente un desenvolvemento máis compacto e intensivo cando conta coa oposición dos veciños, como acostuma ser o caso.<sup>104</sup> Unha iniciativa DOT consistente, por exemplo nun aparcamento disuasorio<sup>105</sup>, un centro comercial ou un Taco Bell, xunto cun edificio de apartamentos ou de oficinas de dous ou tres pisos nos arredores non constitúe unha visión alternativa de desenvolvemento sustentable, senón simplemente un caro intento de intervención no tráfico.<sup>106</sup> Como medida de control de tráfico, sería máis eficiente limitarnos a pagarlle a algunha xente por non usar o coche. Por outra banda, as áreas DOT son, moitas veces, simplemente iso: áreas individuais de escasas dimensións, cando o que precisamos é espazo para comunidades e barrios enteiros. Da mesma maneira, o feito de que arredor dun novo proxecto de vivendas existan zonas

para camiñar e montar en bicicleta non o converte nun contorno aberto aos peóns e ás bicicletas, xa que tal designación require que existan lugares e destinos reais aos que se desprazar camiñando ou en bicicleta (só deste xeito será un contorno menos dependente do automóbil) e iso dificilmente se logra sen contar con densidades moito máis elevadas.<sup>107</sup> Cabe destacar que unha altísima porcentaxe do espazo e os custos da construción que se realiza na actualidade, mesmo baixo a bandeira do Crecemento Intelixente, se dedica ao aparcamento, garaxes e circulación de automóviles.<sup>108</sup> En última instancia, incorrerase en elevados custos só por finxir que estamos a solucionar estes graves problemas de desenvolvemento.

O apoio rexional ás políticas e obxectivos de planificación urbanística cruciais parece un ingrediente indispensable para a planificación de áreas metropolitanas sustentables. Así, é lóxico que as decisións relativas á xestión do crecemento local con respecto ás áreas seleccionadas para DOT ou para outras medidas de desenvolvemento intensivo dos núcleos urbanos necesiten o apoio dunha política de crecemento urbanístico e unha demanda de mercado concentradas e moldeadas a escala rexional.<sup>109</sup> De feito, o éxito inequívoco do programa de xestión do crecemento rexional de Portland (Oregón) durante os últimos trinta anos constitúe a parte rexional da construción de oficinas e comercial que se realizou no seu centro urbano, en gran parte, como resultado de políticas de planificación deliberadas que dirixiron o desenvolvemento cara a unha área de crecemento predeterminada.<sup>110</sup> Trátase tamén dunha técnica de planificación empregada con grande éxito nalgúns países europeos.<sup>111</sup>

Con todo, nos EUA, os plans urbanísticos locais non contan co apoio de políticas de crecemento coordinadas das demais xurisdicións locais existentes na rexión.<sup>112</sup> En efecto, os plans de desenvolvemento verde coherentes coa demanda do mercado dun crecemento compacto máis sustentable en numerosas áreas metropolitanas, onde se producirá a práctica totalidade do crecemento futuro deste país, rara vez (ou nunca) contan co apoio de políticas de crecemento urbanístico rexionais coordinadas.<sup>113</sup> Para acadar o desenvolvemento de usos mixtos e maiores densidades (é dicir, non dependente do automóbil) en núcleos urbanos planificados será necesaria, con toda probabilidade, a selección e designación coordinada a escala rexional das zonas destinadas ao crecemento e das que non o están. Loxicamente, estes plans terían que estar integrados rexionalmente e coordinados coas decisións relativas a grandes investimentos en infraestruturas e transporte público.<sup>114</sup> Non obstante, nada do anterior parece probable coa actual estrutura de competencias local.<sup>115</sup>

Na actualidade, a combinación da suba dos prezos do petróleo e a cambiante demografía de mercado favorece exactamente este tipo de reforma en cuestións de planificación e zonificación.<sup>116</sup> Xa no contexto da actual caída dos mercados, os modelos residenciais de alta densidade e menor dependencia do automóbil parecen conservar mellor o seu valor ca aqueles que se localizan na periferia suburbana.<sup>117</sup> Igualmente, as promocións de vivendas comunicadas mediante transporte público ofrecen mellores resultados que as urbanizacións convencionais, que requiren un uso máis intensivo do automóbil.<sup>118</sup> Por primeira vez na historia deste país, os prezos de revenda das vivendas en complexos plurifamiliares están a evolucionar igual ou mellor ca os dos chalés unifamiliares nunha mesma rexión.<sup>119</sup> Segundo un informe, o mercado da vivenda pegada máis compacta e con pouco terreo sofre un déficit de oferta tal que, aínda que nos próximos 25 anos se constrúen unicamente promocións deste tipo nos EUA, o país seguiría tendo un exceso de casas unifamiliares cun terreo amplo.<sup>120</sup> Afortunadamente, este aumento da demanda de obras de maior densidade e menor dependencia do automóbil coincide coa necesidade de planificar un «desenvolvemento verde» sus-

tentable aberto ao tráfico, a bicicletas e a peóns nas nosas áreas metropolitanas.<sup>121</sup> No debate sobre políticas de xestión do crecemento, talvez pague a pena mencionar que unha construción de maior densidade non constitúe, en si mesma, a solución á necesidade de opcións de desenvolvemento máis ecolóxicas,<sup>122</sup> senón que simplemente achega a oportunidade de realizar unha planificación para logralo.<sup>123</sup> Aínda que só sexa por necesidade, é probable que co tempo aumenten as densidades no noso país mediante o recheo e redesenvolvemento tanto das áreas suburbanas máis recentes como das máis antigas, co fin de acomodar o futuro crecemento demográfico, unha tendencia que se verá favorecida pola suba dos prezos do petróleo.<sup>124</sup> Non obstante, a menos que a planificación e o deseño determinen o contrario, é de esperar que as nosas comunidades e rexións sigan sendo lugares dependentes do automóbil onde, como acontece en Los Ángeles (a área urbanizada máis densa dos EUA), os cidadáns vivirán en contornos de alta densidade dependentes do automóbil e afectados por unha planificación deficiente.<sup>125</sup> Se isto sucede, a vida en Norteamérica será, con toda certeza, máis pobre e planificarase en función dos elevados custos do petróleo e da conxestión do tráfico.<sup>126</sup> Pola súa banda, o modelo actual seguramente resultará tamén insustentable.<sup>127</sup> Se non se establece un marco xurisdiccional a escala rexional que fixe unha serie de obxectivos e normas sustentables para a zonificación e a planificación urbanística local, é de esperar que este sexa o panorama nas áreas metropolitanas estadounidenses dentro duns anos.<sup>128</sup>

## 5. POLÍTICAS DE PLANIFICACIÓN REXIONAL E O BENESTAR XERAL

Os beneficios potenciais das áreas urbanas máis compactas coñécense e discutíronse durante anos.<sup>129</sup> Estas áreas poden deseñarse, por exemplo, de tal maneira que consuman unha cantidade moito menor de recursos e enerxía, ofrezan infraestruturas e servizos públicos máis económicos e eficientes, especialmente no que atinxe a opcións de transporte público, e acomoden un amplo abano de tipos de vivenda, así como numerosas opcións de servizos comúns próximos abertos ás persoas, todo iso a unha escala humana que resulta imposible ou pouco práctica nunha paisaxe dispersa de baixa densidade.<sup>130</sup> Obviamente, esta é e foi sempre a perspectiva dos movementos de «Crecemento Intelixente» e «Novo Urbanismo» nos EUA.<sup>131</sup> Durante case unha xeración enteira, estes e outros grupos fomentaron este tipo de cambio no paradigma do actual desenvolvemento de dispersión rexional dominada polo automóbil. Non obstante, o certo é que os esforzos realizados ao longo destes anos rara vez produciron un efecto totalmente acorde con esta visión alternativa.<sup>132</sup>

Se ben é certo que os mencionados intentos de reforma incrementaron o nivel de concienciación pública con respecto á necesidade dun cambio na planificación do contorno construído, houbo contadas transformacións reais no paradigma de desenvolvemento do país.<sup>133</sup> Boa mostra diso é o dato de que ao redor dun 80 % dos proxectos de vivenda nova iniciados nos últimos anos foron de chalés unifamiliares que, ademais, son de maiores dimensións a pesar da redución do tamaño dos fogares.<sup>134</sup> Mesmo as promocións de Novo Urbanismo que chegaron a construírse adoitan ser proxectos illados de baixa densidade que poucas veces contan cun conxunto de usos mixtos abertos ás persoas e servizos comúns a escala humana nas proximidades, e que tenden a ser, en boa medida, cando non totalmente, dependentes do automóbil.<sup>135</sup> É máis, practicamente todas as formas de complexos plurifamiliares de alta densidade que se constrúen na actualidade neste país acostuman ser absolutamente dependentes do automóbil. Modelamos o contorno construído

estadounidense para que se adapte ao recordo e ás cada vez máis obsoletas preferencias dun século xa pasado.<sup>136</sup>

Con todo, o problema non radica na perspectiva do Novo Urbanismo que, como forma de estruturación de vivendas e estilos de vida, é cada vez máis compatible co cambiante mercado residencial deste país.<sup>137</sup> A cuestión é que estes proxectos de desenvolvemento ecolóxico son, en moitas ocasións, simplemente ilegais segundo os códigos de zonificación locais ou enfróntanse á forte e eficaz oposición dos SPAN próximos que dominan o proceso de planificación urbanística local.<sup>138</sup> O certo é que as cidades fan un labor excelente á hora de dar a «charla verde» e pésimo á hora de percorrer o «camiño verde» en canto atinxe á zonificación e a planificación urbanística local. Como sinala un recente informe, baixo o actual réxime local, os SPAN están en condicións de bloquear, case sempre, calquera cambio real ou reforma na zonificación: «Para resolver os problemas que se nos presentan, a zonificación debe reformarse polo menos dez veces máis rápido do que se está a facer actualmente, o cal, na miña opinión, acontecerá, por dicilo así, por enriba do cadáver dos SPAN. Non hai ningunha motivación nobre, nin sequera racional, na súa oposición ao crecemento intelixente. Mentres que no caso da construción convencional si hai algunha xustificación, no caso do crecemento racional trátase de medo ao cambio, prexuízo, obstinación e mentalidade de rabaño. Afrontar os próximos retos será enormemente difícil (poida que tanto como gañar a Segunda Guerra Mundial) e requirirá ata o último alento do vello espírito loitador americano. O SPAN encarna o espírito derrotista, que ameaza con afogar o país se non llo impedimos.»<sup>139</sup>

Algunhas cidades supostamente verdes, como Denver, en realidade están a reducir a densidade de barrios enteiros, incrementando así as súas emisións de GEI de exclusión como consecuencia dun uso máis frecuente do automóbil na rexión.<sup>140</sup> Así mesmo, é pouco habitual que os programas de zonificación locais utilicen o seu control sobre a orientación e o deseño das parcelas na regulamentación da construción para promover a enerxía solar ou calquera outra fonte de enerxía renovable.<sup>141</sup> Nalgunhas zonas, a instalación e explotación de aerogeradores e as súas instalacións auxiliares poden estar prohibidas pola zonificación local nunha comunidade enteira.<sup>142</sup> A propia rede eléctrica do país necesita unha modernización urxente, posto que resulta inadecuada para as necesidades das enerxías renovables debido, en parte, á oposición local do SPAN á ampliación ou substitución das infraestruturas. A realidade é que nalgunhas zonas do país se está a paralizar a implantación de enerxías limpas, como as turbinas eólicas, que representan un investimento de capital de centos de millóns de dólares, debido, en parte, á falta de capacidade da rede eléctrica.<sup>143</sup> Trátase dun problema nacional que, previsiblemente, irá a peor, xa que a inaxeitada rede eléctrica estadounidense poderíalle afectar de modo significativo ao investimento en tecnoloxías enerxéticas renovables (as enerxías eólica e solar producen actualmente menos dun 1 % da enerxía consumida neste país).<sup>144</sup>

É de esperar que a reforma dos programas locais de xestión do crecemento e planificación urbanística se centren cada vez máis na creación de posibles formas de marcos políticos de ámbito rexional e metropolitano co fin de abordar os problemas relativos ao desenvolvemento sustentable. Analicemos, por exemplo, o recente informe sobre políticas vinculadas ao cambio climático emitido pola Asociación Americana de Planificación, que algúns consideran defensora dos dereitos locais: o informe demanda unha nova lexislación federal e estatal para a creación de políticas, programas e normas, así como para a priorización de fondos destinados a mitigar as emisións de GEI e a promover un desenvolvemento de maior densidade, uso



mixto e menor dependencia do automóbil.<sup>145</sup> Se ben é certo que se trata dun informe preciso en canto aos cambios específicos nas competencias institucionais, a súa mensaxe fundamental é clara: «a coordinación rexional será necesaria para cumprir os esixentes obxectivos de redución das emisións de GEI, que non será posible mediante as accións acometidas por instancias ou comunidades individuais. Ademais, calquera acción que afecte os valores ou investimentos rexionais será máis eficaz se resulta de iniciativas e acordos tamén rexionais. Os programas e plans con visión rexional crean excelentes oportunidades para o peche de acordos de acción encamiñados a combater o cambio climático e establecer obxectivos en consonancia coa planificación coordinada para o desenvolvemento rexional e o investimento en infraestruturas. Os sistemas e organismos gobernamentais poden ser de gran valor para o desenvolvemento e execución de medidas integradas para a mitigación do cambio climático e a adaptación a el.»<sup>146</sup>

Parece claro que o avance cara a formas de desenvolvemento máis sustentables nas nosas áreas metropolitanas require nada menos que unha política de planificación urbanística rexional eficiente, coordinada e integrada. Neste sentido apuntan recentes informes da Brookings Institution<sup>147</sup>, o Instituto de Territorio Urbano<sup>148</sup>, Creceamento Intelixente en América<sup>149</sup> e outras organizacións, que destacan unha maior concienciación respecto ao feito de que a creación de áreas metropolitanas prósperas e sustentables demandará unha reforma da zonificación local e a creación de novos marcos de cooperación rexionais.<sup>150</sup>

Así pois, parece sensato avaliar os beneficios potenciais da concepción de novos marcos xurisdiccionais ou acordos de coordinación rexionais que deixen os detalles do planeamento e a zonificación urbanos baixo o control das institucións locais, pero que (as cousas como son) esixan que as decisións locais sexan acordos coas políticas e plans de creceamento sustentable rexionais. Quizais sexa o momento de impulsar outra proposta de Revolución Silenciosa no referente ao control sobre o uso do chan, semellante á que se propuxo neste país hai case 40 anos.<sup>151</sup> Xa se puxeron en práctica diversos modelos e hai moito que aprender da primeira xeración de «áreas de importancia crítica» e organismos de «planificación costeira» rexionais creados polos estados, así como das comisións consultivas de planificación rexional ou dos éxitos e fracasos dos institutos de transporte e os consellos de goberno rexionais.<sup>152</sup>

De feito, neste país existe unha tradición respectada, aínda que accidentada e talvez menosprezada, no tocante a planificación rexional, que se remonta á era do *New Deal*.<sup>153</sup> Pois ben, aínda que é certo que os norteamericanos tenden a opoñerlle resistencia ao rexionalismo no que atinxe á planificación urbanística, quizais a única idea que hoxe resulta máis desatinada que a da «planificación rexional» é a de que seremos capaces de enfrontarnos con seriedade aos nosos problemas de desenvolvemento urbano sen contar con acordos de goberno rexionais sensatos e sustentables.<sup>154</sup>

En todo caso, o control local sobre a planificación urbanística neste país nunca estivo libre da intervención estatal e federal. En efecto, só no ámbito federal, a lexislación prevalece, en maior ou menor medida, á zonificación local nunha serie de cuestións, entre as que se contan certos proxectos relacionados coa enerxía, vivendas para minusválidos, normas de montaxe de vivendas prefabricadas, usos relixiosos do chan e certos tipos de servizos de telecomunicacións.<sup>155</sup> No ámbito estatal, os tratados lexislativos de zonificación sobre a materia achegan unha longa lista de actividades e usos do chan ordenados alfabeticamente, que están sometidos ao control total ou parcial da lexislación estatal en determinados estados e



que van desde distintos tipos de vivendas alcanzables ata cemiterios, centros infantís, agricultura, vertedoiros, minaría, accesibilidade por estrada, escolas e servizos públicos.<sup>156</sup>

Seguramente se pode dicir que os gobernos estatal e federal foron tan fortes como crearon necesario, nun momento dado, para atallar o abuso dos controis de zonificación locais. Pode que niso radique o futuro da reforma do planeamento e a zonificación locais, e pode tamén que Janice Griffith tivese razón cando observaba, hai uns anos, que «no século XXI se producirá unha transformación das cidades e rexións periféricas a medida que a cidadanía responda aos retos políticos, económicos, igualitarios e ambientais formulados polo crecemento rápido e continuado ao que se enfrontarán moitas áreas metropolitanas.»<sup>157</sup> Outro informe recente alude a unha crecente «tormenta perfecta» de apoio neste país ao que podería ser exactamente este tipo de cambio na planificación urbanística.<sup>158</sup> O necesario aquí é un marco de desenvolvemento sustentable coordinado rexionalmente para a planificación urbanística local,<sup>159</sup> o cal non é, en absoluto, un asunto menor. Os problemas aos que nos enfrontamos son de alcance rexional, xeneralizados, graves e seguen empeorando.<sup>160</sup>

O novo acordo rexional ao que nos referimos non ten que sumir necesariamente aos promotores nun proceso de autorización legal máis longo, complexo e custoso do habitual. Antes o contrario, a reforma dos controis de competencias locais debería levar sempre consigo a creación de normas e procedementos máis transparentes co fin de garantir a aprobación das obras, especialmente nas áreas designadas de crecemento. Esta clase de reforma procedimental reduciuse, polo xeral, a unha promesa incumplida do Crecemento Intelixente.<sup>161</sup> Os construtores e outros integrantes dos círculos da construción aceptarán de bo grao a mencionada reforma, posto que boa parte (se non a maioría) das promocións previstas para os próximos anos poderían ser de recheo e de redesenvolvemento, isto é, obras impredecibles habitualmente entorpecidas por unha morea de atrasos, vistas xudiciais e novas demandas de natureza SPAN.<sup>162</sup>

Non hai dúbida de que este non é o foro apropiado para debater o conxunto de posibles obxectivos, políticas e normas de desenvolvemento sustentable para tal distribución de competencias, pero cabe polo menos mencionar que a literatura sobre o tema da planificación urbanística e o desenvolvemento sustentable é tan sorprendente como reflexiva, e vai en aumento tanto no noso país coma no resto do mundo.<sup>163</sup> As políticas rexionais deben achegarlle un marco de obxectivos, directrices e normas acordes co desenvolvemento sustentable ao proceso de toma de decisións rexional e local. Tal marco deberá, con todo, tratar de permitir certo grao de flexibilidade e innovación para as iniciativas, programas e experimentos locais, sempre conforme aos obxectivos fixados. A lexislación proposta recentemente en California constitúe un primeiro paso nesta dirección.<sup>164</sup> A devandita lexislación, que conta co apoio de moitos dos promotores e grupos ambientais do estado, condiciona os fondos estatais e federais para o transporte á aprobación de plans de desenvolvemento urbano rexionais para a adopción de estratexias de desenvolvemento de maior densidade e máis enfocadas ao transporte público.<sup>165</sup> As comisións de planificación rexional son responsables da revisión e da creación de plans de ámbito metropolitano para impulsar os obxectivos referentes ás emisións de GEI estatais e rexionais.<sup>166</sup>

Aínda que as normas de planificación e deseño urbanísticos para a ampliación das opcións de transporte público locais e rexionais, así como para a aplicación de preceptos e códigos de construción ecolóxicos son de vital importancia, hai outros asuntos asociados ao desenvolvemento sustentable igualmente transcendentais que poderían beneficiarse da aplicación

de políticas de xestión do crecemento coordinadas a escala rexional. Nos próximos anos cobrará maior significado a planificación de sistemas de enerxía alternativos, o transporte público intermodal, a seguridade alimentaria rexional, a subministración e tratamento da auga, as redes urbanas ecolóxicas de climatización, a reciclaxe e tratamento de residuos, o transporte de mercadorías rexional, o deseño de redes de parques e sumidoiros de carbono verdes, ou a preparación de soares para unha construción ecolóxica.<sup>167</sup> Todas as intervencións anteriores poderían beneficiarse en boa medida da prestación de apoio técnico, financiamento, planificación e obxectivos coordinados a escala rexional. Malia que haberá poucas solucións implantadas desde arriba que se axusten a todas as rexións urbanas, as áreas metropolitanas enfróntanse a problemas dunha envergadura que requirirá a transformación do noso mundo metropolitano ao longo da primeira metade deste século e é pouco probable que as comunidades illadas sexan quen de levala a cabo sen o apoio e a cooperación das súas rexións.<sup>168</sup>

A presenza dun contexto rexional evitará que espertemos dentro duns anos nun mundo de atoamentos de coches eléctricos insustentables, con vivendas dispersas alimentadas con enerxía solar tamén insustentables, unha infraestrutura de estradas e servizos colapsada, ou unha área metropolitana sen unha subministración dispoñible e alcanzable de auga potable, enerxía ou alimentos. Temos que elaborar unha política de xestión do crecemento que non afronte os futuros puntos clave do proceso a través de intervencións masivas e desesperadas concibidas ad hoc para situacións críticas. Dificilmente seremos ricos ou sensatos dabondo, nin contaremos coa cohesión social suficiente para que un enfoque destas características funcione.

Para establecer este novo marco rexional para as políticas de planificación urbanística e desenvolvemento ecolóxico sustentables será necesaria a elaboración de normas de aplicación nacionais e estatais. Claro está que para a posta en marcha do devandito marco xurisdiccional metropolitano son posibles diversos acordos institucionais, pero hase de ter en conta, reforzar, financiar e integrar a política habitual de pau e cenoria asociada ao financiamento de infraestruturas, transporte, planificación urbanística e outros programas de asistencia estatais e federais. Así mesmo, deberíanse tomar en consideración os modelos institucionais de ámbito federal máis directos en canto a acordos de aplicación rexionais ou estatais que actualmente abordan outras cuestións ambientais como a contaminación da auga ou a minaría de superficie. Parece que si se aprecia, polo menos, o principio dun espertar no noso país respecto á importancia desta empresa e á necesidade de concibir solucións rexionais para tales problemas metropolitanos.<sup>169</sup>

## 6. CONCLUSIÓN

A pesar do debate existente no noso país sobre a sustentabilidade e o desenvolvemento ecolóxico, viñémoslle dando continuidade a un paradigma de crecemento de baixa densidade e dependente do automóbil que está en clara disonancia coa realidade económica, enerxética e ambiental do século XXI.<sup>170</sup> A recente caída dos mercados económico e inmobiliario nos EUA podería ser para ben, na medida en que nos proporciona un alto para reflexionar sobre o crecemento futuro das nosas áreas metropolitanas. A dicir verdade, atopámonos en rumbo de colisión cunha crúa realidade e non parece haber respostas políticas doadas ou solucións tecnolóxicas factibles no horizonte próximo para os problemas de desenvolvemento sustentable deste país.<sup>171</sup>

A xestión pública da construción nos EUA ao longo da maior parte do século XX resultou ser un cúmulo de despropósitos.<sup>172</sup> Hipotecamos o futuro dos nosos fillos no deseño da nosa paisaxe e ignoramos as advertencias relativas á sustentabilidade das nosas áreas urbanas en favor do consumo e as comodidades a curto prazo. Hoxe en día, é preciso que o debate sobre a forma de xestionar as necesidades da construción se afaste do falso problema de idear políticas para apoiar e subvencionar preferencias individuais que levan consigo custos externos inmensos e insustentables. As nosas políticas de planificación urbanística neste século deben centrarse no trazado e aplicación de estratexias de crecemento que lles proporcionen aos habitantes deste país opcións de transporte e vivenda que sexan, ao mesmo tempo, sustentables e alcanzables.

A presenza de maiores densidades que se espera para as áreas metropolitanas estadounidenses nos próximos anos encerra o potencial necesario para afrontar moitos dos nosos problemas de desenvolvemento sustentable, pero as solucións soamente chegarán se este novo desenvolvemento obedece a unha política de deseño ecolóxica que proporcione opcións de vida libres de automóbiles e avaladas polo transporte público. As normas e políticas de planificación urbanísticas deberían orientar o crecemento novo cara a núcleos urbanos designados como intensivos dentro dunha rexión e con densidades que lles permitan a moitos (se non á maioría) dos seus residentes vivir, traballar, comprar e divertirse neles sen necesidade de utilizar o coche. A adopción e financiamento de políticas de crecemento para as áreas metropolitanas a través de acordos de goberno rexionais coordinados pode ser a nosa mellor aposta (ou quizais a única) para construír un futuro sustentable. Trátase dunha empresa colosal e pode que xa cheguemos tarde ao reto.<sup>173</sup>

## Notas

---

\* © 2008 Edward H. Ziegler

\*\* Este artigo está baseado na presentación do autor «Xestión do crecemento megapolitano e desenvolvemento local no século XXI» no congreso internacional *Antítese aparente: desenvolvemento local e globalización*, celebrado na Universidade de Trento (Italia) o 10 de outubro do 2008. O autor desexa expresar o seu agradecemento aos estudantes de dereito Alison Davis, Ben Larson e Katy Michaelis pola súa axuda na investigación e na edición do presente artigo.

1 DROEGE, P. 2006. *The Renewable City: A Comprehensive Guide to an Urban Revolution*. Londres: Wiley (131).

2 THE BROOKINGS INSTITUTION. 2008a. *Blueprint for American Prosperity*. Washington, DC: Brookings Institution. Dispoñible en <http://www.brookings.edu/projects/blueprint/publications.aspx>, 15-10-2008.

3 272 U.S. 365 (1926).

4 Véxase DROEGE, P. (ed.) 2008. *Urban Energy Transition: From Fossil Fuels to Renewable Power. Emphasizing the Need for a Regional Approach to Urban Sustainable Development Issues*. Amsterdam: Elsevier.

5 BROOKINGS INSTITUTION. 2008. *MetroPolicy: Shaping a New Partnership for a Metropolitan Nation* (4). Dispoñible en [http://www.brookings.edu/~media/Files/rc/reports/2008/06\\_metropolicy/06\\_metropolicy\\_fullreport.pdf](http://www.brookings.edu/~media/Files/rc/reports/2008/06_metropolicy/06_metropolicy_fullreport.pdf)

6 *Id.* (6).

7 LANG, R. E. e A. C. Nelson. 2007. «The Next 100 Million», *Planning*, 01/2007 (4).

8 LANG, R. E. e A. C. Nelson. 2007. «America 2040: The Rise of the Megapolitans», *Planning*, 01/2007 (7) («As áreas megapolitanas representan unha concentración mesmo maior da riqueza e a capacidade produtiva do país. As dez grandes áreas metropolitanas máis opulentas corresponden ás megápoles, igual que a maior parte dos grandes aeroportos e portos. As megápoles constitúen zonas clave a través das cales os EUA se integran na economía global. A proba é que resulta practicamente imposible voar ao estranxeiro sen facer antes escala nun aeroporto megapolitano.» [N. da T.]).

9 Véxase, p. ex., BARNETT, J. (ed.). 2007. *Smart Growth in a Changing World*. Washington, DC: American Planning Association.

- 10 Végase p. ex., PORTNEY K. E. 2003. *Taking Sustainable Cities Seriously: Economic Development, the Environment, and Quality of Life in American Cities*. Cambridge, MA: The MIT Press; SILBERSTEIN, J. e C. Maser. 2000. *Land-use Planning for Sustainable Development*. Boca Ratón, FL: CRC Press LLC; TAMAGAWA, H. (ed.). 2006. *Sustainable Cities: Japanese Perspectives on Physical and Social Structures*. Tokio: United Nations University Press.
- 11 Végase p. ex., BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9; DROEGE, P. (2006), *supra* nota 1; EWING, R. et al. 2008. *Growing Cooler: The Evidence on Urban Development and Climate Change*. Washington DC: Urban Land Institute. Végase tamén CHEEVER, F. et al. 2006. «What Will it Take for a Really Green Denver?», *Denver Post*, 30/06/2006. Dispoñible en [http://www.denverpost.com/perspective/ci\\_4104578](http://www.denverpost.com/perspective/ci_4104578) «Un desenvolvemento de alta densidade ben planificado pode crear un rico tecido de usos mixtos, un amplo abano de opcións de transporte para todas as idades e un alto valor das vivendas. Seremos máis felices, máis sans, máis ricos, máis eficaces e máis ecolóxicos se hai máis persoas por quilómetro cadrado.» [N. da T.].
- 12 O termo alude á oposición que xera en determinados cidadáns a instalación na súa contorna inmediata de certos dispositivos ou actividades potencialmente perigosas ou molestas. A expresión empregada en inglés é «NIMBY» (literalmente, «non no meu patio traseiro») [N. da T.].
- 13 Végase p. ex., BEATLEY, T. 1999. *Green Urbanism: Learning from European Cities*. Washington DC: Island Press (3-4); DROEGE, P. (ed.) 2008. *Urban Energy Transition: From Fossil Fuels to Renewable Power*. Amsterdam: Elsevier; ZIEGLER, E. H. 2008a. «China's Satellite Cities, Regional Growth, and Sustainable Development - Urban Planning, Energy, and the Automobile», M. Keiner (ed.). *Sustainable Urban Development in China: Wishful Thinking or Reality?* Münster: Monsenstein and Vannerdat (51); MOGGE, J. 2008. «Masdar City: Test Site for Living Without Cars», Q. Planet, 07/2008 (4); NORMILE, D. 2008. «China's Living Laboratory in Urbanization», *Science*, vol. 319 (740); PEIRCE, N. 2007. «Plan or Be Engulfed: Harsh Lesson for World Cities», *Nation's Cities Weekly*, 06/08/2007 (2); ZIEGLER, E. H. 2006a. «Developing Greener Cities in China», *Urban Land*, 02/2006 (48).
- 14 BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9 (33): «Ademais das súas consecuencias ambientais, o uso do chan de forma dispersa ten un profundo impacto económico, que pode ocasionar dificultades para a sustentabilidade da competitividade estadounidense nas próximas décadas. Os apuros que atravesa a economía norteamericana maniféstanse de diversas maneiras, que van desde a estreiteza de orzamentos municipais e familiares ata a redución da produtividade dos traballadores.» [N. da T.].
- 15 Végase BROOKINGS INSTITUTION (2008), *supra* nota 5; CALTHORPE, P. e W. Fulton. 2001. *The Regional City*. Washington DC: Island Press; BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9: «A dispersión imponlles custos moi elevados ás comunidades, mentres que os controis locais sobre o crecemento resultan pouco eficaces á hora de paliar os seus inconvenientes. Así as cousas, a ausencia dunha coordinación rexional do crecemento pode resultar prexudicial para unha comunidade e para os seus barrios, ao tempo que tal desleixo incrementa a dispersión no conxunto da rexión.» [N. da T.]. Végase tamén JACKSON, K. J. 2003. «The Need for Regional Management of Growth: Boulder, Colorado as a Case Study», *Journal of Urban Law*, vol. 37 (299, 317): «Algúns defensores da regulamentación rexional manteñen que o actual sistema de regulamentación local "conduce a unha traxedia dos comúns no seo dunha área metropolitana". Tendo en conta que os controis locais teñen vixencia nunha única xurisdición, foméntase a dispersión "ao obrigarse os promotores a poñer a mira en espazos verdes cada vez máis afastados do núcleo urbano". No exemplo de Boulder (Colorado), os esforzos da cidade por restrinxir o desenvolvemento co fin de prever a dispersión dentro dos seus límites urbanos fixo que as comunidades veciñas se afanen por atraer o devandito desenvolvemento, fomentando así a dispersión no conxunto da rexión.» [N. da T.].
- 16 FLORIDA, R. 2008. «The Rise of the Mega-Region», *Wall Street Journal*, 12/04/2008 (A8) [N. da T.]. Végase tamén ZIEGLER, E. H. 2008b. «American Cities, Urban Collapse, and Environmental Doom», *Planning & Environmental Law*, vol. 60 (7, 9): «A planificación urbanística hoxe en día non é xa un asunto puramente local, senón máis ben un conflito legal-estrutural de competencias proporcional á magnitude dos problemas rexionais e globais que haxa que abordar en cada caso. Por un ou outro motivo, aos gobernos locais dáselles estupendamente dar discursos sobre este tema, pero fatal poñelos en práctica. Por iso, o seu liderado nesta materia debe someterse ás políticas de desenvolvemento ecolóxico nacionais e estatais.» [N. da T.].
- 17 Végase EWING, R. et al., (2008), *supra* nota 11. Végase tamén ZIEGLER, E. H. (2008b), *supra* nota 16 (8): «Un desenvolvemento de maior densidade e menos dependente do automóbil non só é ecolóxico, senón que resulta a cada paso máis adecuado desde o punto de vista económico, tendo en conta que neste século camiñamos cara á construción dun futuro sustentable, e ademais, dará lugar á creación de cidades norteamericanas de categoría mundial. Afortunadamente, o sector do mercado inmobiliario residencial que crece a maior velocidade é, precisamente, o das promocións de maior densidade, uso mixto e menor dependencia do automóbil. Non cabe dúbida de que o descenso da dispersión incrementa as opcións privadas con respecto a estilo de vida, gastos e transporte, opcións que as autoridades deben facilitar e nunca limitar. Por outra banda, o mencionado descenso debe ir da man da adopción de políticas que reflectan os custos humanos, ambientais e enerxéticos reais da dispersión» [N. da T.].
- 18 Végase, en xeral, CALTHORPE, P. 1995. *The Next American Metropolis: Ecology, Community and the American Dream*. Princeton, NJ: Princeton Architectural Press (9); DUANY, A. et al. 2000. *Suburban Nation: The Rise of Sprawl and the Decline of the American Dream*. Nova York, NY: North Point Press (4); FISHMAN, R. 1987. *Bourgeois Utopias: The Rise and Fall of Suburbia*. Nova York, NY: Basic Books (16-17); GARREAU, J. 1991. *Edge City: Life on the New Frontier*. Nova York, NY: Anchor; KUNSTLER, J. 1993. *The Geography of Nowhere: The Rise and Decline of America's Man-Made Landscape*. Nova York, NY: Simon & Schuster (10); BURCHELL, R. W. 1999. «The Evolution of the Sprawl Debate in the United States», *Hastings Westh-Northwest Journal of Environmental Law and Policy*, vol. 5, n.º 2 (137); GALLAGHER, P. 2001. «The Environmental, Social and Cultural Impacts of Sprawl», *Journal of Natural Resources and Environment*, vol. 5 (219); LEWYN, M. 2000. «Suburban Sprawl: Not Just an Environmental Issue», *Marquette Law Review*, vol. 84 (301); ORTIZ, F. 2002. «Biodiversity, the City and Sprawl», *Boston University Law Review*, vol. 82, n.º 1 (145).
- 19 Végase EUROPEAN SPATIAL PLANNING - ADAPTING TO CLIMATE EVENTS. 2007. *Planning in a Changing Climate: The Strategy* (1). Dispoñible en <http://www.espace-project.org/part1/publications/SPACE%20Stategy%20Final.pdf>; VICTOR, D. G. 2004. *Climate Change: Debating America's Policy Options*. Nova York, NY: Council of Foreign Relations (1).
- 20 Végase ENERGY INFORMATION ADMINISTRATION. 2007. *Annual Energy Review 2007* (9). Dispoñible en <http://www.eia.doe.gov/emeu/aer/pdf/aer.pdf>; PODOBNIK, B. 2006. *Global Energy Shifts: Fostering Sustainability in a Turbulent Age*. Filadelfia, PA: Temple University Press.

- 21 BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9 (25-27): «Un efecto secundario inevitable do consumo de combustibles fósiles derivado da crecente dependencia do automóbil son as emisións de dióxido de carbono, un potente gas de efecto invernadoiro. Segundo datos dos departamentos de transporte e enerxía federais, o transporte nos EUA orixina máis de 450 millóns de toneladas métricas de dióxido de carbono ao ano, o que supón ao redor dun terzo do total das emisións de carbono no país. O devandito total aumenta a unha taxa media aproximada do 1 % anual, mentres que as fontes de emisión relacionadas co transporte medran arredor dun 20 % máis rápido ca o total. Ademais, as emisións de carbono per cápita nos EUA ascenden case ao dobre que en Europa.» [N. da T.].
- «Aínda que os avances en tecnoloxías relacionadas cos vehículos e os combustibles poden ser de utilidade, a planificación do uso do chan e do transporte encamiñada a reducir a demanda de vehículos resulta fundamental, especialmente á vista do crecemento demográfico, para a consecución destes obxectivos.» FRANK, L. *et al.* 2007, «The Urban Form and Climate Change Gamble», *Planning*, 08-09/2007 (18-19) [N. da T.].
- 22 *Id.*
- 23 ZIEGLER, E. H. (2008b), *supra* nota 16.
- 24 *Id.*
- 25 EWING, R. *et al.* (2008), *supra* nota 11 (21); BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9 (22): «Existen unha serie de preocupantes tendencias adicionais asociadas ao aumento no uso de vehículos durante as últimas décadas e todas elas apuntan a unha menor eficiencia nos modelos de desprazamento. Entre elas atópase un incremento na lonxitude media dos desprazamentos, un aumento no número de desprazamentos mediante vehículos realizados por persoa e por fogar anualmente, un descenso en todas as modalidades de desprazamento a excepción do uso do coche por un único ocupante, e unha diminución do número medio de pasaxeiros por vehículo.» [N. da T.].
- 26 EWING, R. *et al.* (2008), *supra* nota 11 (23).
- 27 ROBERTS, P. 2004. *The End of Oil: On the Edge of a Perilous New World*. Nova York, NY: Houghton Mifflin.
- 28 EWING, R. *et al.* (2008), *supra* nota 11 (17); ZIEGLER, E. H. 2006b. «China's Cities, Globalization, and Sustainable Development: Comparative Thoughts on Urban Planning, Energy, and Environmental Policy», *Washington University Global Studies Law Review*, vol. 5 (295-313).
- 29 OFFICE OF HIGHWAY POLICY INFORMATION, U.S. DEPARTMENT OF TRANSPORTATION. 2000. *Our Nation's Highways* (11). Dispoñible en [http://www.fhwa.dot.gov/ohim/onh00/our\\_ntns\\_hwys.pdf](http://www.fhwa.dot.gov/ohim/onh00/our_ntns_hwys.pdf); ZIEGLER, E. H. (2006), *supra* nota 28 (307-08); DROEGE, P. (2006), *supra* nota 1 (61): «As cidades desempeñan un papel fundamental no consumo de combustibles fósiles e, ao mesmo tempo, teñen unha capacidade considerable para introducir importantes cambios nas políticas enerxéticas. De aí que o cambio climático garde unha estreita relación coas accións locais das comunidades urbanas e co modo en que constrúen e xestionan as súas infraestruturas, instalacións e contornos urbanos, así como co consumo que realizan e o tratamento dos residuos que xeran. Así mesmo, debido á súa natureza creada de forma colectiva e xestionada en profundidade, as cidades son tamén o elemento máis sensible da economía nacional e global. Por iso é esencial que as comunidades urbanas estean preparadas para os cambios que levarán consigo estes impactos ambientais globais e que sexan conscientes do seu poder e responsabilidade en canto á súa preparación para un cambio descontinuo, así como para desacelear e, en última instancia, deter o avance da deterioración ambiental global provocada polos combustibles fósiles.» [N. da T.].
- 30 AMERICAN SOCIETY OF CIVIL ENGINEERS. 2003. *Report Card for America's Infrastructure 2003 Progress Report: An Update to the 2001 Report Card* (7). Dispoñible en <http://www.asce.org/reportcard/pdf/fullreport03.pdf>.
- 31 KATZ, B. *et al.* 2008. «America's Infrastructure: Ramping Up or Crashing Down», *Conference Report*, n.º 21 (1). Dispoñible en [http://www.brookings.edu/~media/Files/rc/papers/2008/01\\_infrastructure\\_katz\\_puentes/01\\_infrastructure\\_katz\\_puentes.pdf](http://www.brookings.edu/~media/Files/rc/papers/2008/01_infrastructure_katz_puentes/01_infrastructure_katz_puentes.pdf); CONKEY, C. *et al.* 2007. «Bridge Collapse Could Spur Infrastructure Fixes», *Wall Street Journal*, 03/08/2007 (B1). Dispoñible en [http://online.wsj.com/article/SB118609911628386782.html?mod=hpp\\_us\\_whats\\_news](http://online.wsj.com/article/SB118609911628386782.html?mod=hpp_us_whats_news).
- 32 DROEGE, P. (ed.) (2008), *supra* nota 13 (215).
- 33 PUENTES, R. 2008. *A Bridge to Somewhere: Rethinking American Transportation for the 21<sup>st</sup> Century*. Dispoñible en [http://www.brookings.edu/~media/Files/rc/reports/2008/06\\_transportation\\_puentes/06\\_transportation\\_puentes\\_report.pdf](http://www.brookings.edu/~media/Files/rc/reports/2008/06_transportation_puentes/06_transportation_puentes_report.pdf).
- 34 Véxase WILGOREN, J. 2002. «Detroit Urban Renewal Without the Renewal», *New York Times*, 07/07/2002 (A10). Dispoñible en <http://query.nytimes.com/gst/fullpage.html?res=9F05E6DF1F31F934A35754C0A9649C8B63>.
- 35 Véxase OVERBERG, P. 2008. «Top 75 Cities Ranked by Population in USA», *USA Today*, 10/07/2008 (2 A) Dispoñible en [http://www.usatoday.com/printedition/news/20080710/a\\_cencitylist10.art.htm](http://www.usatoday.com/printedition/news/20080710/a_cencitylist10.art.htm).
- 36 MOE, R. 1996. «The National Trust for Historic Preservation», discurso presentado en *Growing Smarter Fighting Sprawl and Restoring Community in America*, 20/11/1996, Concello do Valle de San Joaquín, Fresno (California). Transcrición dispoñible en [http://www.smartgrowth.org/library/Richard\\_Moe.html](http://www.smartgrowth.org/library/Richard_Moe.html).
- 37 FEDERAL HIGHWAY ADMINISTRATION. 1997. *Highway Statistics Summary to 1995*, táboas Fi200, Fi201. Dispoñible en <http://www.fhwa.dot.gov/ohim/summary95/section5.html>; U.S. DEPARTMENT OF TRANSPORTATION. 2008. *Fatality Analysis Reporting System General Estimates System: 2006 Data Summary* (5). Dispoñible en <http://www-nrd.nhtsa.dot.gov/pubs/2006%20DATA%20Summary.pdf>; NATIONAL HIGHWAY TRAFFIC SAFETY ADMINISTRATION. 2008. *Traffic Safety Facts: 2007 Traffic Safety Annual Assessment - Highlights*. Dispoñible en <http://www-nrd.nhtsa.dot.gov/Pubs/811017.pdf>; ZIEGLER, E. H. (2008a), *supra* nota 13; FEDERAL ANALYSIS REPORTING SYSTEM (s.d.). *Encyclopedia, National Statistics: Table Updated with 2006 Final Data and 2007 Annual Data*. Dispoñible en <http://www-fars.nhtsa.dot.gov/main/index.aspx>.
- 38 BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9.
- 39 *Id.*
- 40 *Id.*; DROEGE, P. (2006), *supra* nota 1 (61).
- 41 Véxase TEDESCHI, B. 2003. «Cyber Scout: Monitoring Traffic», *New York Times*, 20/07/2003.

- 42 BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9.
- 43 ROBERTS, P. (2004), *supra* nota 27.
- 44 Véxase MINCZESKI, P. et al. 2008. «Tighter Spigots», *Wall Street Journal*, 03/01/2008 (A7).
- 45 BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9.
- 46 FELMY, J. (Economista Xefe do Instituto Americano do Petróleo). 2006. *Observacións ante a Asociación Estadounidense de Enerxía*, 17/01/2006. Transcrición dispoñible en <http://www.api.org/Newsroom/testimony/state-of-industry.cfm>.
- 47 Véxase PODOBNIK, B. (2006), *supra* nota 20; SMIL, V. 2003. *Energy at the Crossroads: Global Perspectives and Uncertainties*. Cambridge, MA: MIT Press; véxase tamén ZIEGLER, E. H. (2008b), *supra* nota 16 (8): «O economista Rudiger Dornbusch sinalou unha vez o seguinte: "A crise tarda moito máis tempo en chegar do que parece e despois prodúcese moito máis rápido do que se cre". Cada vez son máis os que se suman á idea de que a observación de Dornbusch pode resultar especialmente acertada en relación coas consecuencias da suba dos prezos do petróleo neste país. Talvez haxa unha lección oculta detrás da noticia de que os elevados prezos da enerxía neste ano deron lugar a revoltas urbanas en seis países de todo o mundo. Os xuros, a inflación, os investimentos estranxeiros, a debilidade do dólar e os fortes furacáns son variables que poderían acelerar o impacto da devandita suba de prezos neste país e provocar a chegada desta situación máis ben cedo ca tarde.» [N. da T.].
- 48 Véxase CUMMINS, C. 2006. «As Fuel Prices Soar, A Country Unravels», *Wall Street Journal*, 18-19/11/2006. Dispoñible en <http://online.wsj.com/article/SB116382622763227277.html>.
- 49 Véxase BERMAN, M. 2006. *Dark Ages America: The Final Phase of Empire*. Nova York, NY: W.W. Norton & Co.; ROBERTS, P. (2004), *supra* nota 27.
- 50 Véxase ZIEGLER, E. H. 2003. «Urban Sprawl, Growth Management and Sustainable Development in the United States: Thoughts on the Sentimental Quest for a New Middle Landscape», *Virginia Journal of Social Policy and the Law*, vol. 11, (26).
- 51 Véxase id.
- 52 Véxase id.; JACKSON, K. J. (2003), *supra* nota 15.
- 53 Véxase *Trumbull Falls, LLC contra a Comisión de Plan e Zonificación da Cidade de Trumbull*, 902 A.2d 706, 714-15 (Tribunal de Apelación de Connecticut, 2006).
- 54 Véxase CALTHORPE, P. e W. Fulton (2001), *supra* nota 15; DUANY, A. et al. (2000), *supra* nota 18.
- 55 DUANY, A. et al. (2000), *supra* nota 18 (139) [N. da T.].
- 56 BABCOCK, R. 1983. «The Egregious Invalidity of the Exclusive Single-Family Zone», *Land Use Law & Zoning Digest*, 07/1983 (4); DOWNS, A. 1995. *New Visions for Metropolitan America*. Washington D. C.: The Brookings Institution; FREILICH, R. H. 2000. *From Sprawl to Smart Growth: Successful Legal, Planning, and Environmental Systems*. Chicago, IL: American Bar Association.
- 57 Véxase ZIEGLER, E. H. (2003), *supra* nota 50.
- 58 Véxase id.
- 59 KUNSTLER, J. H. (1996). *Home from Nowhere*. Nova York, NY: Simon & Schuster (112): «Así, os habitantes da periferia abrazan o SPAN (Sí, Pero Aquí Non) e o CANCÁN (non Construír Absolutamente Nada Cerca de Absolutamente Ninguén). Se teñen éxito co SPAN, utilizan o goberno local para torturar os promotores (é dicir, aqueles que xeran crecemento) cun galimatías burocrático tras outro, de tal maneira que só un masoquista titulado solicitaría algún tipo de construción nese lugar. Finalmente, este crecemento non desexado dá o salto a terreos rurais máis distantes, libres e baratos (controlados por políticos fementos de impostos), de maneira que os novos habitantes da zona residencial que se desprazan a diario obstrúen, con todo, as estradas SPAN para chegar ao centro comercial da cidade SPAN.» [N. da T.].
- 60 Véxase KUNSTLER, J. H. (1996), *supra* nota 59; PORTER, D. R. 1999 «Reinventing Growth Management for the 21<sup>st</sup> Century», *William and Mary Environmental Law and Policy Review*, vol. 23 (705).
- 61 Véxase SELMI, D. P. e E. H. Ziegler. 2008 (3.<sup>a</sup> ed.). *Land Use Regulation: Cases and Materials*. Gaithersburg, MD: Aspen Publishers (57-59); JACKSON, K. J. (2003), *supra* nota 15; ZIEGLER, E. H. (2003), *supra* nota 50.
- 62 Véxase WHORISKEY, P. 2003. «Density Limits Only Add to Sprawl», *Washington Post*, 09/03/2003 (A01).
- 63 SILVER, D. 2003 «New Greens Focus Growth, not Fight it», *Growth / No Growth*, 03/2003.
- 64 Id.
- 65 GEDDES, R. 1997. «Metropolis Unbound: The Sprawling American City and the Search for Alternatives», *The American Prospect*, 11-12/1997 (40).
- 66 Véxase ZIEGLER, E. H. (2006a), *supra* nota 13 (8).
- 67 Véxase LANG, R. E. e A. C. Nelson (2007), *supra* nota 7; LANG, R. E. e A. C. Nelson (2007), *supra* nota 8.
- 68 Id.
- 69 Véxase ZIEGLER, E. H. (2006b), *supra* nota 28; véxase tamén EWING, R. et al. (2008), *supra* nota 11 (33): (citas omitidas): «Un artigo publicado recentemente no *Journal of the American Planning Association* comezaba coas seguintes palabras: "Máis da metade do contorno construído estadounidense que vexamos no ano 2025 non existía no 2000, o cal supón para os responsables da planificación unha oportunidade sen precedentes para remodelar a paisaxe". Entre 2005 e 2050, o número de unidades residenciais de todo tipo pode aumentar de 124 a 176 millóns, o que representa un incremento total de 52 millóns. Ademais, cada década substitúese arredor dun 6 % do stock de vivenda da década anterior, do cal uns dous terzos se constrúen sobre as mesmas parcelas e un terzo corresponde a novas unidades construídas noutros soares como consecuencia de cambios de uso do chan (é o caso, por exemplo, dun centro comercial que substitúe antigas vivendas, as cales se volven construír noutro lugar). Calculando o efecto acumulado, é posible que sexa necesario substituír completamente uns 37 millóns de vivendas mediante procesos de cambio de uso entre 2005 e 2050. Así, a suma de unidades residenciais novas e substituídas podería ascender a 89 millóns entre 2005 e 2050, é dicir, máis do 70 % do stock existente no 2005.» [N. da T.].



- 70 LANG, R. E. e A. C. Nelson (2007), *supra* nota 7; LANG, R. E. e A. C. Nelson (2007), *supra* nota 8.
- 71 OFFICE OF HIGHWAY POLICY INFORMATION, U.S. DEPARTMENT OF TRANSPORTATION (2000), *supra* nota 29 (10).
- 72 Véxase ZIEGLER, E. H. (2003), *supra* nota 50.
- 73 A restrición de densidade dunha unidade residencial por cada 14 hectáreas de terreo dáse nalgunhas áreas suburbanas en desenvolvemento. Por exemplo, o Condado de Boulder, en Colorado, impón a devandita restrición nas súas zonas agrícolas, algunhas das cales se atopan en plena traxectoria do desenvolvemento suburbano do noroeste de Denver. Véxase BOULDER COUNTY. 2007. *Zoning, Boulder County Land Use Code*, art. 4, § 4-100. Dispoñible en [http://www.bouldercounty.org/lu/lucode/pdf/Boulder\\_County\\_Land\\_Use\\_Code\\_Article\\_4.pdf](http://www.bouldercounty.org/lu/lucode/pdf/Boulder_County_Land_Use_Code_Article_4.pdf).
- 74 Véxase ZIEGLER, E. H. 2008c. *Rathkopf's The Law of Zoning and Planning*, vol. 1, §6:14 (6-22). Hyderabad: Thomson Reuters.
- 75 Véxase FRANK, L. D. *et al.* 2007. «The Urban Form and Climate Change Gamble: How Transportation and Land Development Affect Greenhouse Gas Emissions», *Planning*, 08-09/2007 (18-19); LANGDON, P. 2008a. «New Urbanists Step Up Their Progress Toward "Green" Design», *New Urban News*, 01-02/2008 (1, 4-7); LANGDON, P. 2007a. «LEED Aims to Set First National Standard for Neighborhood Design», *New Urban News*, 09/2007 (1); MILLARD-BALL, A. 2007. «Pollution Solutions: Reducing Emissions in Your Own City is an Important First Step in Helping the Globe», *Planning*, 08-09/2007 (10); PEIRCE, N. 2007, *supra* nota 13; Salzman, R. 2007. «Greenhouse Gurus: A Conversation with Two Experts on the Topic of the Day», *Planning*, 08-09/2007 (24); STEUTEVILLE, R. 2008a. «Commentary: Many Reasons to Go Green», *New Urban News*, 01-02/2008 (2).
- 76 Véxase SELMI, D. P. e Edward H. Ziegler (2008), *supra* nota 61; STEUTEVILLE, R. 2008b. «Cool Spots, Bright Idea», *Planning*, vol. 1, 01-02/2008 (3-4); ZIEGLER, E. H. (2006), *supra* nota 13.
- 77 Véxase ZIEGLER, E. H. (2006a), *supra* nota 13.
- 78 Véxase DROEGE, P. (2006), *supra* nota 1; EWING, R. *et al.* (2008), *supra* nota 11; NEW URBAN NEWS. 2005. «Urbanism Holds Promise for Reducing Energy Use», *New Urban News*, 07-08/2005 (3).
- 79 Véxase STEUTEVILLE, R. 2008. «Cutting CO2 by Keeping the Car Culture», *New Urban News*, 07-08/2008 (1); ZIEGLER, E. H. (2003), *supra* nota 50.
- 80 Véxase OVERBERG, P. (2008), *supra* nota 35.
- 81 Véxase *id.*
- 82 Véxase ZIEGLER, E. H. (2006a), *supra* nota 13; NATIONAL ASSOCIATION OF HOME BUILDERS. 2007. *Annual Housing Starts (1978-2007)*. Dispoñible en <http://www.nahb.org/generic.aspx?genericContentID=554>, 28-10-2008.
- 83 Véxase SELMI, D. P. e Edward H. Ziegler (2008), *supra* nota 60.
- 84 Véxase GARREAU, J. (1991), *supra* nota 18; LANGDON, P. 2008b. «Economic Turmoil Alters Development Landscape», *New Urban News*, 10-11/2008 (1); LEGAL TIMES. 2008. «Real Estate: A Special Report», *Legal Times*, 27/10/2008 (20).
- 85 Véxase RYBCZYNSKI, W. 1995. *City Life*. Nova York, NY: Touchstone; LANGDON, P. 2007b. «Capital Region Rail Stations are Fast Becoming Mixed-use Hubs», *New Urban News*, 07-08/2007 (1); PEDERSON, M. C. 2004. «Cities in the Digital Age: City Scholar Joel Kotkin Argues Against the Idea of an Urban Revitalization Panacea», *The Metropolis Magazine*, 01/2004. Dispoñible en <http://www.metropolismag.com/cda/story.php?artid=120>.
- 86 Véxase EWING, R. *et al.* (2008), *supra* nota 11.
- 87 Véxase *id.*; DOOLEY, T. 2002. «Downtown Living Remains Strong: Fueled by Childless Households, In-town Homes Prosper», *Realtor*, 01/11/2002. Dispoñible en <http://www.realtor.org/archives/indwatch200211252>.
- 88 Véxase EWING, R. *et al.* (2008), *supra* nota 11; GROWTH / NO GROWTH. 2008. «Energy Costs Forcing U.S. Lifestyle Changes», *Growth / No Growth*, 08/2008 (1); LANGDON, P. e R. Steuteville. 2007. «So Far, New Urban Projects Weather Downturn Better», *New Urban News*, 10-11/2007 (1).
- 89 Véxase GROWTH / NO GROWTH. 2008. «Energy Costs Push Families Back to Cities», *Growth / No Growth*, 07/2008 (1).
- 90 Véxase *id.*; LANGDON, P. 2005. «Density is Hot, Freeways are Not, in the New Los Angeles», *New Urban News*, 07-08/2005 (2).
- 91 Véxase LANGDON, P. (2005), *supra* nota 90; GROWTH / NO GROWTH (2008), *supra* nota 88; LANGDON, P. e R. Steuteville (2007), *supra* nota 87.
- 92 PEDERSON, M. C. (2004), *supra* nota 85.
- 93 Véxase CAMPOY, A. 2008. «With Gas Over \$4, Cities Explore Whether It's Smart to Be Dense», *Wall Street Journal*, 07/07/2008 (A1); LANGDON, P. e R. Steuteville (2007), *supra* nota 88; NEW URBAN NEWS (2005), *supra* nota 78.
- 94 Véxase GIULIANO, G. 2005. «The Weakening Transportation- Land Use Connection», *Access*, vol. 6 (3); O'TOOLE, R. 2003. *Vanishing Automobile Update No. 43: Rail Transit Won't Reduce Congestion*, 30/09/2003. Dispoñible en <http://ti.org/vaupdate43.html>.
- 95 Véxase BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9 (51-55); HINSHAW, M. 2007. *True Urbanism: Living in and near the Urban Center*. Chicago, IL: APA Planners Press; BODDY, T. 2005. «Insight: Vancouverism vs. Lower Manhattanism: Shaping the High Density City», *ArchNewsNow*, 20/09/2005. Dispoñible en <http://archnewsnow.com/features/Feature177.htm>; GRIMM, J. 2006. «New Urbanism or Same Old Sprawl?», *Santa Fe New Mexican*, 25/05/2006. Dispoñible en [http://www.freewmexican.com/story\\_print.php?storyid=44093](http://www.freewmexican.com/story_print.php?storyid=44093).
- 96 Véxase PUENTES, R. 2008, *supra* nota 33. «A creación de maiores densidades en zonas xa construídas facilitando transportes rápidos non pode supoñer custos adicionais en infraestruturas nin custos de entre 25 000 e 50 000 dólares por hectárea. O diñeiro aforrado ao non investir en infraestruturas na periferia metropolitana pode compensar de sobra o investimento en transportes rápidos.» [N. da T.]. BARNETT, J. (ed.) (2007), *supra* nota 9 (59).

- 97 Véxase LANGDON, P. (2008a) e (2007a), *supra* nota 75; OTOOLE, R. 2008. «Form Coalitions to Fight “Coercive Land-Use Planning”», *Growth / No Growth*, 06/2008 (1); GROWTH / NO GROWTH. 2008b. «Streetcar Plans Growing Across U.S.», *Growth / No Growth*, 09/2008 (1); CAMPOY, A. (2008), *supra* nota 92.
